



PROGRAMACIÓN DEPARTAMENTO ECONOMÍA

CURSO 2021/2022

PROFESORA

M^a Cristina Vázquez Vázquez

CONTIDO

- **Economía 4º ESO:** páxinas 3 - 36

- **Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial 4º ESO:** páxinas 37 - 67

- **Economía 1º Bacharelato:** páxinas 68 - 105

- **Economía da Empresa 2º Bacharelato:** páxinas 106 - 147

- **Anexos:** páxinas 148 - 157

PROGRAMACIÓN ECONOMÍA 4º ESO

CURSO 2021/2022

Índice

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.....	4
1.1. INTRODUCCIÓN.....	4
1.2. CONTEXTUALIZACIÓN.....	5
2. CONTRIBUCIÓN Ó DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.....	6
3. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS DE CURSO.....	8
3.1. OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA.....	8
4. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE.....	11
5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS.....	19
5.1. METODOLOXÍA NO CASO DE ENSINO SEMIPRESENCIAL.....	21
5.2. METODOLOXÍA ANTE O POSIBLE CONFINAMENTO POLA CRISE DA COVID.....	22
6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.....	23
7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.....	23
7.1. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO NO CASO DE ENSINO SEMIPRESENCIAL.....	25
7.2. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO ANTE A SUSPENSIÓN DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL POLA CRISE DA COVID.....	27
8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.....	28
9. ORGANIZACIÓN DO SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.....	29
10. ORGANIZACIÓN DOS PROCEDIMENTOS QUE LLE PERMITAN Ó ALUMNADO ACREDITAR OS COÑECEMENTOS NECESARIOS PARA CURSAR A MATERIA.....	29
11. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS.....	29
12. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	30
13. TRATAMENTO DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO.....	31
14. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	32
15. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN, MODIFICACIÓN DE PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.....	32
16. CONTRIBUCIÓN Ó PROXECTO LECTOR, Ó PLAN TIC E Ó PLAN DE CONVIVENCIA DO CENTRO.....	34

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

1.1. INTRODUCCIÓN.

A presente programación desenvólvese de acordo á Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE), que modifica á Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio de Educación (LOE) e a nivel estatal ó Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato, así como ó Decreto 86/2015, do 25 de xuño polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

O estudo e a formación en economía fanse absolutamente necesarios nun contexto globalizado, no que as relacións económicas son cada vez máis complexas.

Os problemas básicos que estuda a economía, son os derivados da propia sociedade na que nos atopamos. A consideración do comportamento económico das persoas na procura da satisfacción das súas necesidades, a produción e organización dos bens e os servizos necesarios, e a distribución dos recursos escasos facilitan a comprensión da realidade social. Deste xeito, ó estar presente en tódolos aspectos da nosa vida cotiá, calquera cidadán necesita coñecer as regras básicas que explican os acontecementos económicos e a linguaxe específica que é utilizada polos economistas e os medios de comunicación para analizar ditos feitos.

A inclusión desta disciplina no currículo da Educación Secundaria Obrigatoria permítelle ó alumnado adquirir unha visión máis ampla e detallada da sociedade actual e axúdalle a exercer a súa cidadanía cunha actitude reflexiva e consciente, facilitándolle a comprensión de problemas tales como a inflación, o desemprego, o esgotamento dos recursos naturais, o subdesenvolvemento, o consumismo, a distribución da renda, as consecuencias da globalización, etc. Con isto serán máis conscientes do seu papel actual na economía como consumidores, aforradores, contribuíntes e usuarios de bens e servizos públicos, así como da función que desenvolverán nun futuro como xeradores de renda.

O enfoque empregado pola economía na resolución dos problemas sociais distínguese das restantes ciencias sociais. Afonda no uso práctico de coñecementos matemáticos e estatísticos, aporta habilidades de comunicación oral e escrita para explicar e transmitir ideas e conclusións, con argumentos e evidencias empíricas, sentido da ética e respecto polo ser humano, así como unha intensa capacidade de traballo, tanto individual como en equipo.

A materia de Economía de 4º da ESO concíbese coma unha introdución o estudo da economía, do papel que desenvolve a ciencia económica na sociedade, e da importancia dos axentes económicos no funcionamento de dita sociedade.

Cunha carga lectiva de **3 sesións semanais**, a materia organízase ó redor de 6 bloques de contidos:

- *Bloque 1: "Ideas económicas básicas"* recóllense aspectos relativos ós principios económicos, á terminoloxía propia e á metodoloxía da ciencia económica.
- *Bloque 2: "Economía e empresa"* analízase o papel e o funcionamento dos/das axentes de empresas na economía.
- *Bloque 3: "Economía persoal"* está dedicado ó estudo da transcendencia das decisións económicas na vida das persoas.
- *Bloque 4: "Economía e ingresos e gastos do Estado"* repasa o papel estatal no funcionamento económico a través da análise dos seus ingresos e gastos.
- *Bloque 5: "Economía e tipos de xuro, inflación e desemprego"* repásanse os aspectos máis salientables da economía financeira e a súa repercusión na actividade económica e o nivel de emprego.
- *Bloque 6: "Economía internacional"* fai un breve repaso do funcionamento do sector exterior da economía con especial fincapé nas repercusións da integración económica e a globalización.

1.2. CONTEXTUALIZACIÓN.

O Centro no que se imparte a materia é un Instituto de Ensinanza Secundaria situado nos arredores de O Carballiño, no lugar de Mesego. A vila está emprazada ó noroeste da provincia de Ourense e conta cunha poboación de 14.089 habitantes (segundo

datos do IGE en base ó Padrón municipal de habitantes a 1 de xaneiro de 2020), configurándose como o segundo municipio máis poboado da provincia.

O IES acolle ó alumnado procedente dos centros adscritos: colexios de Primaria de Beariz, O Irixo, Boborás e Calvo Sotelo de O Carballiño. Deste último, está adscrito o alumnado que demanda o uso de comedor e transporte escolar gratuítos. Así mesmo, tamén se escolariza ó alumnado doutras zonas educativas como son Avión, Maside, San Amaro, Piñor, Cea e Dozón. O feito de que o alumnado proceda de varios concellos do rural e de diferentes centros educativos constitúe unha característica de diversidade.

Para o presente curso académico 2021-2022 a distribución do alumnado nos diferentes cursos e materias do Departamento especificase na seguinte táboa:

Materia	Curso	Sesións semanais	Nº alumnas/os	Nº grupos
Economía	4º ESO	3	33	2
Iniciación á actividade emprededora e empresarial	4º ESO	3	17	1
Economía	1º BAC	4	19	1
Economía da Empresa	2º BAC	4	19	1
Economía	1º BAC Adultos	1	3	1
Economía da Empresa	2º BAC Adultos	1	3	1

2. CONTRIBUCIÓN Ó DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.

O currículo da materia de Economía de 4º ESO contribúe á adquisición por parte do alumnado de distintas capacidades e habilidades, que segundo a LOMCE se concretan no desenvolvemento das seguintes competencias clave:

I. Competencia en Comunicación lingüística (CCL)

Está vinculada con prácticas sociais que lle permitan ó individuo comportarse como axente comunicativo. Así, a adquisición desta competencia vai permitirlle ó alumnado o exercicio activo da cidadanía, o desenvolvemento do espírito crítico e o respecto ós dereitos humanos. Nesta materia ponse de manifesto para que o alumno recoñeza

correctamente diferentes termos relacionados coa Economía, para explicar a diferenza entre economía normativa e positiva, para distinguir os diferentes sistemas económicos, para explicar a importancia dos impostos, os efectos da desigualdade da renda e os instrumentos empregados para a súa distribución, así como tamén para explicar e valorar as causas da inflación ou o desemprego.

II. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT)

Esta competencia implica a capacidade de aplicar o razoamento matemático para describir, interpretar e predicir distintos fenómenos, neste caso económicos. Utilizarase para analizar graficamente as posibilidades de producir, elaborar presupostos e interpretar gráficos relacionados con magnitudes como o tipo de xuro, a inflación ou o desemprego.

No referente á ciencia e tecnoloxía, tomarase conciencia da necesidade de alcanzar un desenvolvemento sostible, realizando actividades económicas que respecten o medio ambiente.

III. Competencia dixital (CD)

Implica o uso creativo, crítico e seguro das Tecnoloxías da Información e a Comunicación. A economía axudará á consecución desta competencia tendo en conta que a maior parte da información que se utiliza no ámbito económico se obtén de páxinas web. O alumnado utilizará tamén programas informáticos para a elaboración e representación de traballos.

IV. Competencia para aprender a aprender (CAA)

Resulta imprescindible para o aprendizaxe permanente e caracterízase pola habilidade para iniciar, organizar e persistir na aprendizaxe. En economía o mundo que estudamos é moi cambiante, polo que o alumnado deberá ser capaz de asimilar novos coñecementos e situacións co desenvolvendo desta competencia.

As destrezas que integran esta competencia evidéncianse na capacidade para coñecer as obrigas fiscais da empresa ou das familias, recoñecer a necesidade de ler todos e cada un dos documentos bancarios que se nos presenten e investigar os ámbitos de oportunidades de emprego.

V. Competencias sociais e cívicas (CSC)

Implican a habilidade para utilizar os coñecementos sobre as sociedades e interpretar os fenómenos sociais en diferentes contextos. O coñecemento dos efectos sociais e ambientais da empresas, o funcionamento básico dos impostos, a relevancia social do aforro e a inversión, o coñecemento dos efectos da desigualdade da renda, as causas do desemprego e as súas repercusións permitirán ó alumnado alcanzar as destrezas desta competencia.

VI. Competencia de sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)

Implica a capacidade de transformar ideas en actos. Nesta materia desenvolveranse as capacidades integradas nesta competencia a través dos seguintes contidos: as decisións básicas da economía, o coñecemento das relacións entre economías domésticas e empresas, a empresa e o empresario, as formas xurídicas das empresas, o risco e a necesidade de diversificación, e a capacidade de negociación.

VII. Competencia de conciencia e expresións culturais (CCEC)

Baséase no coñecemento crítico dos conceptos de democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e dereitos civís. Nun mundo tan globalizado, será necesario desenvolver un espírito aberto, positivo e solidario respecto a outras culturas que, cada vez máis, se van incorporando á nosa.

3. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS DE CURSO.

3.1. OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA.

Tal e como se establece no Decreto 86/2015, de 29 de xuño, a Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuizos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras

culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medioambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ó exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

4. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVAILABLE.

Bloque 1. Ideas económicas básicas.

Obxect.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consecución	Compet. clave
▪ a ▪ d ▪ f	▪ B1.1 Economía como ciencia: actividade económica e sociedade ▪ B1.2. Principios na toma de decisións económicas ▪ B1.3. Escaseza, elección e asignación de recursos. Custo de oportunidade.	B1.1	ECB1.1.1 Recoñece a escaseza de recursos e a necesidades de escoller e tomar decisións como as claves dos problemas básicos de calquera economía, e comprende que todas as eleccións supoñen renunciar a outras alternativas e que todas as decisións teñen consecuencias.	Explica a economía como ciencia social e os problemas básicos	▪ CCL ▪ CSC
			ECB1.1.2 Distingue formas de analizar e resolver problemas económicos, e identifica as súas vantaxes e desvantaxes e as súas limitacións.	Valora o impacto permanente das decisións económicas na vida das persoas.	▪ CAA ▪ CD
▪ f ▪ h ▪ o	▪ B1.4. O método na economía: modelos económicos ▪ B1.5. Fronteira de posibilidades de produción	B1.2	ECB1.2.1 Comprende e utiliza correctamente termos do área da economía	Identifica a terminoloxía económica básica e o uso dos modelos económicos	▪ CCL
			ECB1.2.2 Diferenza entre economía normativa e economía positiva	Identifica a terminoloxía económica básica e o uso dos modelos económicos.	▪ CAA ▪ CSC
			ECB1.2.3 Representa e analiza graficamente o custo de oportunidade mediante a fronteira de posibilidades de produción.	Interpreta fenómenos económicos mediante gráficos.	▪ CD ▪ CMCCT
▪ a ▪ f	▪ B1.6. As relacións económicas básicas e a súa representación	B1.3	ECB1.3.1 Representa as relacións que es establecen entre as economía domésticas e as empresas	Interpreta fenómenos económicos mediante gráficos.	▪ CMCCT ▪ CSC
			ECB1.3.2 Aplica razoamentos básicos para interpretar problemas económicos que proveñen das relacións económicas co entorno.	Valora a importancia das decisións económicas e a importancia do contorno	▪ CMCCT ▪ CSC

Bloque 2. Economía e empresa.

Obxect.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consecución	Compet. clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ e ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. A empresa e a/o empresaria/o. ▪ B2.2. Elementos, funcións e obxectivos da empresa. ▪ B2.3. Clases de empresas. ▪ B2.4. Formas xurídicas da empresa. 	B2.1	ECB2.1.1 Distingue as formas xurídicas das empresas e relacións coas esixencias de capital para a súa constitución e coas formas legais para cada tipo.	Describe os tipos de empresas e as formas xurídicas das empresas.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSIEE
			ECB2.1.2 Identifica e valora as formas xurídicas das empresas máis apropiadas en cada caso, en función das características concretas, aplicando o razoamento sobre clasificación de empresas.	Analiza cal é a forma xurídica máis apropiada para cada empresa.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CD
			ECB2.1.3 Distingue os tipos de empresas e de empresarios/as que actúan no seu contorno, así como a forma de interactuar co seu contorno máis próximo e os efectos sociais e medioambientais, positivos e negativos, que se observan.	Coñece os efectos positivos e negativos que teñen os diferentes tipos de empresas no seu entorno.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ f ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.5. Proceso produtivo e factores produtivos. ▪ B2.6. Sectores da actividade económica. 	B2.2	ECB2.2.1 Analiza os tipos de factores de produtivos e as relacións entre produtividade, eficiencia e tecnoloxía	Analiza as características principais do proceso produtivo.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSC
			ECB2.2.2 Identifica os sectores económicos, así como os seus retos e as súas oportunidades.	Analiza os diferentes sectores económicos e clasifica empresas no diferentes sectores.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.7. Fontes de financiamento das empresas. Novas formas de financiamento. 	B2.3	ECB2.3.1 Explica as posibilidades de financiamento das empresas e diferenza entre o financiamento externo e o interno, a curto ou a longo prazo, así como o custo de cada unha e as implicacións na marcha da empresa.	Identifica as fontes de financiamento das empresas.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT ▪ CD
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.8. Ingresos e custos da empresa: clasificación. ▪ B2.9. Resultados da empresa. 	B2.4	ECB 2.4.1 Distingue os ingresos e os custos dunha empresa, calcula o beneficio dunha empresa, calcula o seu beneficio ou a súa perda, aplicando razoamentos matemáticos, e interpreta os resultados.	Calcula os ingresos e os custos, así como o beneficio dunha empresa.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD

<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ e ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.10. Obrigas fiscais das empresas. 	B2.5	ECB2.5.1 Identifica os deberes fiscais das empresas segundo a súa forma xurídica e a actividade, e sinala o funcionamento básico dos impostos e as principais diferenzas entre eles.	Recoñece a importancia da obriga fiscal e coñece os impostos das empresas.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD
			ECB2.5.2 Valora a aportación que para a riqueza nacional supón a carga impositiva que soportan as empresas.	Recoñece a importancia do cumprimento das obrigas fiscais.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC

Bloque 3. Economía persoal.

Obxect.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consecución	Compet. clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Orzamento persoal. Control de ingresos e gastos. ▪ B3.2. Xestión do orzamento. Obxectivos e prioridades. 	B3.1	ECB3.1.1 Elabora un orzamento ou plan financeiro persoal, identificando os ingresos e os gastos integrantes, e realiza o seu seguimento.	Realiza un orzamento persoal distinguindo entre os tipos de ingresos e gastos.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CD ▪ CMCCT
			ECB3.2.2 Utiliza ferramentas informáticas na preparación e desenvolvemento dun orzamento ou plan financeiro persoal.	Manexa as TICs para realizar un orzamento persoal.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CD ▪ CMCCT
			ECB 3.2.3 Manexa gráficos de análise que permiten comparar unha realizada personalizada coas previsións establecidas.	Analiza mediante gráficos o seu orzamento persoal.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CD ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ d ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. Planificación económico-financiera: necesidades económicas nas etapas da vida. 	B3.2	ECB3.2.1 Comprende as necesidades de planificación e o manexo de asuntos financeiros ó longo da vida. Esa planificación vincúlase á previsión realizada en cada etapa, acordo coas decisións tomadas e a marcha da actividade económica nacional.	Recoñece a importancia da planificación ó longo da vida.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ e ▪ f ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4. Aforro e endebedamento. Os plans de pensións. ▪ B3.5. Risco e diversificación. 	B3.3	ECB3.3.1 Recoñece e explica a relevancia do aforro e o control do gasto.	Identifica as razóns polas que se debe aforrar e controlar o gasto.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSC
			ECB3.3.2 Analiza as vantaxes e desvantaxes do endebedamento, valorando o risco e seleccionando a decisión máis apropiada para cada momento.	Recoñece as vantaxes do aforro e do endebedamento, así como as desvantaxes.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSC

<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ e ▪ f ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.6. O diñeiro. ▪ B3.7. Contratos financeiros: contas e tarxetas de débito e crédito. ▪ B3.8. Relacións no mercado financeiro: información e negociación. ▪ B3.9. Implicacións dos contratos financeiros. Dereitos e responsabilidades das/dos consumidoras/es no mercado financeiro. 	B3.4	ECB3.4.1 Comprende os termos fundamentais e describe o funcionamento das contas na operativa bancaria.	Comprende os funcionamentos das contas bancarias e distingue os tipos.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT
			ECB 3.4.2 Valora e comproba a necesidade de interpretar as cláusulas dos contratos bancarios para coñecer os dereitos e deberes que se derivan delas, así como a importancia de operar en condicións de seguridade cando se empregan en procedementos telemáticos.	Analiza as cláusulas dos contratos bancarios.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CD
			ECB 3.4.3 Recoñece a capacidade de negociación coas entidades financeiras e analiza os procedementos de reclamación ante estas.	Analiza a posibilidade de negociación coas entidades financeiras e o procedemento de reclamación ante estas.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CAA
			ECB 3.4.4 Identifica e explica as modalidades de tarxetas bancarias, así como os elementos e os procedementos que garanten a seguridade operativa.	Distingue os tipos de tarxetas bancarias e as súas características.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ f ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.10. O seguro como medio para a cobertura de riscos. Tipoloxía de seguros. 	B3.5	ECB 3.5.1 Identifica, describe e clasifica os tipos de seguros segundo os riscos ou as situacións adversas nas etapas da vida.	Coñece o concepto de seguro e a súa finalidade.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CMCCT

Bloque 4. Economía e ingresos e gastos do Estado.

Obxect.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consecución	Compet. clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ e ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Orzamentos públicos: ingresos e gastos do Estado. 	B4.1	ECB 4.1.1 Identifica as vías de onde proceden os ingresos do Estado, así como as principais áreas dos gastos do Estado, e comenta as relacións.	Recoñece e analiza a procedencia das principais fontes de ingresos e gastos.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSC
		B4.1	ECB 4.1.2 Analiza e interpreta datos e gráficos de contidos económicos relacionados cos ingresos e gastos do Estado.	Interpreta gráficos.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD
			ECB4.1.3 Distingue nos ciclos económicos o comportamento dos ingresos e dos gastos públicos, así como os efectos que se poden producir ó longo do tempo.	Recoñece os compoñentes dos orzamentos públicos.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSC
			ECB 4.1.4 Describeo contido dos orzamentos públicos e argumenta a necesidade de prever os ingresos e os gastos, e controlar a súa execución.	Analiza a necesidade de prever e controlar os orzamentos públicos.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ e ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. A débeda pública e o déficit público. 	B4.2	ECB 4.2.1 Comprende e expresa as diferenzas entre os conceptos de débeda pública e déficit público, así como a relación que se produce entre eles.	Explica os conceptos de débeda pública e déficit público.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ e ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.3. Desigualdades económicas e distribución da renda. 	B4.3	ECB 4.3.1 Coñece e describe os efectos da desigualdade da renda e os instrumentos de redistribución desta.	Determina o impacto para a sociedade da desigualdade da renda.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT ▪ CSC
			ECB 4.3.2 Interpreta gráficos representativos da distribución da renda.	Estuda ferramentas de redistribución da renda.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CD

Bloque 5. Economía e tipos de xuro, inflación e desemprego.

Obxect.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consecución	Compet. clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ e ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Tipos de xuro. ▪ B5.2. Inflación. ▪ B5.3. Consecuencias dos cambios nos tipos de xuro e inflación. ▪ B5.4. Desemprego: clasificación e consecuencias. 	B5.1	ECB5.1.1 Describe as causas da inflación e valora as súas principais repercusións económicas e sociais.	Analiza a inflación e describe as súas causas.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC
			ECB5.1.2 Explica o funcionamento dos tipos de xuro e as consecuencias da súa variación para a marcha da economía.	Analiza os tipos de xuro e a súa influencia na economía.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT ▪ CSC
			ECB 5.1.3 Valora e interpreta datos gráficos de contido económico relacionados cos tipos de xuro, inflación e desemprego.	Interpreta datos e gráficos vinculados coas magnitudes de tipos de xuro, inflación e desemprego.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ e ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.5.Causas do desemprego e políticas contra o desemprego en Galicia. ▪ B5.6. Perspectivas da ocupación. 	B5.2	ECB5.2.1 Describe as causas do desemprego e valora as súas principais repercusións económicas e sociais.	Valora as causas do desemprego e as súas repercusións.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT ▪ CSC
			ECB5.2.2 Analiza os datos de desemprego en España e as políticas contra o desemprego.	Valora opcións de políticas macroeconómicas para facer fronte ó desemprego.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CSC
			ECB5.2.3 Investiga e recoñece camiños e tendencias do emprego.	Investiga sobre os viveiros de emprego.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CAA

Bloque 6. Economía internacional.

Obxect.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consecución	Compet. clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ e ▪ f ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.1. Globalización económica. ▪ B6.2. Comercio internacional. ▪ B6.3. Integración económica e monetaria europea. ▪ B6.4. Economía e ambiente: sustentabilidade. 	B6.1	ECB6.1.1 Valora o Grao de interconexión das economías de tódolos países do mundo e aplica a perspectiva global para emitir xuízos de valor.	Valora o impacto da globalización económica, do comercio internacional e dos procesos de integración económica na calidade de vida das persoas.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSC
			ECB 6.1.2 Explica as razóns que xustifican o intercambio económico entre países e que inflúen nel.	Analiza as razóns que xustifican o comercio internacional.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC
			ECB 6.1.3 Analiza e presenta acontecementos económicos contemporáneos no contexto da globalización e o comercio internacional.	Analiza situacións actuais da globalización.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CD ▪ CSC
		B6.1	ECB 6.1.4 Recoñece e enumera vantaxes e desvantaxes do proceso de integración económica e monetaria da Unión Europea.	Enumera as vantaxes e desvantaxes da UE.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CSC
			ECB 6.1.5 Reflexiona sobre os problemas medioambientais e a súa relación co impacto económico internacional, e analiza as posibilidades dun desenvolvemento sostible.	Reflexiona sobre o impacto económico e a súa relación cos problemas económicos.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSC

A temporalización das unidades didácticas é flexible, podendo modificarse en función das necesidades do alumnado.

Unidade didáctica	Nº de sesións (94)	Trimestre
1. Economía, a ciencia útil	8	1º
2. Produción e crecemento	8	
3. Mercados e empresa	8	
4. A empresa no seu contexto	8	
5. Planificación financeira	8	2º
6. Saúde financeira	8	
7. O diñeiro e ás súas formas	8	
8. Produción e prezos	8	
9. O mercado de traballo	8	3º
10. As contas do Estado	8	
11. O comercio internacional e a Unión Europea	7	
12. A globalización e os desequilibrios da economía mundial	7	

Tomando como referencia o calendario escolar para o ano 2021/2022, establecido na Orde do 19 de maio do 2021, no seguinte cadro recóllese a secuenciación dos diferentes bloques nos que se divide a materia ó longo do curso:

Bloque	1ºT	2ºT	3ºT
Bloque 1: Ideas económicas básicas	X		
Bloque 2: Economía e empresa	X		
Bloque 3: Economía persoal		X	
Bloque 4: Economía e ingresos e gastos do Estado		X	
Bloque 5: Economía e tipos de xuro, inflación e desemprego			X
Bloque 6: Economía Internacional			X

5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS.

Orientacións metodolóxicas

Por metodoloxía didáctica entendemos o conxunto de actividades e accións educativas que están organizadas e planificadas polo docente coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe dos estudantes.

O paradigma metodolóxico que orienta esta programación será o construtivismo, cunha metodoloxía que se adapte ás características do alumnado, favorecendo a capacidade de aprender de xeito autónomo, o traballo en equipo, promovendo a creatividade e o dinamismo e integrando os recursos das tecnoloxías da información e da comunicación na aprendizaxe.

Os principios básicos empregados para levar adiante este proceso de ensinanza-aprendizaxe serán entre outros:

- Partir do nivel do alumnado e dos coñecementos previos para favorecer a construción de aprendizaxes novas e significativas, ademais dunha memorización comprensiva, sinxela e produtiva.
- Promover unha visión global coordinada dos procesos produtivos nos que debe intervir o profesional.
- Propiciar situacións de aprendizaxe motivadoras e funcionais que teñan sentido e significado, e onde o alumnado actualice os seus coñecementos, favorecendo así a súa independencia.
- Organizar os contidos de forma ordenada e lóxica, para que o alumnado poida establecer relacións.
- Tratar de forma globalizada e integrada os distintos contidos.
- Integrar a teoría e a práctica.
- Fomentar un clima de cooperación nos traballos que favoreza a relativización dos puntos de vista, o incremento das aspiracións e do rendemento académico, o proceso de socialización, etc.

O desenvolvemento metodolóxico xeral das unidades de traballo será realizado do seguinte modo:

- Sondaxe inicial sobre os coñecementos previos.
- Presentación dos aspectos esenciais da unidade a través dun mapa conceptual.
- Lectura comprensiva dos epígrafes teóricos da unidade e explicación de conceptos básicos.
- Realización de actividades complementarias e de aplicación.
- Resolución de dúbidas e corrección de actividades e exercicios.
- Proba escrita.

Estratexias de ensino-aprendizaxe

Buscaremos realizar actividades variadas, innovadoras, motivadoras e significativas, que o alumnado poida relacionar con experiencias previas ou con coñecementos adquiridos anteriormente e que sexan actividades que poidan usar na súa vida real e cotiá.

As actividades serán pensadas para realizar, tanto en gran grupo, como en pequenos grupos e individualmente, dependendo do momento de desenvolvemento da unidade didáctica.

En definitiva, as actividades que levaremos a cabo son as seguintes:

- **Actividades de presentación:** estas actividades presentan os contidos a tratar ó alumnado e paralelamente intentan espertar o seu interese e a súa motivación, como por exemplo a lectura dalgunha noticia relacionada coa unidade ou preguntas abertas para indagar sobre os coñecementos previos sobre o tema en cuestión.

- **Actividades de desenvolvemento:** son actividades de explicación, pregunta-resposta, que permiten adquirir novos contidos.

- **Actividades de asimilación:** con estas actividades o alumnado traballará os novos contidos coa finalidade de comprendelos. Serán actividades de completar, explicar e relacionar.

- **Actividades de consolidación:** son actividades que soen realizarse despois das actividades de asimilación e nas que o alumnado pode comparar as ideas previas coas adquiridas.

- **Actividades de reforzo:** son aquelas que deseñamos para o alumnado que requira dunha maior atención ou apoio. Para isto empregaremos técnicas como poden ser os esquemas para facer unha delimitación dos contidos esenciais, e o subliñado.

- **Actividades de ampliación:** utilizaremos estas actividades cando o noso alumnado teña realizado de xeito satisfactorio as actividades de desenvolvemento propostas, ou no caso de que exista algún rapaz ou rapaza con altas capacidades. Nestas actividades realizaremos lecturas, investigacións ou bosquexo de curiosidades.

5.1. METODOLOXÍA NO CASO DE ENSINO SEMIPRESENCIAL.

O ensino na modalidade semipresencial é unha alternativa para que o alumnado que non poida acudir á aula durante un determinado período de tempo por circunstancias derivadas da crise da Covid (ser portadores do virus ou ben atoparse en corentena por estar en contacto con persoas positivas en Covid) poida facer un seguimento da materia dende o fogar.

A principal ferramenta que terá o alumnado para estar en contacto coa materia dende a casa será a Aula Virtual, na que se subirá todo o material necesario (apuntamentos, boletíns de exercicios, diapositivas, vídeos explicativos...) para que o poida seguir os contidos impartidos na aula. Esta ferramenta será empregada dende o inicio de curso, para que o alumnado se familiarice co seu manexo e, de convertese na ferramenta esencial para seguir a materia en caso de confinamento, que teñan os mínimos problemas posibles á hora de establecerse un ensino online.

Comprobaremos se o alumnado dispón de internet, ordenador ou outros dispositivos para conectarse á Aula Virtual; de non ser así, poñerase en coñecemento do equipo directivo dita circunstancia para atopar unha solución ao respecto.

5.2 METODOLOXÍA ANTE O POSIBLE CONFINAMENTO POLA CRISE DA COVID.

A incerteza sobre a evolución da pandemia no noso país obríganos a deseñar unha metodoloxía de ensinanza para aplicar no caso de que o alumnado teña que estar confinado na casa e non poida acudir as aulas.

- Aplicaremos unha metodoloxía que se adapte ás características do alumnado, favorecendo a capacidade de aprender de xeito autónomo, promovendo a creatividade e o dinamismo e integrando os recursos das tecnoloxías da información e da comunicación na aprendizaxe.
- Propiciaremos situacións de aprendizaxe motivadoras e funcionais que teñan sentido e significado para o alumnado.
- Trataremos de forma globalizada e integrada os distintos contidos.
- Integramos a teoría e a práctica.

A principal ferramenta que empregaremos para facer o seguimento da materia será a Aula Virtual do Centro, na que se subirá todo o material necesario (apuntamentos, boletíns de exercicios, diapositivas, vídeos explicativos...) para que o alumnado poida seguir os contidos da materia. Esta ferramenta será empregada dende o inicio de curso, para que o alumnado se familiarice co seu manexo e, de convertese na ferramenta esencial para seguir a materia en caso de confinamento, que teñan os mínimos problemas posibles á hora de establecerse un ensino online.

Dende inicio de curso, o equipo docente elaborará un listado do alumnado que non dispoña de internet, ordenador ou outros dispositivos para conectarse á Aula Virtual; dito listado será remitido ó equipo directivo co obxectivo de buscar unha solución para o alumnado que se atope nesta situación.

Para complementar as clases online, propónse a realización de videoconferencias por Webex, para afondar naqueles contidos teóricos e prácticos máis complexos, na resolución de actividades, na corrección dos erros máis comúns detectados nas tarefas entregadas e sobre todo, para que o alumnado poida resolver as dúbidas que lle vaian xurdindo.

6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

Os recursos que se empregarán para impartir as distintas unidades son:

- **Recursos materiais:**
 - Libro de texto: Economía 4º ESO, Mc Graw Hill
 - Materiais elaborados pola docente: apuntes, boletíns de exercicios e actividades de investigación.
 - Materiais educativos que as editoriais poñen a disposición do profesorado
 - Prensa escrita/dixital: consulta de noticias nas web de periódicos económicos como *El Economista*, *Expansión*, *Emprendedores*, etc.
 - Revistas especializadas e estudos de ámbito rexional ou nacional.
 - Enlaces web de interese para explicar novos contidos ou reforzar os anteriores.
- **Recursos TIC:**
 - Aula Virtual
 - Presentacións en Power Point das distintas unidades didácticas.
 - Vídeos e documentais de contido económico dispoñibles na rede.
 - Cañón de proxección.
 - Ordenador con conexión a Internet.
 - Encerado dixital
 - Procesador de textos e folla de cálculo.
 - Software de deseño de presentacións.
 - Aplicación de videoconferencias Webex

7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

Ó longo do curso realizaranse tres sesións de avaliación, unha por cada trimestre. A última avaliación coincidirá coa avaliación final ordinaria do mes de xuño.

Para superar a materia é necesario obter un mínimo de 5 puntos nas diferentes avaliacións, e esta cualificación estará baseada nos seguintes aspectos:

- **Probas escritas: 80% da cualificación.** Realizaranse dúas probas escritas por trimestre. Non poderá compensarse ningunha nota inferior a 2,5 para superar a avaliación.

Para obter a cualificación de positivo é preciso que a media aritmética ponderada dos exames sexa como mínimo de 5.

- **Traballos: 20% da cualificación.**

- Ó longo de cada avaliación o alumnado realizará exercicios prácticos (do libro de texto ou exercicios entregados polo docente), actividades de investigación na rede sobre determinados conceptos e lecturas comprensivas de noticias económicas ou do libro de texto: (10%). Puntuaranse sobre 1 e farase unha media aritmética coas notas de cada actividade.

Cada actividade que non se entregue restará un 0,1 sobre a nota media desta parte (ata un máximo de 1 punto)

- A atención nas sesións, o traballo diario e a participación do alumnado cara a materia contará ata un 10% da nota.

- **Cualificación final da materia:** será a media aritmética das tres avaliacións.

O docente atenderá á corrección de exercicios por parte do alumnado, ás saídas ó encerado, ó traballo diario e á actitude do alumnado cara a materia para levar a cabo os redondeos que considere oportunos na nota final.

No caso de que algún alumno intente aprobar por métodos fraudulentos, este alumno suspenderá directamente a avaliación, e faráselle unicamente un exame de recuperación de toda a avaliación o final de curso.

Procedementos de recuperación:

Os estudantes que non superen a materia por avaliacións, deberán realizar unha proba escrita.

- A recuperación da 1ª avaliación farase ó principio da segunda avaliación.
- A recuperación da 2ª avaliación farase ó principio da terceira avaliación.
- A recuperación da 3ª avaliación farase no exame final.

Para a elaboración de dita proba teranse en conta os estándares de aprendizaxe e os contidos mínimos fixados para este curso. Será necesario acadar unha cualificación mínima de 5 puntos para superala.

A proba cualificarase con dous decimais, redondeando ó enteiro superior cando o decimal sexa 0,6 ou máis e a alumna/o teña anotacións positivas na aula (participación e intervención voluntaria na clase, actitude ante a materia, interese polo traballo, comportamento, realización de traballos e corrección de exercicios).

Así mesmo, o alumnado que non acade os graos mínimos de consecución dos distintos Estándares de Aprendizaxe realizará actividades de reforzo e recuperación que lle permita chegar a conseguilos. Estas actividades consistirán na elaboración de esquemas, resumos de contidos e resolucións de exercicios prácticos.

Avaliación extraordinaria:

Aqueles alumnos/as que non acadasen unha cualificación positiva a final de curso, deberán realizar unha proba escrita na convocatoria extraordinaria do mes de xuño.

Dita proba será global e estará referida ás unidades de traballo e ós criterios de avaliación recollidos na presente programación. A súa estrutura coincidirá coas realizadas ó longo do curso. A valoración máxima será de 10 puntos e será necesario acadar unha cualificación mínima de 5 puntos para superar a devandita proba.

A proba cualificarase con dous decimais, redondeando ó enteiro superior cando o decimal sexa 0,6 ou máis e a alumna/o teña anotacións positivas na aula (participación e intervención voluntaria na clase, actitude ante a materia, interese polo traballo, comportamento, realización de traballos e corrección de exercicios).

7.1. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO NO CASO DE ENSINO SEMIPRESENCIAL.

Para o alumnado que non poida acudir á aula durante un determinado período de tempo por circunstancias derivadas da crise da Covid (ser portadores do virus ou ben atoparse en corentena por estar en contacto con persoas positivas en Covid)

flexibilizaranse os criterios de avaliación anteriores.

Se o alumnado está confinado durante un curto período de tempo que non lle impida acudir ás probas escritas presenciais realizadas durante o trimestre e entregar as tarefas propostas a través da Aula Virtual, rexerán os criterios de avaliación anteriores:

- **Probas escritas: 80% da cualificación.** Realizaranse dúas probas escritas por trimestre. Non poderá compensarse ningunha nota inferior a 2,5 para superar a avaliación.

Para obter a cualificación de positivo é preciso que a media aritmética ponderada dos exames sexa como mínimo de 5.

- **Traballos: 20% da cualificación.**

- Exercicios prácticos (do libro de texto ou exercicios entregados polo docente), actividades de investigación na rede sobre determinados conceptos e lecturas comprensivas de noticias económicas ou do libro de texto: (10%). Puntuaranse sobre 1 e farase unha media aritmética coas notas de cada actividade.

Cada actividade que non se entregue restará un 0,1 sobre a nota media desta parte (ata un máximo de 1 punto)

- A atención nas sesións, o traballo diario e a participación do alumnado cara a materia contará ata un 10% da nota.

- **Cualificación final da materia:** será a media aritmética das tres avaliacións.

Se o feito de estar confinado lle impide ao alumnado acudir ás probas escritas presenciais realizadas durante o trimestre, debido ao peso que ditas probas teñen na cualificación final e co propósito de non prexudicar ao alumnado que se atope nestas circunstancias, rexerán os criterios de avaliación do apartado 7.2 que se detallan a continuación.

7.2. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO ANTE A SUSPENSIÓN DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL POLA CRISE DA COVID.

Procedementos e instrumentos de avaliación

▪ **Procedementos:** os métodos empregados para recoller información serán os seguintes:

- Observación sistemática: anotacións da asistencia ás clases online e das entregas de tarefas
- Recompilación de materiais
- Realización de probas específicas

▪ **Instrumentos:** as ferramentas empregadas para avaliar serán as seguintes:

- Anotacións no caderno docente
- Portfolio de materiais entregados polo alumnado (boletíns de exercicios e actividades)
- Proba escrita/telemática

Para superar a materia será necesario obter un mínimo de 5 puntos nas diferentes avaliacións, e esta cualificación estará baseada nos seguintes aspectos:

Avaliación		%
Tarefas e exercicios entregados	Entregar ao menos o 75% das actividades propostas	50%
Proba escrita/telemática	Nota mínima de 3 sobre 10	50%

A proba telemática dos contidos teóricos e prácticos desenvolto online realizarase a través da aula virtual e o alumnado terá un tempo limitado para a súa realización e entrega.

No caso de que se permita a asistencia ó Centro, a proba escrita realizarase de xeito presencial no calendario oficial publicado polo IES.

Cualificación final da materia: será a media aritmética das tres avaliacións.

No caso de que algún alumno intente aprobar por métodos fraudulentos, este alumno suspenderá directamente a avaliación, e faráselle unicamente un exame de recuperación de toda a avaliación o final de curso.

Avaliación extraordinaria:

O alumnado que non acade unha cualificación positiva a final de curso, deberá realizar unha proba escrita/telemática na convocatoria extraordinaria do mes de xuño.

Dita proba será global e estará referida ás unidades de traballo e ós criterios de avaliación recollidos na presente programación. A súa estrutura coincidirá coas realizadas ó longo do curso. A valoración máxima será de 10 puntos e será necesario acadar unha cualificación mínima de 5 puntos para superar a devandita proba.

8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

Ademais da avaliación do alumnado, temos que cualificar tanto o proceso de ensino como a nosa práctica como docentes. Debemos contestar ás seguintes cuestións:

- **Que avaliar?** → Avaliación da práctica docente por parte do alumnado e avaliación do proceso de ensino por parte do docente (nos anexos recóllense os modelos de enquisas e os indicadores de logro). No caso de que os resultados destas avaliacións non sexan os esperados actuarase en consecuencia modificando os aspectos necesarios.
- **Cando avaliar?** → Ó final de cada trimestre realizaremos unha avaliación da nosa tarefa docente para corrixir erros, introducir melloras e ir axustando as posibles deficiencias que se poidan detectar.
- **Como avaliar?** → A través de varios procedementos e instrumentos que nos permitirán determinar a adecuación ás características do alumnado, ós obxectivos inicialmente propostos e á temporalización e secuenciación de contidos:
 - Información proporcionada polos resultados da propia avaliación do alumnado.
 - Diario do profesor, no que se anotarán as incidencias no

desenvolvemento da práctica docente.

- Resultados dos indicadores de logro propostos no anexo I.

9. ORGANIZACIÓN DO SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.

Non procede (o alumnado de 4º da ESO non ten materias pendentes deste Departamento).

10. ORGANIZACIÓN DOS PROCEDIMENTOS QUE LLE PERMITAN Ó ALUMNADO ACREDITAR OS COÑECEMENTOS NECESARIOS PARA CURSAR A MATERIA.

Non procede.

11. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUCENCIA DOS SEUS RESULTADOS.

A avaliación inicial aportará información para que o profesorado poida tomar decisións respecto ó nivel de profundidade á hora de desenvolver os temas e as estratexias de aprendizaxe necesarias en cada caso.

A devandita avaliación inicial será realizada polo profesorado do grupo nun prazo aproximado dun mes dende o inicio do curso. Para elo:

- Observaranse os coñecementos, procedementos e destrezas do alumnado durante o primeiro mes de clase.
- Confrontación das observacións coas realizadas por outros profesores e coa información do titor.
- Realización dunha sesión específica de valoración do alumnado ó final do primeiro mes de curso.
- Medidas individuais ou colectivas a adoptar.
- Atención personalizada na aula.
- Establecemento de tarefas extraordinarias con seguimento polo docente.

12. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Seguindo o *Decreto 229/2011, de 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación*, como profesores debemos ser conscientes da diversidade do noso alumnado.

A programación debe ter en conta que non todo o alumnado adquire ó mesmo tempo e coa mesma intensidade os contidos tratados. Por iso, debe deseñarse de modo que asegure un nivel mínimo para todas/os ó final do curso, dando oportunidades para recuperar os coñecementos non adquiridos no seu momento.

Haberá actividades que vaian dirixidas a cada alumna/o individualmente e outras que se dirixan ó alumnado agrupado en pequenos grupos; estas últimas xogan un papel esencial na aprendizaxe paralela de actitudes e valores. En todo caso, teremos previstas actividades de reforzo e ampliación. As primeiras estarán pensadas para aqueles estudantes que presenten algunha limitación na súa capacidade de aprender ou algún atranco en determinados contidos tratados na materia. As medidas de ampliación estarán destinadas para aqueles outros que presentan altas capacidades.

En definitiva, o docente debe axustar a súa labor pedagóxica ás diferentes necesidades a través de:

- **Metodoloxías diversas**, que se poden introducir nas formas de enfocar ou presentar determinados contidos ou actividades (como consecuencia dos distintos Graos de coñecementos previos detectados no alumnado ante a existencia de diferentes Graos de autonomía) ou pola identificación de dificultades en procesos anteriores.
- **Propostas de actividades diferenciadas**, adaptadas ás necesidades e ás motivacións do alumnado.

De manifestarse algunha dificultade para traballar determinados contidos, debe axustarse o Grao de complexidade da actividade e os requirimentos da

tarefa ás súas posibilidades. Prepararanse contidos complementarios ou de ampliación para aquelas alumnas/os que sexan capaces de avanzar con máis rapidez.

- **Materiais didácticos non homoxéneos.** Os materiais deben ofrecer una ampla gama de actividades didácticas que respondan ós distintos Graos de aprendizaxe.
- **Agrupamentos flexibles e ritmos distintos.** A organización en grupos de traballo flexibles no seo do grupo básico permite que o alumnado poida situarse en diferentes tarefas, propor actividades de reforzo e adaptar o ritmo de introdución de novos contidos.

13. TRATAMENTO DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO.

1. A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballarase en tódalas materias, e no caso da materia de economía traballarase na aula tanto mediante a realización de traballos escritos, como de presentacións orais, utilizando as TICS para tal finalidade.

2. Promoverase a igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ó principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal, sexual ou social que no caso da materia de economía farase tratando diversos temas de actualidade como a brecha salarial existente entre homes e mulleres, as dificultades de acceso destas a postos directivos, a conveniencia ou non da discriminación positiva relacionada cos distintos colectivos sociais, etc.

3. A materia de economía promoverá a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en tódolos ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto ós dereitos humanos, o respecto por igual ós homes e ás

mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ó Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

Na materia de Economía trataremos temas controvertidos como a globalización económica, o crecemento económico, o reparto da renda, a importancia do sector público e dos impostos como vía para financiar o mesmo. Todos estes temas propiciarán a realización de debates, traballos e presentacións nas que se fomentará a concienciación do alumnado da inxustiza das desigualdades sociais e económicas pero tamén das vías adecuadas para intentar solventalas.

4. A realización das actividades programadas para a aula e mencionadas anteriormente, tratarán de fomentar aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico, que son a base do emprendemento e da iniciativa empresarial.

14. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

As actividades complementarias e extraescolares que se propoñen dende o Departamento son:

- Charlas sobre emprendemento e cooperativismo
- Lecturas e comentarios das novas económicas que aparezan diariamente nos medios de comunicación.

15. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN, MODIFICACIÓN DE PROGRAMACIÓN DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

Ó longo do curso levarase a cabo o seguimento e avaliación da programación didáctica, co obxectivo de comprobar a adecuación da realidade diaria da aula coas liñas de actuación marcadas na programación.

A avaliación da programación didáctica terá un carácter continuo e formativo, e atenderá, entre outros, ós seguintes aspectos:

a) A adecuación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación ás características e necesidades dos alumnos.

b) Os aprendizaxes logrados polo alumnado.

c) As medidas de individualización da ensinanza con especial atención ás medidas de apoio e reforzo empregadas.

d) A programación e o seu desenvolvemento e, en particular, as estratexias de ensinanza, os procedementos de avaliación do alumnado, a organización da aula e o aproveitamento dos recursos do centro.

e) A relación co alumnado, así como o clima de convivencia.

f) A coordinación co resto de profesores de cada grupo, e no seo do departamento de Economía.

g) As relacións co titor/a e, no seu caso, coas familias.

Para valorar o axuste entre o deseño da programación didáctica e os resultados obtidos empregaranse tres mecanismos:

- Seguimento continuo por parte do Departamento. Indagarase acerca do Grao de cumprimento da programación, dos posibles cambios que se produciron e das súas causas, as expectativas de cumprimento da programación ata o final do curso, etc., de modo que se poida axustar respecto ós resultados que se vaian vendo no alumnado.

- Observación dos resultados de cada avaliación, analizando en que medida se están acadando os obxectivos inicialmente propostos.

- Memoria final de curso na que se valorará o Grao de eficacia da propia programación e se determinarán os aspectos que se consideran positivos e negativos así como as propostas de mellora.

16. CONTRIBUCIÓN Ó PROXECTO LECTOR, Ó PLAN TIC E Ó PLAN DE CONVIVENCIA DO CENTRO.

PROXECTO LECTOR

A lectura axuda a desenvolver persoas con máis recursos, máis reflexivas, máis razoables e con maior espírito crítico; persoas capaces de entender o mundo actual e de adaptarse ós cambios que están por chegar. Tódolos días o alumnado ten que enfrontarse a textos, con diferentes graos de dificultade e con vocabulario económico, que necesitan comprender para poder asimilar os conceptos neles expostos e finalmente acadar os obxectivos das materias.

A lectura practícase de forma cotiá na aula, partindo do propio libro de texto ou dos apuntes que o docente elabora. Tamén traballamos con artigos de prensa diaria, revistas económicas, textos legais, páxinas web ou blogs, realizando explicacións e comentarios sobre a actualidade económica. O obxectivo é mellorar os hábitos de lectura e que as alumnas/os lean correctamente, comprendendo o significado dos textos.

Na biblioteca do centro atópanse diferentes libros sobre economía polo que dende o departamento animárase ao alumnado á lectura dos mesmos.

PLAN TIC

A aplicación das Tics como recurso didáctico convértese nunha peza clave na educación e formación das novas xeracións.

Dende a materia de Economía contribúese ó Plan de integración das Tics. Entre as actividades a levar a cabo pódense citar:

- Presentacións das unidades didácticas a través de programas como “Power Point”.

- Proxección de vídeos e curtas de películas.

- Bosquexo de información en páxinas webs recomendadas, entre outras:

www.ige.eu (Instituto Galego de Estatística)

www.sepe.es (Servizo Público de Emprego)

www.bde.es (Banco de España)

www.seg-social.es (Ministerio de trabajo e asuntos sociais)

www.aeat.es (Axencia Tributaria)

www.camaras.org (Cámaras de Comercio)

PLAN DE CONVIVENCIA

A través da materia e tendo en conta o plan de convivencia do centro intentarase:

- Contribuír ó labor de concienciación sobre a importancia dunha axeitada convivencia escolar que permita unha mellor relación ensinanza-aprendizaxe.
- Fomentar o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade e os valores inherentes ó principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.
- Detectar o antes posible conflitos que poidan xurdir nas aulas para resolvelos de maneira pacífica.
- Promover a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto ós dereitos humanos, o respecto ós homes e mulleres por igual, ás persoas con discapacidade e ó rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ó Estado de dereito, o respecto e consideración ás vítimas do terrorismo e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Establecer normas de funcionamento e organización das clases da materia, da aula multimedia, da aula de informática ou de calquera espazo que se utilice para impartir a materia.
- Motivar ao alumnado para que comece a interiorización da cultura do diálogo e a mediación.

- Fomentar o respecto entre todos os membros da comunidade e a integración de tódalas/os alumnas/os no centro.
- Fomentar a realización de actividades que potencien o respecto á diversidade.
- Promover a prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia.

PROGRAMACIÓN IAEE 4º ESO

CURSO 2021/2022

Índice

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.....	38
1.1. INTRODUCCIÓN.....	38
1.2. CONTEXTUALIZACIÓN.....	39
2. CONTRIBUCIÓN Ó DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.....	40
3. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS DE CURSO.....	42
3.1. OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA.....	42
3.2. OBXECTIVOS DA ÁREA.....	45
4. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE.....	46
5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS.....	52
5.1. METODOLOXÍA NO CASO DE ENSINO SEMIPRESENCIAL.....	54
5.2. METODOLOXÍA ANTE O POSIBLE CONFINAMENTO POLA CRISE DA COVID.....	55
6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.....	56
7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.....	56
7.1. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO NO CASO DE ENSINO SEMIPRESENCIAL.....	59
7.2. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO ANTE A SUSPENSIÓN DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL POLA CRISE DA COVID.....	59
8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.....	59
9. ORGANIZACIÓN DO SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.....	60
10. ORGANIZACIÓN DOS PROCEDIMENTOS QUE LLE PERMITAN Ó ALUMNADO ACREDITAR OS COÑECEMENTOS NECESARIOS PARA CURSAR A MATERIA.....	60
11. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUCENCIA DOS SEUS RESULTADOS.....	61
12. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	61
13. TRATAMENTO DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO.....	63
14. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	64
15. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN, MODIFICACIÓN DE PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.....	64
16. CONTRIBUCIÓN Ó PROXECTO LECTOR, Ó PLAN TIC E Ó PLAN DE CONVIVENCIA DO CENTRO.....	65

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

1.1. INTRODUCCIÓN.

A presente programación desenvólvese de acordo á Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE), que modifica á Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio de Educación (LOE) e a nivel estatal ó Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato, así como ó Decreto 86/2015, do 25 de xuño polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

O espírito emprendedor é un concepto que abrangue valores persoais tales como a creatividade, a disposición positiva para a innovación e o cambio, a confianza en si mesmo/a, a motivación de logro, o liderado, a aceptación do fracaso como fonte de experiencia, e as actitudes de cooperación e de traballo en equipo. Todas as persoas terán que emprender na súa vida persoal e laboral, terán que innovar e procurar novas respostas, no mundo globalizado e cambiante ao que se enfrontan, aínda que non todas logran levar a cabo un proxecto empresarial propio.

Formar cidadáns e cidadás capaces de asumir riscos, ser innovadores/as, con posibilidade de negociación e pensamento estratéxico, e con capacidade para o emprendemento constitúe o reto desta materia. Inclúe aspectos teóricos e prácticos orientados a preparar ao alumnado para unha cidadanía responsable e para a vida profesional; axuda ao coñecemento das actividades e das necesidades das persoas emprendedoras, persegue que poidan responsabilizarse da súa propia carreira e do seu camiño persoal de formación, e da toma das decisións clave na súa vida, ademais da posibilidade de crear un negocio propio ou actuar como innovadores/as no traballo dentro dunha organización.

A materia de Iniciación a Actividade Emprendedora e Empresarial de 4º da ESO concíbese coma unha introdución o estudo da empresa, traballa o sentido da iniciativa e o espírito emprendedor a través da planificación, a realización, e o deseño, da

xestión de proxectos empresarias, imprescindibles para formar unha actitude autónoma e competente.

Cunha carga lectiva de **3 sesións semanais**, a materia organízase ó redor de 3 bloques de contidos:

- *Bloque 1: "Autonomía persoal, liderado e innovación"*, está centrado na descrición das calidades e as destrezas persoais asociadas á iniciativa emprendedora, no repaso das decisións sobre o itinerario vital e a actuación como futuro/a traballador/a.
- *Bloque 2: "Proxecto de empresa"*, repásanse as principais áreas e funcións da empresa co obxecto de poñer en marcha o proxecto empresarial xurdido da idea de negocio xerado previamente.
- *Bloque 3: "Finanzas"*, analiza as alternativas con que conta a empresa para elixir a súa forma xurídica, as fontes de financiamento do seu proxecto empresarial, a necesidade de planificar as necesidades financeiras e as obrigas fiscais e prever a evolución do negocio, garantindo a súa viabilidade.

1.2. CONTEXTUALIZACIÓN.

O Centro no que se imparte a materia é un Instituto de Ensinanza Secundaria situado nos arredores de O Carballiño, no lugar de Mesego. A vila está emprazada ó noroeste da provincia de Ourense e conta cunha poboación de 14.089 habitantes (segundo datos do IGE en base ó Padrón municipal de habitantes a 1 de xaneiro de 2020), configurándose como o segundo municipio máis poboado da provincia.

O IES acolle ó alumnado procedente dos centros adscritos: colexios de Primaria de Beariz, O Irixo, Boborás e Calvo Sotelo de O Carballiño. Deste último, está adscrito o alumnado que demanda o uso de comedor e transporte escolar gratuítos. Así mesmo, tamén se escolariza ó alumnado doutras zonas educativas como son Avión, Maside, San Amaro, Piñor, Cea e Dozón. O feito de que o alumnado proceda de varios concellos do rural e de diferentes centros educativos constitúe unha característica de diversidade.

Para o presente curso académico 2021-2022 a distribución do alumnado nos diferentes cursos e materias do Departamento especificase na seguinte táboa:

Materia	Curso	Sesións semanais	Nº alumnas/os	Nº grupos
Economía	4º ESO	3	33	2
Iniciación á actividade emprendedora e empresarial	4º ESO	3	17	1
Economía	1º BAC	4	19	1
Economía da Empresa	2º BAC	4	19	1
Economía	1º BAC Adultos	1	3	1
Economía da Empresa	2º BAC Adultos	1	3	1

2. CONTRIBUCIÓN Ó DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.

O currículo da materia de Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial de 4º ESO contribúe á adquisición por parte do alumnado de distintas capacidades e habilidades, que segundo a LOMCE se concretan no desenvolvemento das seguintes competencias clave:

I. Competencia en Comunicación lingüística (CCL)

Está vinculada con prácticas sociais que lle permitan ó individuo comportarse como axente comunicativo. Así, a adquisición desta competencia vai permitirlle ó alumnado o exercicio activo da cidadanía, o desenvolvemento do espírito crítico e o respecto ós dereitos humanos.

Nesta materia poñerase de manifesto esta competencia para que o alumnado coñeza e utilice correctamente diferentes termos relacionados coas áreas empresarial e de emprendemento, para manifestar a diferenza entre emprendedor e empresario, para distinguir entre as diferentes formas corporativas así como para explicar a importancia da realización dun plan de empresa á hora de poñer en marcha un proxecto empresarial.

II. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT)

Esta competencia implica a capacidade de aplicar o razoamento matemático para

describir, interpretar e predicir distintos fenómenos, neste caso económicos. En concreto, utilizarase esta competencia para analizar de xeito gráfico a viabilidade dun proxecto empresarial, coñecer as distintas formas de financiamento das empresas, elaborar orzamentos personalizados e utilizar instrumentos gráficos para a súa representación, coñecer de xeito gráfico e cuantitativo os ingresos e gastos da empresa, e valorar os datos e gráficos relacionados con diferentes documentos coma os balances e a conta de perdas e ganancias.

No referente á ciencia e tecnoloxía, tomarase conciencia da necesidade de alcanzar un desenvolvemento sostible, realizando actividades económicas que respecten o medio ambiente e fagan unha utilización racional dos recursos naturais dispoñibles.

III. Competencia dixital (CD)

Implica o uso creativo, crítico e seguro das Tecnoloxías da Información e a Comunicación. A materia axudará á consecución desta competencia tendo en conta que a maior parte da información que se utiliza no ámbito económico se obtén de páxinas web. O alumnado utilizará tamén programas informáticos para a elaboración e representación de traballos.

IV. Competencia para aprender a aprender (CAA)

Resulta imprescindible para o aprendizaxe permanente e caracterízase pola habilidade para iniciar, organizar e persistir na aprendizaxe. O mundo empresarial que estudamos é moi cambiante, polo que o alumnado deberá ser capaz de asimilar novos coñecementos e situacións co desenvolvendo desta competencia.

As destrezas e actitudes que integran esta competencia evidéncianse na capacidade para coñecer as obrigacións fiscais da empresa, comprender as necesidades de planificación financeira ao longo do ciclo de vida da empresa, recoñecer a necesidade de ler todos e cada un dos documentos bancarios que se nos presenten así como á hora de investigar os ámbitos de oportunidades de emprego e emprendemento.

V. Competencias sociais e cívicas (CSC)

Implican a habilidade para utilizar os coñecementos sobre as sociedades e interpretar os fenómenos sociais en diferentes contextos. O coñecemento dos efectos sociais e

ambientais das empresas, A Responsabilidade Social Corporativa, o funcionamento básico dos impostos ou a relevancia social do aforro e a inversión permitirán ó alumnado alcanzar as destrezas desta competencia.

VI. Competencia de sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)

Implica a capacidade de transformar ideas en actos. Nesta materia desenvolveranse as capacidades integradas nesta competencia a través de contidos como: as características do emprendedor, as decisións básicas da empresa, o coñecemento das formas xurídicas das empresas, os dereitos e as obrigas de traballadores e empresas, as fontes de financiamento empresarial, o risco e a necesidade de diversificación, a capacidade para recoñecer oportunidades existentes para actividades comerciais e profesionais, e a capacidade de negociación nas distintas operacións mercantís e financeiras, entre outros.

Esta competencia será a que máis se desenvolva na nosa materia posto que inclúe a capacidade de comprensión das liñas xerais que rexen o funcionamento económico das sociedades, a organización e os procesos empresariais, así como a postura ética das organizacións.

VII. Competencia de conciencia e expresións culturais (CCEC)

Supón coñecer, comprender, apreciar e valorar de xeito crítico as manifestacións culturais. Empregar recursos propios da expresión artística e manifestar interese pola participación na vida cultural, o desenvolvemento da propia capacidade estética e creadora e contribuír na conservación do patrimonio cultural e artístico da propia comunidade e doutras comunidades. Esta competencia ten menor incidencia na materia.

3. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS DE CURSO.

3.1. OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA.

Tal e como se establece no Decreto 86/2015, de 29 de xuño, a Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuizos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e

na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medioambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ó exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

3.2. OBXECTIVOS DA MATERIA.

O ensino da materia contribuirá a desenvolver os seguintes obxectivos didácticos:

1. Comprender o concepto de emprendedor e a súa evolución a través do tempo.
2. Valorar a figura do emprendedor como axente do cambio social, do desenvolvemento e da innovación.
3. Coñecer os trazos que caracterizan á persoa emprendedora e como se manifestan as súas capacidades e actitudes concretas de aprendizaxe.
4. Desenvolver o espírito emprendedor a través do fomento de actitudes, capacidades, habilidades sociais e de dirección.
5. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación como instrumento básico de iniciativas emprendedoras.
6. Identificar as propias capacidades e intereses para a toma de decisións sobre estratexias persoais de formación e inserción social e laboral, tendo en conta as características da súa contorna.
7. Desenvolver capacidades de negociación e resolución de problemas.
8. Definir os aspectos xerais e os elementos que constitúen un proxecto emprendedor.
9. Coñecer as funcións e responsabilidades das persoas que interveñen nas diferentes facetas do proxecto.
10. Obter, seleccionar e interpretar información sobre os aspectos socioeconómicos e financeiros relevantes que afecten ao proxecto.
11. Desenvolver habilidades de comunicación e actitudes que posibiliten aos alumnos integrar os coñecementos adquiridos na realidade do proxecto.
12. Elaborar, planificar e executar o proxecto.
13. Analizar as conclusións e propostas de mellora.

4. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVAILABLE.

Bloque 1. Autonomía persoal, liderado e innovación.

Obxect.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Compet. clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1 Autonomía e autocoñecemento. A iniciativa emprendedora e o/a empresario/a na sociedade. ▪ B1.2. Intereses, aptitudes e motivacións persoais para a carreira profesional. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Describir as calidades persoais e as destrezas asociadas á iniciativa emprendedora, analizando os requisitos de distintos postos de traballo e actividades empresariais. 	IAEEB1.1.1. Identifica as calidades persoais, as actitudes, as aspiracións e a formación propias das persoas con iniciativa emprendedora, e describe a actividade dos/das empresarios/as e o seu papel na xeración de traballo e benestar social.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSIEE
			IAEEB1.1.2. Investiga con medios telemáticos as áreas de actividade profesional do seu contorno, os tipos de empresa que as desenvolven e os postos de traballo en cada unha, razoando os requisitos para o desempeño profesional en cada un deles.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CAA ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Itinerarios formativos e carreiras profesionais. Proceso de procura de emprego en empresas do sector. Autoemprego. Proceso de toma de decisións sobre o itinerario persoal. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Tomar decisións sobre o itinerario vital propio comprendendo as posibilidades de emprego, o autoemprego e a carreira profesional, en relación coas habilidades persoais e as alternativas de formación e aprendizaxe ao longo da vida. 	IAEEB1.2.1. Deseña un proxecto de carreira profesional propia relacionando as posibilidades do ámbito coas calidades e as aspiracións persoais, e valorando a opción do autoemprego e a necesidade de formación ao longo da vida.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ g ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Dereito do traballo. ▪ B1.5. Dereitos e deberes derivados da relación laboral. ▪ B1.6. Contrato de traballo e negociación colectiva. ▪ B1.7. Seguridade Social. Sistema de protección. Emprego e desemprego. ▪ B1.8. Protección do/da traballador/a e beneficios sociais. ▪ B1.9. Riscos laborais. Normas. Planificación da protección na empresa. 	B1.3. Actuar como futuro/a traballador/a responsable coñecendo os seus dereitos e deberes como tal, valorando a acción do Estado e da Seguridade Social na protección da persoa empregada, e comprendendo a necesidade de protección dos riscos laborais.	IAEEB1.3.1. Identifica as normas e as institucións que interveñen nas relacións entre os/as traballadores/as e as empresas, en relación co funcionamento do mercado de traballo.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CSIEE
			IAEEB1.3.2. Distingue os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e compróboas en contratos de traballo e documentos de negociación colectiva.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CSIEE ▪ CMCCT
			IAEEB1.3.3. Describe as bases do sistema da Seguridade Social e as obrigas dos/das traballadores/as e dos/das empresarios/as dentro deste, así como as prestacións mediante procuras nas web institucionais, valorando a súa acción protectora ante as continxencias cubertas.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC ▪ CSIEE

			IAEEB1.3.4. Identifica as situacións de risco laboral máis habituais nos sectores de actividade económica máis salientables no ámbito, e indica os métodos de prevención legalmente establecidos, así como as técnicas de primeiros auxilios aplicables en caso de accidente ou dano.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSIEE ▪ CMCCT
--	--	--	---	---

Bloque 2. Proxecto de empresa.

Obxect.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Compet. clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Idea de proxecto de empresa. Avaliación da idea. O contorno e o papel social da empresa. ▪ B2.2. Elementos e estrutura da empresa. ▪ B2.3. Plan de empresa. ▪ B2.4. Planificación na empresa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Crear un proxecto de empresa na aula e describir as características internas e a súa relación co contorno, así como a súa función social, identificando os elementos que constitúen a súa rede loxística como provedores/as, clientela, sistemas de produción e comercialización, redes de almacenaxe, etc. 	IAEEB2.1.1. Determina a oportunidade dun proxecto de empresa, identificando as características e tomando parte na actividade que a empresa desenvolve.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSIEE
			IAEEB2.1.2. Identifica as características internas e externas da empresa en proxecto, así como os elementos que constitúen o contono específico desta (mercado, provedores/as, clientela, sistemas de produción e/ou comercialización, almacenaxe, etc.).	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CMCCT ▪ CD
			IAEEB2.1.3. Describe a relación da empresa proxectada co seu sector, a súa estrutura organizativa e as funcións de cada departamento, e identifica os procedementos de traballo no desenvolvemento do proceso produtivo ou comercial.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CCL ▪ CMCCT
			IAEEB2.1.4. Elabora documentos para a planificación das funcións da empresa en proxecto, tanto a longo como a curto prazo.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSIEE ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ g ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.5. Información na empresa. Información contable. Información de recursos humanos. Documentos comerciais de cobramento e pagamento. Arquivo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Identificar e organizar a información das áreas da empresa en proxecto aplicando os métodos correspondentes á tramitación documental empresarial. 	IAEEB2.2.1. Manexa como usuario/a de nivel básico aplicacións informáticas de control e seguimento de clientela, provedores/as e outros, aplicando as técnicas básicas de contabilidade, xestión financeira e comercial e administración de persoal, para a organización da información da empresa proxectada.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT ▪ CAA

			IAEEB2.2.2. Transmite información entre as áreas e a clientela da empresa en proxecto, recoñecendo e aplicando técnicas de comunicación e negociación, e aplicando o tratamento protocolario axeitado mediante medios telemáticos e presenciais.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSIEE ▪ CD ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ g ▪ h ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.6. Actividades na empresa. Función de produción. Función comercial e de márketing. ▪ B2.7. Axudas e apoio á creación de empresas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Realizar actividades de produción e comercialización propias da empresa proxectada, aplicando técnicas de comunicación e traballo en equipo. 	IAEEB2.3.1. Crea materiais publicitarios e para a difusión dos produtos e/ou servizos obxecto do proxecto, e elabora un plan de comunicación en internet e en redes sociais, aplicando os principios do márketing.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSIEE ▪ CD ▪ CMCCT
			IAEEB2.3.2. Desenvolve tarefas de produción e/ou comercialización na empresa en proxecto segundo os plans de control prefixados: simulando a toma de decisións para cumprir os prazos e os obxectivos establecidos e propondo melloras, mediante o traballo en equipo.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CAA
			IAEEB2.3.3. Compila datos sobre os apoios á creación de empresas tanto do contorno próximo como do territorial, estatal ou europeo, e selecciona as posibilidades que se axusten ao proxecto de empresa formulado.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT ▪ CSIEE

Bloque 3. Finanzas.

Obxect.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Compet. clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ d ▪ g ▪ h ▪ l ▪ ñ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Tipos de empresa segundo a súa forma xurídica. ▪ B3.2. Elección da forma xurídica. ▪ B3.3. Trámites de posta en marcha dunha empresa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Describir as formas xurídicas das empresas en relación coas responsabilidades legais dos/das seus/súas propietarios/a e xestores/as, así como coas esixencias de capital. 	IAEEB3.1.1. Distingue as formas xurídicas das empresas e indica as esixencias de capital e responsabilidades propias de cada tipo.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CMCCT
			IAEEB3.1.2. Identifica e enumera as administracións públicas implicadas na posta en marcha de empresas, e compila por vía telemática os principais documentos necesarios para a posta en funcionamento.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT ▪ CSIEE
			IAEEB3.1.3. Valora as tarefas de apoio, rexistro, control e fiscalización que realizan as autoridades no proceso de creación de empresas, e describe os trámites que se deben realizar.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CMCCT
			IAEEB3.1.4. Selecciona a forma xurídica máis axeitada en cada caso segundo a actividade que se vaia desenvolver, o número de emprendedores/as, o alcance da responsabilidade que se vaia asumir, a complexidade organizativa, a dispoñibilidade financeira e a fiscalidade.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSIEE ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ f ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4. Fontes de financiamento das empresas: externas (bancos, axudas e subvencións, e crowdfunding) e internas (accionistas, investidores/as e aplicación de beneficios). ▪ B3.5. Produtos financeiros e bancarios para pequenas e medianas empresas (PME): comparación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Identificar as fontes de financiamento das empresas propias de cada forma xurídica, incluíndo as externas e internas, e valorar as máis axeitadas para cada tipo e momento no ciclo de vida da empresa. 	IAEEB3.2.1. Determina os investimentos necesarios para a posta en marcha dunha empresa, e distingue as principais partidas relacionadas nun balance de situación.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CMCCT ▪ CD
			IAEEB3.2.2. Caracteriza de xeito básico as posibilidades de financiamento das empresas, diferenciando o financiamento externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada unha e as implicacións na marcha da empresa.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CSIEE

<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ f ▪ g ▪ l ▪ ñ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.6. Planificación financeira das empresas. Estudo de viabilidade económico-financeira. Proxección da actividade. Instrumentos de análise. Razóns básicas. ▪ B3.7. Impostos que afectan as empresas. Calendario fiscal. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. Recoñecer a necesidade de planificar o negocio das empresas ligándoa á previsión da evolución do sector e da economía nacional, así como da planificación financeira e fiscal. 	<p>IAEEB3.3.1. Presenta un estudo de viabilidade económico-financeiro a medio prazo do proxecto de empresa, aplicando condicións reais de produtos financeiros analizados e previsións de vendas, segundo un estudo do ámbito mediante unha aplicación informática tipo folla de cálculo, manexando razóns financeiras básicas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CSIEE ▪ CAA ▪ CMCCT
			<p>IAEEB3.3.2. Analiza os produtos financeiros máis axeitados de entre as entidades financeiras do ámbito para cada tipo de empresa, valorando o custo e o risco de cada un, e selecciona os máis acaído para o proxecto de empresa.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSIEE ▪ CMCCT ▪ CD
			<p>IAEEB3.3.3. Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa actividade e a súa forma xurídica, sinala o funcionamento básico do IAE, IVE, IRPF e IS, e indica as principais diferenzas entre eles.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CCIEE
			<p>IAEEB3.3.4. Valora a achega que supón a carga impositiva das empresas á riqueza nacional e ao sostemento das cargas do Estado.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA

A temporalización das unidades didácticas é flexible, podendo modificarse en función das necesidades do alumnado.

Unidade didáctica	Nº de sesións (93)	Trimestre
1. Iniciativa emprendedora	7	1º
2. Carreira profesional e procura de emprego	7	
3. O traballo e as relacións laborais	9	
4. A Seguridade Social e os riscos laborais	10	
5. A idea de negocio e os elementos da empresa	7	2º
6. O plan de empresa	8	
7. A información na empresa	7	
8. A área de produción, a área comercial e o márketing	7	
9. Formas xurídicas das empresas	8	3º
10. Inversión e financiamento	8	
11. Os impostos e a empresa	7	
12. Balance de situación e viabilidade da empresa	8	

Tomando como referencia o calendario escolar para o ano 2021/2022, establecido na Orde do 19 de maio do 2021, no seguinte cadro recóllese a secuenciación dos diferentes bloques nos que se divide a materia ó longo do curso:

Bloque	1ºT	2ºT	3ºT
Bloque 1: Autonomía persoal, liderado e innovación	X		
Bloque 2: Proxecto de empresa		X	
Bloque 3: Finanzas			X

5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS.

Orientacións metodolóxicas

Por metodoloxía didáctica entendemos o conxunto de actividades e accións educativas que están organizadas e planificadas polo docente coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe dos estudantes.

O paradigma metodolóxico que orienta esta programación será o construtivismo, cunha metodoloxía que se adapte ás características do alumnado, favorecendo a capacidade de aprender de xeito autónomo, o traballo en equipo, promovendo a creatividade e o dinamismo e integrando os recursos das tecnoloxías da información e da comunicación na aprendizaxe.

Os principios básicos empregados para levar adiante este proceso de ensinanza-aprendizaxe serán entre outros:

- Partir do nivel do alumnado e dos coñecementos previos para favorecer a construción de aprendizaxes novas e significativas, ademais dunha memorización comprensiva, sinxela e produtiva.
- Promover unha visión global coordinada dos procesos produtivos nos que debe intervir o profesional.
- Propiciar situacións de aprendizaxe motivadoras e funcionais que teñan sentido e significado, e onde o alumnado actualice os seus coñecementos, favorecendo así a súa independencia.
- Organizar os contidos de forma ordenada e lóxica, para que o alumnado poida establecer relacións.
- Tratar de forma globalizada e integrada os distintos contidos.
- Integrar a teoría e a práctica.
- Fomentar un clima de cooperación nos traballos que favoreza a relativización dos puntos de vista, o incremento das aspiracións e do rendemento académico, o proceso de socialización, etc.

O desenvolvemento metodolóxico xeral das unidades de traballo será realizado do

seguinte modo:

- Sondaxe inicial sobre os coñecementos previos.
- Presentación dos aspectos esenciais da unidade a través dun mapa conceptual.
- Lectura comprensiva dos epígrafes teóricos da unidade e explicación de conceptos básicos.
- Realización de actividades complementarias e de aplicación.
- Resolución de dúbidas e corrección de actividades e exercicios.
- Proba escrita.

Estratexias de ensino-aprendizaxe

Buscaremos realizar actividades variadas, innovadoras, motivadoras e significativas, que o alumnado poida relacionar con experiencias previas ou con coñecementos adquiridos anteriormente e que sexan actividades que poidan usar na súa vida real e cotiá.

As actividades serán pensadas para realizar, tanto en gran grupo, como en pequenos grupos e individualmente, dependendo do momento de desenvolvemento da unidade didáctica.

En definitiva, as actividades que levaremos a cabo son as seguintes:

- **Actividades de presentación**: estas actividades presentan os contidos a tratar ó alumnado e paralelamente intentan espertar o seu interese e a súa motivación, como por exemplo a lectura dalgunha noticia relacionada coa unidade ou preguntas abertas para indagar sobre os coñecementos previos sobre o tema en cuestión.

- **Actividades de desenvolvemento**: son actividades de explicación, pregunta-resposta, que permiten adquirir novos contidos.

- **Actividades de asimilación**: con estas actividades o alumnado traballará os novos contidos coa finalidade de comprendelos. Serán actividades de completar, explicar e relacionar.

- **Actividades de consolidación:** son actividades que soen realizarse despois das actividades de asimilación e nas que o alumnado pode comparar as ideas previas coas adquiridas.

- **Actividades de reforzo:** son aquelas que deseñamos para o alumnado que requira dunha maior atención ou apoio. Para isto empregaremos técnicas como poden ser os esquemas para facer unha delimitación dos contidos esenciais, e o subliñado.

- **Actividades de ampliación:** utilizaremos estas actividades cando o noso alumnado teña realizado de xeito satisfactorio as actividades de desenvolvemento propostas, ou no caso de que exista algún rapaz ou rapaza con altas capacidades. Nestas actividades realizaremos lecturas, investigacións ou bosquexo de curiosidades.

5.1. METODOLOXÍA NO CASO DE ENSINO SEMIPRESENCIAL.

O ensino na modalidade semipresencial é unha alternativa para que o alumnado que non poida acudir á aula durante un determinado período de tempo por circunstancias derivadas da crise da Covid (ser portadores do virus ou ben atoparse en corentena por estar en contacto con persoas positivas en Covid) poida facer un seguimento da materia dende o fogar.

A principal ferramenta que terá o alumnado para estar en contacto coa materia dende a casa será a Aula Virtual, na que se subirá todo o material necesario (apuntamentos, boletíns de exercicios, diapositivas, vídeos explicativos...) para que o poida seguir os contidos impartidos na aula. Esta ferramenta será empregada dende o inicio de curso, para que o alumnado se familiarice co seu manexo e, de convertese na ferramenta esencial para seguir a materia en caso de confinamento, que teñan os mínimos problemas posibles á hora de establecerse un ensino online.

Comprobaremos se o alumnado dispón de internet, ordenador ou outros dispositivos para conectarse á Aula Virtual; de non ser así, poñerase en coñecemento do equipo directivo dita circunstancia para atopar unha solución ao respecto.

5.2. METODOLOXÍA ANTE O POSIBLE CONFINAMENTO POLA CRISE DA COVID.

A incerteza sobre a evolución da pandemia no noso país obríganos a deseñar unha metodoloxía de ensinanza para aplicar no caso de que o alumnado teña que estar confinado na casa e non poida acudir as aulas.

- Aplicaremos unha metodoloxía que se adapte ás características do alumnado, favorecendo a capacidade de aprender de xeito autónomo, promovendo a creatividade e o dinamismo e integrando os recursos das tecnoloxías da información e da comunicación na aprendizaxe.
- Propiciaremos situacións de aprendizaxe motivadoras e funcionais que teñan sentido e significado para o alumnado.
- Trataremos de forma globalizada e integrada os distintos contidos.
- Integramos a teoría e a práctica.

A principal ferramenta que empregaremos para facer o seguimento da materia será a Aula Virtual do Centro, na que se subirá todo o material necesario (apuntamentos, boletíns de exercicios, diapositivas, vídeos explicativos...) para que o alumnado poida seguir os contidos da materia. Esta ferramenta será empregada dende o inicio de curso, para que o alumnado se familiarice co seu manexo e, de convertese na ferramenta esencial para seguir a materia en caso de confinamento, que teñan os mínimos problemas posibles á hora de establecerse un ensino online.

Dende inicio de curso, o equipo docente elaborará un listado do alumnado que non dispoña de internet, ordenador ou outros dispositivos para conectarse á Aula Virtual; dito listado será remitido ó equipo directivo co obxectivo de buscar unha solución para o alumnado que se atope nesta situación.

Para complementar as clases online, propónse a realización de videoconferencias por Webex, para afondar naqueles contidos teóricos e prácticos máis complexos, na resolución de actividades, na corrección dos erros máis comúns detectados nas tarefas entregadas e sobre todo, para que o alumnado poida resolver as dúbidas que lle vaian xurdindo.

6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

Os recursos que se empregarán para impartir as distintas unidades son:

- **Recursos materiais:**
 - Libro de texto: Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial 4º ESO, Mc Graw Hill
 - Materiais elaborados pola docente: apuntes, boletíns de exercicios e actividades de investigación.
 - Materiais educativos que as editoriais poñen a disposición do profesorado
 - Prensa escrita/dixital: consulta de noticias nas web de periódicos económicos como *El Economista*, *Expansión*, *Emprendedores*, *La Gaceta de los Negocios*, etc.
 - Revistas especializadas e estudos de ámbito rexional ou nacional.
 - Enlaces web de interese para explicar novos contidos ou reforzar os anteriores.
- **Recursos TIC:**
 - Aula Virtual
 - Presentacións en Power Point das distintas unidades didácticas.
 - Vídeos e documentais de contido económico dispoñibles na rede.
 - Cañón de proxección.
 - Ordenador con conexión a Internet.
 - Encerado dixital
 - Procesador de textos e folla de cálculo.
 - Software de deseño de presentacións.
 - Aplicación de videoconferencias Webex

7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

Ó longo do curso realizaranse tres sesións de avaliación, unha por cada trimestre. A última avaliación coincidirá coa avaliación final ordinaria do mes de xuño.

Para superar a materia é necesario obter un mínimo de 5 puntos nas diferentes

avaliacións, e esta cualificación estará baseada nos seguintes aspectos:

- **Probas escritas: 80% da cualificación.** Realizaranse dous exames escritos por trimestre. Non poderá compensarse ningunha nota inferior a 4 para superar a avaliación.
Para obter a cualificación de positivo é preciso que a media aritmética ponderada dos exames sexa como mínimo de 5.
- **Traballos: 20% da cualificación.** Sumaranse as medias aritméticas das probas escritas e os traballos (se os houbera) sen redondear aplicando a porcentaxe correspondente a cada caso (80%, 20%). O resultado desta suma redondearase ao número enteiro inferior ou superior máis próximo.
- **Cualificación final da materia:** será a media aritmética das tres avaliacións.

No caso de que algún alumno intente aprobar por métodos fraudulentos, este alumno suspenderá directamente a avaliación, e faráselle unicamente un exame de recuperación de toda a avaliación o final de curso.

Procedementos de recuperación:

Os estudantes que non superen a materia por avaliacións, deberán realizar unha proba escrita.

- A recuperación da 1ª avaliación farase ó principio da segunda avaliación.
- A recuperación da 2ª avaliación farase ó principio da terceira avaliación.
- A recuperación da 3ª avaliación farase no mes de xuño.

Para a elaboración de dita proba teranse en conta os estándares de aprendizaxe e os contidos mínimos fixados para este curso. Será necesario acadar unha cualificación mínima de 5 puntos para superala.

Así mesmo, o alumnado que non acade os graos mínimos de consecución dos distintos Estándares de Aprendizaxe realizará actividades de reforzo e recuperación que lle permita chegar a conseguilos. Estas actividades consistirán na elaboración de esquemas, resumos de contidos e resolucións de exercicios prácticos.

Avaliación extraordinaria:

Aqueles alumnos/as que non acadasen unha cualificación positiva a final de curso, deberán realizar unha proba escrita na convocatoria extraordinaria do mes de xuño.

Dita proba será global e estará referida ás unidades de traballo e ós criterios de avaliación recollidos na presente programación. A súa estrutura coincidirá coas realizadas ó longo do curso. A valoración máxima será de 10 puntos e será necesario acadar unha cualificación mínima de 5 puntos para superar a devandita proba.

A proba cualificarase con dous decimais, redondeando ao enteiro superior cando o decimal sexa 0,5 ou máis.

7.1. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO NO CASO DE ENSINO SEMIPRESENCIAL.

Para o alumnado que non poida acudir á aula durante un determinado período de tempo por circunstancias derivadas da crise da Covid (ser portadores do virus ou ben atoparse en corentena por estar en contacto con persoas positivas en Covid) flexibilizaranse os criterios de avaliación anteriores.

Se o alumnado está confinado durante un curto período de tempo que non lle impida acudir ás probas escritas presenciais realizadas durante o trimestre e entregar as tarefas propostas a través da Aula Virtual, rexerán os criterios de avaliación ordinarios.

Se o feito de estar confinado lle impide ao alumnado acudir ás probas escritas presenciais realizadas durante o trimestre, debido ao peso que ditas probas teñen na cualificación final e co propósito de non prexudicar ao alumnado que se atope nestas circunstancias, rexerán os criterios de avaliación do apartado 7.2 que se detallan a continuación.

7.2. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO ANTE A SUSPENSIÓN DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL POLA CRISE DA COVID.

No caso de suspensión da actividade lectiva presencial, utilizarase a aula virtual para a avaliación do alumnado do mesmo xeito ao procedemento ordinario. Realizaranse dúas probas escritas telemáticas ,con límite de tempo, por avaliación, cun peso do 80% na nota e entrega de tarefas cun peso do 20% . O cálculo da nota da avaliación se realizará coma no caso da actividade lectiva presencial.

Avaliación extraordinaria:

O alumnado que non acade unha cualificación positiva a final de curso, deberá realizar unha proba escrita/telemática na convocatoria extraordinaria do mes de xuño.

Dita proba será global e estará referida ás unidades de traballo e ós criterios de avaliación recollidos na presente programación. A súa estrutura coincidirá coas

realizadas ó longo do curso. A valoración máxima será de 10 puntos e será necesario acadar unha cualificación mínima de 5 puntos para superar a devandita proba.

8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

Ademais da avaliación do alumnado, temos que cualificar tanto o proceso de ensino como a nosa práctica como docentes. Debemos contestar ás seguintes cuestións:

- **Que avaliar?** → Avaliación da práctica docente por parte do alumnado e avaliación do proceso de ensino por parte do docente (nos anexos recóllense os modelos de enquisas e os indicadores de logro). No caso de que os resultados destas avaliacións non sexan os esperados actuarase en consecuencia modificando os aspectos necesarios.
- **Cando avaliar?** → Ó final de cada trimestre realizaremos unha avaliación da nosa tarefa docente para corrixir erros, introducir melloras e ir axustando as posibles deficiencias que se poidan detectar.
- **Como avaliar?** → A través de varios procedementos e instrumentos que nos permitirán determinar a adecuación ás características do alumnado, ós obxectivos inicialmente propostos e á temporalización e secuenciación de contidos:
 - Información proporcionada polos resultados da propia avaliación do alumnado.
 - Diario do profesor, no que se anotarán as incidencias no desenvolvemento da práctica docente.
 - Resultados dos indicadores de logro propostos no anexo I.

9. ORGANIZACIÓN DO SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.

Non procede (o alumnado de 4º da ESO non ten materias pendentes deste Departamento).

10. ORGANIZACIÓN DOS PROCEDIMENTOS QUE LLE PERMITAN Ó ALUMNADO ACREDITAR OS COÑECEMENTOS NECESARIOS PARA CURSAR A MATERIA.

Non procede.

11. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUCENCIA DOS SEUS RESULTADOS.

A avaliación inicial aportará información para que o profesorado poida tomar decisións respecto ó nivel de profundidade á hora de desenvolver os temas e as estratexias de aprendizaxe necesarias en cada caso.

A devandita avaliación inicial será realizada polo profesorado do grupo nun prazo aproximado dun mes dende o inicio do curso. Para elo:

- Observaranse os coñecementos, procedementos e destrezas do alumnado durante o primeiro mes de clase.
- Confrontación das observacións coas realizadas por outros profesores e coa información do titor.
- Realización dunha sesión específica de valoración do alumnado ó final do primeiro mes de curso.
- Medidas individuais ou colectivas a adoptar.
- Atención personalizada na aula.
- Establecemento de tarefas extraordinarias con seguimento particular polo docente.

12. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Seguindo o *Decreto 229/2011, de 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación*, como profesores debemos ser conscientes da diversidade do noso alumnado.

A programación debe ter en conta que non todo o alumnado adquire ó mesmo tempo e coa mesma intensidade os contidos tratados. Por iso, debe deseñarse de modo que asegure un nivel mínimo para todas/os ó final do curso, dando oportunidades para recuperar os coñecementos non adquiridos no seu momento.

Haberá actividades que vaian dirixidas a cada alumna/o individualmente e outras que se dirixan ó alumnado agrupado en pequenos grupos; estas últimas xogan un papel esencial na aprendizaxe paralela de actitudes e valores. En todo caso, teremos previstas actividades de reforzo e ampliación. As primeiras estarán pensadas para aqueles estudantes que presenten algunha limitación na súa capacidade de aprender ou algún atranco en determinados contidos tratados na materia. As medidas de ampliación estarán destinadas para aqueles outros que presentan altas capacidades.

En definitiva, o docente debe axustar a súa labor pedagóxica ás diferentes necesidades a través de:

- **Metodoloxías diversas**, que se poden introducir nas formas de enfocar ou presentar determinados contidos ou actividades (como consecuencia dos distintos Graos de coñecementos previos detectados no alumnado ante a existencia de diferentes Graos de autonomía) ou pola identificación de dificultades en procesos anteriores.
- **Propostas de actividades diferenciadas**, adaptadas ás necesidades e ás motivacións do alumnado.
De manifestarse algunha dificultade para traballar determinados contidos, debe axustarse o Grao de complexidade da actividade e os requirimentos da tarefa ás súas posibilidades. Prepararanse contidos complementarios ou de ampliación para aquelas alumnas/os que sexan capaces de avanzar con máis rapidez.
- **Materiais didácticos non homoxéneos**. Os materiais deben ofrecer una ampla gama de actividades didácticas que respondan ós distintos Graos de aprendizaxe.
- **Agrupamentos flexibles e ritmos distintos**. A organización en grupos de

traballo flexibles no seo do grupo básico permite que o alumnado poida situarse en diferentes tarefas, propor actividades de reforzo e adaptar o ritmo de introdución de novos contidos.

13. TRATAMENTO DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO.

1. A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballaranse en tódalas materias, e no caso da materia de economía traballarase na aula tanto mediante a realización de traballos escritos, como de presentacións orais, utilizando as TICS para tal finalidade.

2. Promoverase a igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ó principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal, sexual ou social que no caso da materia de economía farase tratando diversos temas de actualidade como a brecha salarial existente entre homes e mulleres, as dificultades de acceso destas a postos directivos, a conveniencia ou non da discriminación positiva relacionada cos distintos colectivos sociais, etc.

3. A materia de economía promoverá a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en tódolos ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto ós dereitos humanos, o respecto por igual ós homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ó Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

Na materia de Economía trataremos temas controvertidos como a globalización económica, o crecemento económico, o reparto da renda, a importancia do sector público e dos impostos como vía para financiar o mesmo. Todos estes temas propiciarán a realización de debates, traballos e presentacións nas que se fomentará a

concienciación do alumnado da inxustiza das desigualdades sociais e económicas pero tamén das vías adecuadas para intentar solventalas.

4. A realización das actividades programadas para a aula e mencionadas anteriormente, tratarán de fomentar aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico, que son a base do emprendemento e da iniciativa empresarial.

14. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

As actividades complementarias e extraescolares que se propoñen dende o Departamento son:

- Charlas sobre emprendemento e cooperativismo
- Lecturas e comentarios das novas económicas que aparezan diariamente nos medios de comunicación.

15. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN, MODIFICACIÓN DE PROGRAMACIÓN DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

Ó longo do curso levarase a cabo o seguimento e avaliación da programación didáctica, co obxectivo de comprobar a adecuación da realidade diaria da aula coas liñas de actuación marcadas na programación.

A avaliación da programación didáctica terá un carácter continuo e formativo, e atenderá, entre outros, ós seguintes aspectos:

- a) A adecuación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación ás características e necesidades dos alumnos.
- b) Os aprendizaxes logrados polo alumnado.
- c) As medidas de individualización da ensinanza con especial atención ás medidas de apoio e reforzo empregadas.
- d) A programación e o seu desenvolvemento e, en particular, as estratexias de

ensinanza, os procedementos de avaliación do alumnado, a organización da aula e o aproveitamento dos recursos do centro.

e) A relación co alumnado, así como o clima de convivencia.

f) A coordinación co resto de profesores de cada grupo, e no seo do departamento de Economía.

g) As relacións co titor/a e, no seu caso, coas familias.

Para valorar o axuste entre o deseño da programación didáctica e os resultados obtidos empregaranse tres mecanismos:

- Seguimento continuo por parte do Departamento. Indagarase acerca do Grao de cumprimento da programación, dos posibles cambios que se produciron e das súas causas, as expectativas de cumprimento da programación ata o final do curso, etc., de modo que se poida axustar respecto ós resultados que se vaian vendo no alumnado.

- Observación dos resultados de cada avaliación, analizando en que medida se están acadando os obxectivos inicialmente propostos.

- Memoria final de curso na que se valorará o Grao de eficacia da propia programación e se determinarán os aspectos que se consideran positivos e negativos así como as propostas de mellora.

16. CONTRIBUCIÓN Ó PROXECTO LECTOR, Ó PLAN TIC E Ó PLAN DE CONVIVENCIA DO CENTRO.

PROXECTO LECTOR

A lectura axuda a desenvolver persoas con máis recursos, máis reflexivas, máis razoables e con maior espírito crítico; persoas capaces de entender o mundo actual e de adaptarse ós cambios que están por chegar. Tódolos días o alumnado ten que enfrontarse a textos, con diferentes graos de dificultade e con vocabulario económico, que necesitan comprender para poder asimilar os conceptos neles expostos e finalmente acadar os obxectivos das materias.

A lectura practícase de forma cotiá na aula, partindo do propio libro de texto ou dos apuntes que o docente elabora. Tamén traballamos con artigos de prensa diaria, revistas económicas, textos legais, páxinas web ou blogs, realizando explicacións e comentarios sobre a actualidade económica. O obxectivo é mellorar os hábitos de lectura e que as alumnas/os lean correctamente, comprendendo o significado dos textos.

Na biblioteca do centro atópanse diferentes libros sobre economía polo que dende o departamento animábase ó alumnado á lectura dos mesmos.

PLAN TIC

A aplicación das Tics como recurso didáctico convértese nunha peza clave na educación e formación das novas xeracións.

Dende a materia de Economía contribúese ó Plan de integración das Tics. Entre as actividades a levar a cabo pódense citar:

- Presentacións das unidades didácticas a través de programas como “Power Point”.

- Proxección de vídeos e curtas de películas.

- Uso da Aula Virtual e de Drive.

- Bosquexo de información en páxinas webs recomendadas, entre outras:

- www.ige.eu (Instituto Galego de Estatística)

- www.sepe.es (Servizo Público de Emprego)

- www.bde.es (Banco de España)

- www.seg-social.es (Ministerio de traballo e asuntos sociais)

- www.aeat.es (Axencia Tributaria)

- www.camaras.org (Cámaras de Comercio)

PLAN DE CONVIVENCIA

A través da materia e tendo en conta o plan de convivencia do centro intentarase:

- Contribuír ó labor de concienciación sobre a importancia dunha axeitada convivencia

escolar que permita unha mellor relación ensinanza-aprendizaxe.

- Fomentar o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade e os valores inherentes ó principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.
- Detectar o antes posible conflitos que poidan xurdir nas aulas para resolvelos de maneira pacífica.
- Promover a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto ós dereitos humanos, o respecto ós homes e mulleres por igual, ás persoas con discapacidade e ó rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ó Estado de dereito, o respecto e consideración ás vítimas do terrorismo e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Establecer normas de funcionamento e organización das clases da materia, da aula multimedia, da aula de informática ou de calquera espazo que se utilice para impartir a materia.
- Motivar ao alumnado para que comece a interiorización da cultura do diálogo e a mediación.
- Fomentar o respecto entre todos os membros da comunidade e a integración de tódalas/os alumnas/os no centro.
- Fomentar a realización de actividades que potencien o respecto á diversidade.
- Promover a prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia.

PROGRAMACIÓN ECONOMÍA 1º BACHARELATO

CURSO 2021/2022

Índice

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.....	69
1.1. INTRODUCCIÓN.....	69
1.2. CONTEXTUALIZACIÓN.....	70
2. CONTRIBUCIÓN Ó DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.....	71
3. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS DE CURSO.....	73
3.1 OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA.....	73
3.2. OBXECTIVOS XERAIS DA MATERIA.....	74
4. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE.....	77
5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS.....	88
5.1. METODOLOXÍA NO CASO DE ENSINO SEMIPRESENCIAL.....	90
5.2. METODOLOXÍA ANTE O POSIBLE CONFINAMENTO POLA CRISE DA COVID.....	91
6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.....	92
7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.....	92
7.1. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO NO CASO DE ENSINO SEMIPRESENCIAL.....	94
7.2. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO CONFINADO POLA CRISE DA COVID.....	96
8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.....	97
9. ORGANIZACIÓN DO SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.....	98
10. ORGANIZACIÓN DOS PROCEDIMENTOS QUE LLE PERMITAN Ó ALUMNADO ACREDITAR OS COÑECEMENTOS NECESARIOS PARA CURSAR A MATERIA.....	98
11. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUCENCIA DOS SEUS RESULTADOS.....	98
12. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	99
13. TRATAMENTO DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SETRABALLARÁN NO CURSO.....	100
14. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	101
15. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN, MODIFICACIÓN DE PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.....	101
16. CONTRIBUCIÓN Ó PROXECTOR LECTOR, Ó PLAN TIC E Ó PLAN DE CONVIVENCIA DO CENTRO.....	103

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

1.1. INTRODUCCIÓN.

A presente programación desenvólvese de acordo á Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE), que modifica á Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio de Educación (LOE) e a nivel estatal ó Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato, así como ó Decreto 86/2015, do 25 de xuño polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

A importancia que teñen os asuntos económicos na nosa sociedade e a forma tan directa en que nos afectan, tanto individual como colectivamente, fan necesaria a existencia dunha formación específica que proporcione as claves necesarias para comprender a realidade actual. Ademais, a materia permite afondar naqueles conceptos tratados na vida cotiá, onde os temas económicos están en primeira plana, tanto nos medios de comunicación como no día a día.

Na materia trataremos temas tan importantes como a inflación, o desemprego, a distribución da renda, o PIB ou os sistemas económicos, entre outros. Por todo isto, o estudo da Economía vai permitirlle ó alumnado coñecer o mundo, incentivar a súa capacidade de razoamento e de abstracción e proporcionarlle ferramentas para examinar de xeito crítico a sociedade, para exercer a súa cidadanía cunha actitude reflexiva e responsable.

Ó ser unha ciencia social, que se relaciona con outras ciencias, vai proporcionarlle ó alumnado tamén coñecementos matemáticos, estatísticos e habilidades de comunicación oral e escrita para explicar e transmitir ideas e conclusións.

Cunha carga lectiva de **4 sesións semanas**, a materia organízase ó redor de 7 bloques de contidos:

- *Bloque 1: "A economía e a escaseza. A organización da actividade económica".*
- *Bloque 2: "A actividade produtiva".*

- Bloque 3: "O mercado e o sistema de prezos".
- Bloque 4: "A macroeconomía".
- Bloque 5: "Aspectos financeiros da economía".
- Bloque 6: "O contexto internacional da economía".
- Bloque 7: "Desequilibrios económicos e o papel do Estado na economía".

1.2. CONTEXTUALIZACIÓN

O Centro no que se imparte a materia é un Instituto de Ensinanza Secundaria situado nos arredores de O Carballiño, no lugar de Mesego. A vila está emprazada ó noroeste da provincia de Ourense e conta cunha poboación de 14.089 habitantes (segundo datos do IGE en base ó Padrón municipal de habitantes a 1 de xaneiro de 2020), configurándose como o segundo municipio máis poboado da provincia.

O IES acolle ó alumnado procedente dos centros adscritos: colexios de Primaria de Beariz, O Irixo, Boborás e Calvo Sotelo de O Carballiño. Deste último, está adscrito o alumnado que demanda o uso de comedor e transporte escolar gratuítos. Así mesmo, tamén se escolariza ó alumnado doutras zonas educativas como son Avión, Maside, San Amaro, Piñor, Cea e Dozón. O feito de que o alumnado proceda de varios concellos do rural e de diferentes centros educativos constitúe unha característica de diversidade.

Para o presente curso académico 2021-2022 a distribución do alumnado nos diferentes cursos e materias do Departamento especificase na seguinte táboa:

Materia	Curso	Sesións semanais	Nº alumnas/os	Nº grupos
Economía	4º ESO	3	33	2
Iniciación á actividade emprendedora e empresarial	4º ESO	3	17	1
Economía	1º BAC	4	19	1
Economía da Empresa	2º BAC	4	19	1
Economía	1º BAC Adultos	1	3	1
Economía da Empresa	2º BAC Adultos	1	3	1

2. CONTRIBUCIÓN Ó DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.

Para garantir a adecuada continuidade da materia en relación ás etapas precedentes, á incorporación a estudos superiores ou ó mundo laboral, no Bacharelato trabállanse as sete competencias clave recollidas no *Decreto 86/2015 de 29 de xuño*, de xeito que o alumnado, partindo de coñecementos, destrezas, habilidades e actitudes asimiladas, se desenvolva en diversas situacións e contextos (persoal, social, académico, profesional), poida participar na vida democrática e formarse ó longo da súa vida.

A aprendizaxe das competencias require unha adecuada metodoloxía na aula, polo que nesta materia de Economía prográmanse actividades e tarefas integradoras, contextualizadas e relacionadas, na medida do posible, coa vida cotiá para que permitan a aplicación e transferencia do aprendido na aula.

En concreto o currículo da materia de Economía de 1º de bacharelato contribúe ó desenvolvemento das seguintes competencias clave:

I. Competencia en Comunicación lingüística (CCL)

Esta competencia desenvólvese mediante a definición de termos económicos, a lectura e posta en común de noticias e artigos e a realización de debates, exercitando así a comprensión lectora e oral, contribuíndo ó reforzo dos hábitos de lectura e ó dominio tanto da expresión oral coma da expresión escrita (nas linguas galega e castelá).

II. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT)

A competencia matemática traballarase a través da realización de cálculos, a aplicación de fórmulas, a interpretación de resultados, a elaboración e análise de gráficos, entre outras actividades. As competencias básicas en ciencia e tecnoloxía traballaranse, por exemplo, a través do emprego de ferramentas informáticas como Google Drive (na elaboración de traballos en grupo).

III. Competencia dixital (CD)

A expresión de ideas mediante procesadores de textos, follas de cálculo e programas informáticos, así como o uso de ferramentas colaborativas ou de comunicación propias

de internet, comportan o uso habitual dos recursos tecnolóxicos dispoñibles para resolver de modo eficiente os problemas típicos que presenta a Economía.

O uso de medios audiovisuais e internet favorecen o desenvolvemento da competencia dixital; contribúese a que o alumnado utilice eficazmente e con responsabilidade as Tics e tamén a que valoren a contribución da ciencia e da tecnoloxía ó cambio das condicións de vida.

IV. Competencia para aprender a aprender (CAA)

A análise económica implica a curiosidade de deseñar preguntas, identificar a diversidade de respostas posibles e utilizar as estratexias e metodoloxía económica para tomar unha decisión racional e crítica coa información dispoñible. Debido a que moitas alumnas/os carecen das técnicas básicas que lle permiten aprender de forma estruturada, esta competencia é fundamental. Para profundar nela traballaremos entre outras técnicas, o subliñado, o resumo, o esquema, o mapa de conceptos, as técnicas de memorización, o reparto de tarefas, etc.

V. Competencias sociais e cívicas (CSC)

Traballaranse no día a día na aula, cos traballos en grupo, a empatía, o diálogo, a tolerancia, a resolución de conflitos, o aprecio da pluralidade, a igualdade, recoñecendo os valores democráticos, valorando os dereitos humanos e o papel do home e da muller como axentes económicos.

VI. Competencia de sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)

A propia natureza dos contidos da materia, directamente relacionados co funcionamento do sistema económico e das organizacións sociais e empresariais, aportan ó alumnado o coñecemento necesario para o desenvolvemento desta competencia; estimularémola a través dos traballos individuais e en equipo, onde o alumnado debe planificar, elixir con criterio propio, tomar decisións, imaxinar proxectos, criticar posturas e defender argumentos propios.

VII. Competencia de conciencia e expresións culturais (CCEC)

A maneira que teñen as sociedades de producir, intercambiar e medrar economicamente contribúe ó desenvolvemento cultural da humanidade e garda

relación con esta competencia. Ó longo das diferentes unidades didácticas, mediante a observación dos problemas ós que a economía dun país ou rexión ten que facer fronte, así como ó tipo de respostas que a sociedade esixe, faremos alusión á herdanza cultural dunha comunidade, ó seu patrimonio e ás estratexias para resolver as necesidades de cada momento.

3. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS DE CURSO.

3.1 OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA.

Tal e como se establece no Decreto 86/2015, de 29 de xuño, o bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i) Acceder ós coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ó cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara o medioambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ó territorio galego.
- m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
- o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

3.2. OBXECTIVOS XERAIS DA MATERIA.

1. Identificar o ciclo da actividade económica. Distinguir sistemas económicos e formar un xuízo persoal sobre as vantaxes e inconvenientes de cada un deles.

2. Manifestar interese por coñecer e interpretar con sentido crítico e solidario os grandes problemas económicos actuais, en especial as desigualdades económicas e a sobreexplotación de recursos naturais, así como os derivados da globalización da actividade económica.

3. Relacionar feitos económicos significativos co contexto social, político, histórico e cultural en que tiveron lugar. Trasladar esta reflexión ás situacións cotiás. Formular xuízos persoais sobre a conveniencia ou non da intervención da Administración pública na economía e dos seus efectos.

4. Comprender o funcionamento do sistema de economía de mercado, sinalando as súas vantaxes e inconvenientes, así como as interrelacións entre o sistema económico e os fenómenos sociais.

5. Utilizar técnicas elementais de tratamento e representación de datos sobre a economía galega, española, europea ou doutras zonas do mundo para coñecer e comprender os trazos característicos da situación económica deses territorios e as perspectivas de futuro.

6. Formular xuízos persoais acerca de problemas económicos de actualidade. Comunicar opinións argumentando con precisión e rigor a partir de conceptos e principios económicos elementais. Aceptar a discrepancia e os puntos de vista distintos.

7. Interpretar as mensaxes, datos e informacións que aparecen nos medios de comunicacións e/ou internet sobre os desaxustes económicos actuais e contrastar as medidas correctoras de política económica que se propoñen. Formular xuízos persoais sobre elas e comprender que as decisións implican, en ocasións, elixir entre obxectivos en parte contraditorios para os diferentes axentes económicos.

8. Analizar e valorar criticamente as repercusións do crecemento económico sobre o medio natural e a calidade de vida das persoas, así como o diferente Grao de desenvolvemento das distintas rexións e países. Reflexionar sobre a necesidade de acadar un desenvolvemento sustentable.

9. Abordar de maneira autónoma e razoada problemas económicos do contorno, utilizando os procedementos de indagación das ciencias sociais e diversas fontes e medios de información, en especial as tecnoloxías da información e comunicación. Trasladar esta reflexión ás situacións cotiás do contorno.

10. Coñecer e comprender, dunha maneira crítica, o uso e significado das principais magnitudes macroeconómicas como indicadores da situación económica dun país.

4. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVAILABLE.

Bloque 1. A economía e a escaseza. A organización da actividade económica.

Obxect.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consecución	Compet. clave
▪ i ▪ l	▪ B1.1 Escaseza, elección e asignación de recursos. Custo de oportunidade.	B1.1	ECB1.1.1. Recoñece a escaseza e a correspondente necesidade de elixir entre decisións alternativas, como problema máis determinante para afrontar todo sistema económico.	Explica o problema da escaseza e a necesidade de elixir e de tomar decisións. Expresa verbalmente, de xeito razoado, o proceso seguindo a resolución dun problema.	▪ CAA ▪ CMCCT
▪ a ▪ h ▪ i ▪ l	▪ B1.2. Mecanismos de asignación de recursos. ▪ B1.3. Análise e comparación de sistemas económicos.	B1.2	ECB1.2.1. Analiza as respostas ás preguntas clave sobre a organización dos principais sistemas económicos.	Recoñece os elementos máis determinantes que se afrontan en todo sistema económico.	▪ CSC ▪ CMCCT ▪ CD
			ECB1.2.2. Relaciona, para a súa interpretación, os cambios máis recentes no escenario económico mundial coas circunstancias técnicas, económicas, sociais e políticas que os explican, a partir de casos concretos de análise.	Identifica e interpreta situacións concretas de cambio no escenario económico mundial coas circunstancias que os explican.	▪ CSC ▪ CD ▪ CAA
			ECB1.2.3. Compara sistemas económicos, utilizando exemplos actuais do ámbito internacional.	Analiza as características propias dos sistemas escollidos e as identifica como propias dun determinado sistema económico.	▪ CAA ▪ CD ▪ CSC
▪ a ▪ f	▪ B1.4. Economía como ciencia: actividade económica e sociedade. ▪ B1.5. Principios na toma de decisións económicas. ▪ B1.6. Modelos económicos. Economía positiva e normativa. ▪ B1.7. Información económica: interpretación de datos e gráficos.	B1.3	ECB1.3.1. Distingue as proposicións económicas positivas das proposicións económicas normativas.	Distingue as proposicións económicas positivas e as normativas e explicaas correctamente.	▪ CAA ▪ CMCCT
			ECB1.3.2. Interpreta os modelos de representación da realidade económica, e emprega os termos e a metodoloxía apropiados para analizar problemas económicos concretos.	Explica con coherencia o fluxo circular da renda e o representa diferenciando o fluxo real do fluxo monetario.	▪ CCL ▪ CMCCT ▪ CD

Bloque 2. A actividade produtiva.

Obxect.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consecución	Compet. clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ i ▪ l ▪ m ▪ p 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Proceso produtivo e factores de produción. 	B2.1	ECB2.1.1. Expresa unha visión integral do funcionamento do sistema produtivo partindo do estudo da empresa e a súa participación en sectores económicos, así como a súa conexión e interdependencia.	Identifica en diferentes supostos as distintas etapas do sistema produtivo, definindo as funcións a desenvolver en cada unha delas.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCL ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. División técnica do traballo, produtividade e interdependencia. 	B2.2	ECB2.2.1. Relaciona o proceso de división técnica do traballo coa interdependencia económica nun contexto global.	Coñece e relaciona o proceso de división técnica do traballo.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSC
			ECB2.2.2. Clasifica e define os factores produtivos, e describe as relacións entre produtividade, eficiencia e tecnoloxía.	Coñece e explica as categorías dos factores produtivos e as relacións entre produtividade, eficiencia e tecnoloxía.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ h ▪ i ▪ l ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Globalización: cambios no sistema produtivo ou na organización da produción. 	B2.3	ECB2.3.1. Analiza para explicar as repercusións da actividade das empresas, tanto nun ámbito próximo coma nun ámbito internacional.	Identifica e describe con exactitude os efectos da actividade empresarial sobre o entorno social e físico.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ h ▪ i ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.4. Empresa: obxectivos e funcións. 	B2.4	ECB2.4.1. Distingue e interpreta os obxectivos e as funcións das empresas.	Describe e identifica as funcións e os obxectivos das empresas.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSIEE
			ECB2.4.2. Explica a función creadora de utilidade dos bens das empresas.	Explica o proceso de creación de valor das empresas.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD
<ul style="list-style-type: none"> ▪ i ▪ l ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.5 Eficacia, eficiencia e efectividade. ▪ B2.6. Eficiencia na produción: eficiencia técnica e económica. 	B2.5	ECB2.5.1. Determina e interpreta a eficiencia técnica e económica a partir dos casos formulados.	Selecciona os procesos eficientes técnica e economicamente empregando a análise matemática.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD

<ul style="list-style-type: none"> ▪ i ▪ l ▪ m 	B2.7. Custos de producción. Cálculo e análise dos custos de producción e dos beneficios.	B2.6	ECB2.6.1. Calcula, clasifica e utiliza diversos tipos de custos, fixos e variables, totais, medios e marxinais, e representa e interpreta gráficos de custos.	Calcula os diferentes tipos de custos e representós graficamente.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD
			ECB2.6.2. Calcula, analiza e interpreta os beneficios dunha empresa a partir de supostos de ingresos e custos dun período.	Determina o beneficio ou perdas dunha empresa a partir dos datos de ingresos e custos.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD
<ul style="list-style-type: none"> ▪ i ▪ l ▪ m 	B2.8. Función de producción.	B2.7	ECB2.7.1. Representa e interpreta gráficos de producción total, media e marxinal, a partir de supostos dados.	Representa gráficos de producción total, media e marxinal correctamente incluíndo todos os elementos necesarios para a súa correcta interpretación.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD

Bloque 3. O mercado e o sistema de prezos.

Obxect.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consecución	Compet. clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ i ▪ l ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Curva de demanda. Movementos ó longo da curva de demanda e desprazamentos na curva de demanda. Elasticidade da demanda. ▪ B3.2. Curva de oferta. Movementos ó longo da curva de oferta e desprazamentos na curva de oferta. Elasticidade da oferta. ▪ B3.3. Equilibrio do mercado. 	B3.1	ECB3.1.1. Representa graficamente os efectos das variacións das variables no funcionamento dos mercados.	Representa graficamente as modificacións que, sobre a oferta e a demanda, producen a alteración das variables que inciden sobre ditas magnitudes.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT
			ECB3.1.2. Define e expresa matematicamente as variables que determinan a oferta e a demanda.	Calcula os valores da oferta e da demanda empregando ecuacións da recta. Determina o punto de equilibrio.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT
			ECB3.1.3. Analiza as elasticidades de demanda e de oferta, interpretando os cambios en prezos e cantidades, así como os seus efectos sobre os ingresos totais.	Calcula con exactitude as elasticidades e interpreta os resultados.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ h ▪ i ▪ l ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4. Estructuras de mercado e modelos de competencia. ▪ B3.5. Competencia perfecta. Competencia imperfecta. Monopolio. Oligopolio. Competencia monopolística. 	B3.2	ECB3.2.1. Analiza e compara o funcionamento dos tipos de mercados, e explica as súas diferenzas	Identifica os elementos característicos do mercados.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT
			ECB3.2.2. Aplica a análise dos tipos de mercados a casos reais identificados a partir da observación do ámbito máis inmediato.	Clasifica mercados actuais nos diferentes mercados estudados.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSC
			ECB3.2.3. Valora de forma crítica os efectos que se derivan sobre os axentes intervinientes nos diversos mercados.	Valora os efectos do comportamento dos axentes.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC

Bloque 4. A macroeconomía.

Obxect.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consecución	Compet. clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ g ▪ h ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Macromagnitudes: produción. Renda. Gasto. ▪ B4.2. Equilibrio macroeconómico: demanda e oferta agregadas. ▪ B4.3. Inflación e tipos de xuro. ▪ B4.4. Os vínculos dos problemas macroeconómicos e a súa interrelación. 	B4.1	ECB4.1.1. Mide, interpreta e expresa as principais magnitudes macroeconómicas como indicadores da situación económica dun país.	Coñece os compoñentes de cada unha das macromagnitudes e interpreta os datos dos mesmos para valorar a evolución da economía dun país	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CCL ▪ CSC
			ECB4.1.2. Relaciona as principais macromagnitudes e utilízalas para establecer comparacións con carácter global.	Converte unhas magnitudes noutras empregando as relacións descritas na aula	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSC
			ECB4.1.3. Analiza de forma crítica os indicadores estudados e valora o seu impacto, os seus efectos e as súas limitacións para medir a calidade de vida.	Detecta as carencias das macromagnitudes como indicadores da calidade de vida e enuncia alternativas a ditos indicadores.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ g ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.5. Indicadores do desenvolvemento da sociedade: as macromagnitudes e as súas limitacións. 	B4.2	ECB4.2.1. Utiliza e interpreta a información contida en táboas e gráficos de variables macroeconómicas e a súa evolución no tempo.	Analiza e elabora gráficos sinxelos de variables macroeconómicas e valora a súa evolución no tempo.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD
			ECB4.2.2. Considera investigacións e publicacións económicas de referencia como fonte de datos específicos, e recoñece os métodos de estudo utilizados por economistas.	Traballa con publicacións económicas e interpreta os datos macroeconómicos.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CD
			ECB4.2.3. Opera con variables económicas mediante aplicacións informáticas, analízalas e interprétaas, e presenta as súas valoracións de carácter persoal.	Usa follas de cálculo para a interpretación de datos macroeconómicos.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT

<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ h ▪ i ▪ l ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.6. Mercado de traballo. Desemprego: tipos e causas. 	B4.3	ECB4.3.1. Examina e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados co mercado de traballo.	Extrae información relevante das gráficas de emprego e é capaz de interpretalas en contradicións.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT
			ECB4.3.2. Valora a relación da educación e a formación coas probabilidades de obter un emprego e mellores salarios.	Recoñece a importancia da cualificación á hora de encontrar traballo.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSC
			ECB4.3.3. Investiga e recoñece vieiros de ocupación e tendencias de emprego.	Investiga sobre os viveiros de empresa.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CD
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ g ▪ h ▪ i ▪ l ▪ p 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.7. Políticas contra o desemprego. O desemprego en Galicia. 	B4.4	ECB4.4.1. Analiza os datos de inflación e desemprego en España e as alternativas para loitar contra o desemprego e a inflación.	Coñece os diferentes tipos de inflación e de desemprego, e identifica as posibilidades para contrarrestalos.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CSIEE

Bloque 5. Aspectos financeiros da economía.

Obxect.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consecución	Compet. clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. O diñeiro na economía: tipoloxía e funcionamento. ▪ B5.2. Proceso de creación do diñeiro. 	B5.1	ECB5.1.1. Analiza e explica o funcionamento do diñeiro e do sistema financeiro nunha economía.	Explica o proceso de creación de diñeiro bancario, e a razón de ser do sistema financeiro como canalizador do aforro.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CMCCT ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ d ▪ h ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. Teorías explicativas da inflación. 	B5.2	ECB5.2.1. Recoñece as causas da inflación e valora as súas repercusións económicas e sociais.	Coñece as diferentes orixes da inflación é consciente dos seus efectos sobre a estabilidade económica.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4. Sistema financeiro. Novas formas de financiamento. 	B5.3	ECB5.3.1. Valora o papel do sistema financeiro como elemento canalizador do aforro ó investimento, e identifica os produtos e os mercados que o compoñen.	Recoñece a necesidade da existencia do sistema financeiro.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSC ▪ CD
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ d ▪ h ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.5. Política monetaria: instrumentos. 	B5.4	ECB5.4.1. Razona de forma crítica, en contextos reais, sobre as accións de política monetaria e o seu impacto económico e social.	Identifica dúas consecuencias de determinadas políticas monetarias sobre a economía real.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ h ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.6. Banco Central Europeo. ▪ B5.7. Mecanismos da oferta e demanda monetaria: efectos sobre os tipos de xuro. 	B5.5	ECB5.5.1. Identifica os obxectivos e a finalidade do Banco Central Europeo, eazona sobre o seu papel e o seu funcionamento.	Coñece as principais funcións do Banco Central Europeo.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT ▪ CSC
			ECB5.5.2. Describe os efectos das variacións dos tipos de xuro na economía.	Enumera as repercusións das variacións dos tipos de xuro.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT

Bloque 6. O contexto internacional da economía.

Obxect.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consecución	Compet. clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ g ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.1. Comercio internacional: causas e teorías. ▪ B6.2. Balanza de pagamentos, con especial referencia á española. 	B6.1	ECB6.1.1. Identifica e describe os fluxos comerciais internacionais.	Coñece o funcionamento da balanza de pagos e fai exercicios sinxelos.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCL ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.3. Cooperación e integración económica. ▪ B6.4. Unión Europea (UE). 	B6.2	ECB6.2.1. Explica o proceso de cooperación e integración económica producido na Unión Europea, e reflexiona para valorar as repercusións e as implicacións para España nun contexto global.	Distingue entre os diferentes niveis de integración existentes a nivel mundial. Coñece as repercusións da pertenza á UE.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ h ▪ i ▪ l ▪ p 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.5. Globalización económica e financeira: causas e consecuencias. ▪ B6.6. Organismos económicos internacionais: mecanismos de regulación. 	B6.3	<p>ECB6.3.1. Expresa as razóns que xustifican o intercambio económico entre países.</p> <p>ECB6.3.2. Describe as implicacións e os efectos da globalización económica nos países e reflexiona sobre a necesidade da súa regulación e da súa coordinación.</p>	<p>Coñece e afonda nas razóns que xustifican o comercio internacional.</p> <p>Coñece e explica as consecuencias positivas e negativas da globalización.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC ▪ CAA ▪ CD ▪ CMCCT ▪ CSC

Bloque 7. Desequilibrios económicos e o papel do Estado na economía.

Obxect.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consecución	Compet. clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ c ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.1. Ciclos económicos: crises na economía. ▪ B7.2. Políticas macroeconómicas de crecemento, estabilidade e desenvolvemento. ▪ B7.3. Ambiente: recurso sensible e escaso. ▪ B7.4. Pobreza e subdesenvolvemento: causas e posibles vías de solución. 	B7.1	ECB7.1.1. Identifica e analiza os factores e as variables que inflúen no crecemento económico, no desenvolvemento e na redistribución da renda.	É capaz de empregar os datos facilitados para diferenciar situacións de crecemento, desenvolvemento e de redistribución da renda.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CMCCT ▪ CD
			ECB7.1.2. Diferenza os conceptos de crecemento e de desenvolvemento.	Diferenza os conceptos de crecemento e de desenvolvemento en exemplos reais.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT
			ECB7.1.3. Recoñece e explica as consecuencias do crecemento sobre a repartición da riqueza, sobre o ambiente e sobre a calidade de vida.	Valora criticamente diferentes posibilidades de crecemento económico e as súas repercusións sobre a calidade de vida e o medioambiente.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC
			ECB7.1.4. Analiza de forma práctica os modelos de desenvolvemento dos países emerxentes e as oportunidades que teñen os países en vías de desenvolvemento para crecer e progresar.	Coñece as características que debe conter un país para ser catalogado como emerxente.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CD ▪ CSC
			ECB7.1.5. Reflexiona sobre os problemas ambientais e a súa relación co impacto económico internacional analizando as posibilidades dun desenvolvemento sustentable.	Identifica as implicacións que o desenvolvemento económico ten sobre o medioambiente e diferenzas entre externalidades positivas e negativas.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CMCCT
			ECB7.1.6. Desenvolve actitudes positivas en relación con ambiente e valora a consideración da protección do ambiente na toma de decisións económicas.	Coñece as actuacións de RSC.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSC

			ECB7.1.7. Identifica os bens ambientais como factor de produción escaso, que proporciona inputs e recolle refugallo e residuos, o que supón valorar os custos asociados.	Recoñece o carácter limitado dos recursos e expresa valores positivos cara a súa reutilización.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CMCCT
			ECB7.1.8. Recoñece a evolución cíclica da actividade económica, describe as fases, as representa graficamente e considera as súas consecuencias sociais.	Identifica as fases do ciclo económico e asocia a cada unha as súas principais características.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.5. Política fiscal e orzamentos públicos. ▪ B7.6. O Estado na economía: funcións. ▪ B7.7. Os fallos de mercado e a intervención do sector público. ▪ B7.8. Redistribución da renda e riqueza: igualdade de oportunidades. 	B7.2	ECB7.2.1. Distingue e explica as funcións do Estado: fiscais, estabilizadoras, redistributivas, reguladoras e provedoras de bens e servizos públicos.	Explica o funcionamento das medidas do Estado cara a estabilidade da economía e a redistribución da renda e as exemplifica.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT
			ECB7.2.2. Identifica os principais fallos do mercado, as súas causas e os seus efectos para os axentes que interveñen na economía, e as opcións de actuación por parte do Estado.	Explica como se orixinan os fallos do mercado e a actuación que se espera do Estado para mitigar os seus efectos.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CMCCT ▪ CD
			ECB7.2.3. Clasifica e describe os elementos integrantes dos orzamentos públicos e argumenta a necesidade de prever os ingresos e os gastos, e controlara súa execución.	Coñece os principais elementos dos orzamentos do estado e é capaz de clasificar algunhas partidas sinxelas neles.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CD

A temporalización das unidades didácticas é flexible, podendo modificarse en función das necesidades do alumnado.

Unidade didáctica	Nº de sesións (128)	Trimestre
1.- Introducción á economía	9	1º
2.- A organización da actividade económica	9	
3.- A produción e a empresa	9	
4.- O funcionamento do mercado	9	
5.- Tipos de mercados	9	
6.- Os indicadores económicos	9	2º
7.- O equilibrio macroeconómico	8	
8.- O mercado de traballo	9	
9.- O diñeiro e os mercados financeiros	9	
10.- A inflación	8	
11.- Desequilibrios económicos	8	3º
12.- O sector público na economía	8	
13.- O contexto internacional da economía	8	
14.- Globalización e integración económica. A UE	8	
15.- Crecemento, desenvolvemento e pobreza	8	

Tomando como referencia o calendario escolar para o ano 2021/2022, establecido na Orde do 19 de maio do 2021, no seguinte cadro recóllese a secuenciación dos bloques nos que se divide a materia ó longo do curso:

Bloque	1ºT	2ºT	3ºT
Bloque 1: A economía e a escaseza. A organización da actividade económica	X		
Bloque 2: A actividade produtiva	X		
Bloque 3: O mercado e o sistema de prezos	X		
Bloque 4: A macroeconomía		X	
Bloque 5: Aspectos financeiros da economía		X	
Bloque 6: O contexto internacional da economía			X
Bloque 7: Desequilibrios económicos e o papel do Estado na economía			X

5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS.

Orientacións metodolóxicas

Por metodoloxía didáctica entendemos o conxunto de actividades e accións educativas que están organizadas e planificadas polo docente coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe dos estudantes.

O paradigma metodolóxico que orienta esta programación será o construtivismo, cunha metodoloxía que se adapte ás características do alumnado, favorecendo a capacidade de aprender de xeito autónomo, o traballo en equipo, promovendo a creatividade e o dinamismo e integrando os recursos das tecnoloxías da información e da comunicación na aprendizaxe.

Os principios básicos empregados para levar adiante este proceso de ensinanza-aprendizaxe serán entre outros:

- Partir do nivel do alumnado e dos coñecementos previos para favorecer a construción de aprendizaxes novas e significativas, ademais dunha memorización comprensiva, sinxela e produtiva.
- Promover unha visión global coordinada dos procesos produtivos nos que debe intervir o profesional.
- Propiciar situacións de aprendizaxe motivadoras e funcionais que teñan sentido e significado, e onde o alumnado actualice os seus coñecementos, favorecendo así a súa independencia.
- Organizar os contidos de forma ordenada e lóxica, para que o alumnado poida establecer relacións.
- Tratar de forma globalizada e integrada os distintos contidos.
- Integrar a teoría e a práctica.
- Fomentar un clima de cooperación nos traballos que favoreza a relativización dos puntos de vista, o incremento das aspiracións e do rendemento académico, o proceso de socialización, etc.

O desenvolvemento metodolóxico xeral das unidades de traballo será realizado do seguinte modo:

- Sondaxe inicial sobre os coñecementos previos.
- Presentación dos aspectos esenciais da unidade a través dun mapa conceptual.
- Lectura comprensiva dos epígrafes teóricos da unidade e explicación de conceptos básicos.
- Realización de actividades complementarias e de aplicación.
- Resolución de dúbidas e corrección de actividades e exercicios.
- Proba escrita.

Estratexias de ensino-aprendizaxe

Buscaremos realizar actividades variadas, innovadoras, motivadoras e significativas, que o alumnado poida relacionar con experiencias previas ou con coñecementos adquiridos anteriormente e que sexan actividades que poidan usar na súa vida real e cotiá.

As actividades serán pensadas para realizar, tanto en gran grupo, como en pequenos grupos e individualmente, dependendo do momento de desenvolvemento da unidade didáctica.

En definitiva, as actividades que levaremos a cabo son as seguintes:

- **Actividades de presentación:** estas actividades presentan os contidos a tratar ó alumnado e paralelamente intentan espertar o seu interese e a súa motivación, como por exemplo a lectura dalgunha noticia relacionada coa unidade ou preguntas abertas para indagar sobre os coñecementos previos sobre o tema en cuestión.

- **Actividades de desenvolvemento:** son actividades de explicación, pregunta-resposta, que permiten adquirir novos contidos.

- **Actividades de asimilación:** con estas actividades o alumnado traballará os novos contidos coa finalidade de comprendelos. Serán actividades de completar, explicar e relacionar.

- **Actividades de consolidación:** son actividades que soen realizarse despois das actividades de asimilación e nas que o alumnado pode comparar as ideas previas coas adquiridas.

- **Actividades de reforzo:** son aquelas que deseñamos para o alumnado que requira dunha maior atención ou apoio. Para isto empregaremos técnicas como poden ser os esquemas para facer unha delimitación dos contidos esenciais, e o subliñado.

- **Actividades de ampliación:** utilizaremos estas actividades cando o noso alumnado teña realizado de xeito satisfactorio as actividades de desenvolvemento propostas, ou no caso de que exista algún rapaz ou rapaza con altas capacidades. Nestas actividades realizaremos lecturas, investigacións ou bosquexo de curiosidades.

5.1. METODOLOXÍA NO CASO DE ENSINO SEMIPRESENCIAL.

O ensino na modalidade semipresencial é unha alternativa para que o alumnado que non poida acudir á aula durante un determinado período de tempo por circunstancias derivadas da crise da Covid (ser portadores do virus ou ben atoparse en corentena por estar en contacto con persoas positivas en Covid) poida facer un seguimento da materia dende o fogar.

A principal ferramenta que terá o alumnado para estar en contacto coa materia dende a casa será a Aula Virtual, na que se subirá todo o material necesario (apuntamentos, boletíns de exercicios, diapositivas, vídeos explicativos...) para que o poida seguir os contidos impartidos na aula. Esta ferramenta será empregada dende o inicio de curso, para que o alumnado se familiarice co seu manexo e, de convertese na ferramenta esencial para seguir a materia en caso de confinamento, que teñan os mínimos problemas posibles á hora de establecerse un ensino online.

Comprobaremos se o alumnado dispón de internet, ordenador ou outros dispositivos para conectarse á Aula Virtual; de non ser así, poñerase en coñecemento do equipo directivo dita circunstancia para atopar unha solución ao respecto.

5.2. METODOLOXÍA ANTE O POSIBLE CONFINAMENTO POLA CRISE DA COVID.

A incerteza sobre a evolución da pandemia no noso país obríganos a deseñar unha metodoloxía de ensinanza para aplicar no caso de que o alumnado teña que estar confinado na casa e non poida acudir as aulas.

- Aplicaremos unha metodoloxía que se adapte ás características do alumnado, favorecendo a capacidade de aprender de xeito autónomo, promovendo a creatividade e o dinamismo e integrando os recursos das tecnoloxías da información e da comunicación na aprendizaxe.
- Propiciaremos situacións de aprendizaxe motivadoras e funcionais que teñan sentido e significado para o alumnado.
- Trataremos de forma globalizada e integrada os distintos contidos.
- Integraremos a teoría e a práctica.

A principal ferramenta que empregaremos para facer o seguimento da materia será a Aula Virtual do Centro, na que se subirá todo o material necesario (apuntamentos, boletíns de exercicios, diapositivas, vídeos explicativos...) para que o alumnado poida seguir os contidos da materia. Esta ferramenta será empregada dende o inicio de curso, para que o alumnado se familiarice co seu manexo e, de convertese na ferramenta esencial para seguir a materia en caso de confinamento, que teñan os mínimos problemas posibles á hora de establecerse un ensino online.

Dende inicio de curso, o equipo docente elaborará un listado do alumando que non dispoña de internet, ordenador ou outros dispositivos para conectarse á Aula Virtual; dito listado será remitido ó equipo directivo co obxectivo de buscar unha solución para o alumnado que se atope nesta situación.

Para complementar as clases online, propónse a realización de videoconferencias por Webex, para afondar naqueles contidos teóricos e prácticos máis complexos, na resolución de actividades, na corrección dos erros máis comúns detectados nas tarefas entregadas e sobre todo, para que o alumnado poida resolver as dúbidas que lle vaian xurdindo.

6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

Os recursos que se empregarán para impartir as distintas unidades son:

- **Recursos materiais:**
 - Materiais elaborados pola docente: apuntes, boletíns de exercicios e actividades de investigación.
 - Materiais educativos que as editoriais poñen a disposición do profesorado
 - Prensa escrita/dixital: consulta de noticias nas web de periódicos económicos como *El Economista*, *Expansión*, *Emprendedores*, *La Gaceta de los Negocios*, etc.
 - Revistas especializadas e estudos de ámbito rexional ou nacional.
 - Enlaces web de interese para explicar novos contidos ou reforzar os anteriores.
- **Recursos TIC:**
 - Aula Virtual
 - Presentacións en Power Point das distintas unidades didácticas.
 - Vídeos e documentais de contido económico dispoñibles na rede.
 - Cañón de proxección.
 - Ordenador con conexión a Internet.
 - Encerado dixital
 - Procesador de textos e folla de cálculo.
 - Software de deseño de presentacións.
 - Aplicación de videoconferencias Webex

7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

Ó longo do curso realizaranse tres sesións de avaliación, unha por cada trimestre. A última avaliación coincidirá coa avaliación final ordinaria do mes de xuño.

Para superar a materia é necesario obter un mínimo de 5 puntos nas diferentes avaliacións, e esta cualificación estará baseada nos seguintes aspectos:

- **Probas escritas: 70% da cualificación.** Realizaranse dúas probas escritas por trimestre. Non poderá compensarse ningunha nota inferior a 2,5 para superar a avaliación.

Para obter a cualificación de positivo é preciso que a media aritmética ponderada dos exames sexa como mínimo de 5.

- **Traballos: 30% da cualificación.**
 - Ó longo de cada avaliación o alumnado realizará exercicios prácticos (do libro de texto ou exercicios entregados polo docente), probas tipo test, actividades de investigación na rede sobre determinados conceptos e lecturas comprensivas de noticias económicas ou do libro de texto: (20%). Puntuaranse sobre 1 e farase unha media aritmética coas notas de cada actividade.
Cada actividade que non se entregue restará un 0,1 sobre a nota media desta parte (ata un máximo de 1 punto)
 - A atención nas sesións, o traballo diario e a participación do alumnado cara a materia contará ata un 10% da nota.
- **Cualificación final da materia:** será a media aritmética das tres avaliacións.

O docente atenderá á corrección de exercicios por parte do alumnado, ás saídas ó encerado, ó traballo diario e á actitude do alumnado cara a materia para levar a cabo os redondeos que considere oportunos na nota final.

No caso de que algún alumno intente aprobar por métodos fraudulentos, este alumno suspenderá directamente a avaliación, e faráselle unicamente un exame de recuperación de toda a avaliación o final de curso.

Procedementos de recuperación:

Os estudantes que non superen a materia por avaliacións, deberán realizar unha proba escrita.

- A recuperación da 1ª avaliación farase ó principio da segunda avaliación.
- A recuperación da 2ª avaliación farase ó principio da terceira avaliación.
- A recuperación da 3ª avaliación farase no exame final.

Para a elaboración de dita proba teranse en conta os estándares de aprendizaxe e os contidos mínimos fixados para este curso. Será necesario acadar unha cualificación mínima de 5 puntos para superala.

A proba cualificarase con dous decimais, redondeando ó enteiro superior cando o decimal sexa 0,6 ou máis e a alumna/o teña anotacións positivas na aula (participación e intervención voluntaria na clase, actitude ante a materia, interese polo traballo, comportamento, realización de traballos e corrección de exercicios).

Así mesmo, o alumnado que non acade os graos mínimos de consecución dos distintos Estándares de Aprendizaxe realizará actividades de reforzo e recuperación que lle permita chegar a conseguilos. Estas actividades consistirán na elaboración de esquemas, resumos de contidos e resolucións de exercicios prácticos.

Avaliación extraordinaria:

Aqueles alumnos/as que non acadasen unha cualificación positiva a final de curso, deberán realizar unha proba escrita na convocatoria extraordinaria do mes de xuño.

Dita proba será global estará referida ás unidades de traballo e ós criterios de avaliación recollidos na presente programación. A súa estrutura coincidirá coas realizadas ó longo do curso. A valoración máxima será de 10 puntos e será necesario acadar unha cualificación mínima de 5 puntos para superar a devandita proba.

A proba cualificarase con dous decimais, redondeando ó enteiro superior cando o decimal sexa 0,6 ou máis e a alumna/o teña anotacións positivas na aula (participación e intervención voluntaria na clase, actitude ante a materia, interese polo traballo, comportamento, realización de traballos e corrección de exercicios).

7.1. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO NO CASO DE ENSINO SEMIPRESENCIAL.

Para o alumnado que non poida acudir á aula durante un determinado período de tempo por circunstancias derivadas da crise da Covid (ser portadores do virus ou ben atoparse en corentena por estar en contacto con persoas positivas en Covid)

flexibilizaranse os criterios de avaliación anteriores.

Se o alumnado está confinado durante un curto período de tempo que non lle impida acudir ás probas escritas presenciais realizadas durante o trimestre e entregar as tarefas propostas a través da Aula Virtual, rexerán os criterios de avaliación anteriores:

- **Probas escritas: 70% da cualificación.** Realizaranse dúas probas escritas por trimestre. Non poderá compensarse ningunha nota inferior a 2,5 para superar a avaliación.

Para obter a cualificación de positivo é preciso que a media aritmética ponderada dos exames sexa como mínimo de 5.

- **Traballos: 30% da cualificación.**

- Exercicios prácticos (do libro de texto ou exercicios entregados polo docente), probas tipo test, actividades de investigación na rede sobre determinados conceptos e lecturas comprensivas de noticias económicas ou do libro de texto: (20%). Puntuaranse sobre 1 e farase unha media aritmética coas notas de cada actividade.

Cada actividade que non se entregue restará un 0,1 sobre a nota media desta parte (ata un máximo de 1 punto)

- A atención nas sesións, o traballo diario e a participación do alumnado cara a materia contará ata un 10% da nota.

- **Cualificación final da materia:** será a media aritmética das tres avaliacións.

Se o feito de estar confinado lle impide ao alumnado acudir ás probas escritas presenciais realizadas durante o trimestre, debido ao peso que ditas probas teñen na cualificación final e co propósito de non prexudicar ao alumnado que se atope nestas circunstancias, rexerán os criterios de avaliación do apartado 7.2 que se detallan a continuación.

7.2. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO ANTE A SUSPENSIÓN DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL POLA CRISE DA COVID.

Procedementos e instrumentos de avaliación

▪ **Procedementos:** os métodos empregados para recoller información serán os seguintes:

- Observación sistemática: anotacións da asistencia ás clases online e das entregas de tarefas
- Recompilación de materiais
- Realización de probas específicas

▪ **Instrumentos:** as ferramentas empregadas para avaliar serán as seguintes:

- Anotacións no caderno docente
- Portfolio de materiais entregados polo alumnado (boletíns de exercicios e actividades)
- Proba escrita/telemática

Para superar a materia será necesario obter un mínimo de 5 puntos nas diferentes avaliacións, e esta cualificación estará baseada nos seguintes aspectos:

Avaliación		%
Tarefas e exercicios entregados	Entregar ao menos o 75% das actividades propostas	50%
Proba escrita/telemática	Nota mínima de 3 sobre 10	50%

A proba telemática dos contidos teóricos e prácticos desenvolto online realizarase a través da aula virtual e o alumnado terá un tempo limitado para a súa realización e entrega.

No caso de que se permita a asistencia ó Centro, a proba escrita realizarase de xeito presencial no calendario oficial publicado polo IES.

Cualificación final da materia: será a media aritmética das tres avaliacións.

No caso de que algún alumno intente aprobar por métodos fraudulentos, este alumno suspenderá directamente a avaliación, e faráselle unicamente un exame de recuperación de toda a avaliación o final de curso.

Avaliación extraordinaria:

O alumnado que non acade unha cualificación positiva a final de curso, deberá realizar unha proba escrita/telemática na convocatoria extraordinaria do mes de xuño.

Dita proba será global e estará referida ás unidades de traballo e ós criterios de avaliación recollidos na presente programación. A súa estrutura coincidirá coas realizadas ó longo do curso. A valoración máxima será de 10 puntos e será necesario acadar unha cualificación mínima de 5 puntos para superar a devandita proba.

8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

Ademais da avaliación do alumnado, temos que cualificar tanto o proceso de ensino como a nosa práctica como docentes. Debemos contestar ás seguintes cuestións:

- **Que avaliar?** → Avaliación da práctica docente por parte do alumnado e avaliación do proceso de ensino por parte do docente (nos anexos recóllense os modelos de enquisas e os indicadores de logro). No caso de que os resultados destas avaliacións non sexan os esperados actuarase en consecuencia modificando os aspectos necesarios.
- **Cando avaliar?** → Ó final de cada trimestre realizaremos unha avaliación da nosa tarefa docente para corrixir erros, introducir melloras e ir axustando as posibles deficiencias que se poidan detectar.
- **Como avaliar?** → A través de varios procedementos e instrumentos que nos permitirán determinar a adecuación ás características do alumnado, ós obxectivos inicialmente propostos e á temporalización e secuenciación de contidos:
 - Información proporcionada polos resultados da propia avaliación do alumnado.
 - Diario do profesor, no que se anotarán as incidencias no

desenvolvemento da práctica docente.

- Resultados dos indicadores de logro propostos no anexos I.

9. ORGANIZACIÓN DO SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.

Non procede (o alumnado de 1º de bacharelato non ten materias pendentes).

10. ORGANIZACIÓN DOS PROCEDIMENTOS QUE LLE PERMITAN Ó ALUMNADO ACREDITAR OS COÑECEMENTOS NECESARIOS PARA CURSAR A MATERIA.

Non procede.

11. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUCENCIA DOS SEUS RESULTADOS.

A avaliación inicial aportará información para que o profesorado poida tomar decisións respecto ó nivel de profundidade á hora de desenvolver os temas e as estratexias de aprendizaxe necesarias en cada caso.

A devandita avaliación inicial será realizada polo profesorado do grupo nun prazo aproximado dun mes dende o inicio do curso. Para elo:

- Observaranse os coñecementos, procedementos e destrezas do alumnado durante o primeiro mes de clase.
- Confrontación das observacións coas realizadas por outros profesores e coa información do titor.
- Realización dunha sesión específica de valoración do alumnado ó final do primeiro mes de curso.
- Medidas individuais ou colectivas a adoptar.
- Atención personalizada na aula.
- Establecemento de tarefas extraordinarias con seguimento particular polo docente.

12. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Seguindo o *Decreto 229/2011, de 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación*, como profesores debemos ser conscientes da diversidade do noso alumnado.

A programación debe ter en conta que non todo o alumnado adquire ó mesmo tempo e coa mesma intensidade os contidos tratados. Por iso, debe deseñarse de modo que asegure un nivel mínimo para todas/os ó final do curso, dando oportunidades para recuperar os coñecementos non adquiridos no seu momento.

Haberá actividades que vaian dirixidas a cada alumna/o individualmente e outras que se dirixan ó alumnado agrupado en pequenos grupos; estas últimas xogan un papel esencial na aprendizaxe paralela de actitudes e valores. En todo caso, teremos previstas actividades de reforzo e ampliación. As primeiras estarán pensadas para aqueles estudantes que presenten algunha limitación na súa capacidade de aprender ou algún atranco en determinados contidos tratados na materia. As medidas de ampliación estarán destinadas para aqueles outros que presentan altas capacidades.

En definitiva, o docente debe axustar a súa labor pedagóxica ás diferentes necesidades a través de:

- **Metodoloxías diversas**, que se poden introducir nas formas de enfocar ou presentar determinados contidos ou actividades (como consecuencia dos distintos Graos de coñecementos previos detectados no alumnado ante a existencia de diferentes Graos de autonomía) ou pola identificación de dificultades en procesos anteriores.
- **Propostas de actividades diferenciadas**, adaptadas ás necesidades e ás motivacións do alumnado.

De manifestarse algunha dificultade para traballar determinados contidos, debe axustarse o Grao de complexidade da actividade e os requirimentos da

tarefa ás súas posibilidades. Prepararanse contidos complementarios ou de ampliación para aquelas alumnas/os que sexan capaces de avanzar con máis rapidez.

- **Materiais didácticos non homoxéneos.** Os materiais deben ofrecer una ampla gama de actividades didácticas que respondan ós distintos Graos de aprendizaxe.
- **Agrupamentos flexibles e ritmos distintos.** A organización en grupos de traballo flexibles no seo do grupo básico permite que o alumnado poida situarse en diferentes tarefas, propor actividades de reforzo e adaptar o ritmo de introdución de novos contidos.

13. TRATAMENTO DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SETRABALLARÁN NO CURSO.

1. A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballaranse en tódalas materias, e no caso da materia de economía traballarase na aula tanto mediante a realización de traballos escritos, como de presentacións orais, utilizando as TICs para tal finalidade.

2. Promoverase a igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ó principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal, sexual ou social que no caso da materia de economía farase tratando diversos temas de actualidade como a brecha salarial existente entre homes e mulleres, as dificultades de acceso destas a postos directivos, a conveniencia ou non da discriminación positiva relacionada cos distintos colectivos sociais, etc.

3. A materia de economía promoverá a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en tódolos ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto ós dereitos humanos, o respecto por igual ós homes e ás

mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ó Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

Na materia de Economía trataremos temas controvertidos como a globalización económica, o crecemento económico, o reparto da renda, a importancia do sector público e dos impostos como vía para financiar o mesmo. Todos estes temas propiciarán a realización de debates, traballos e presentacións nas que se fomentará a concienciación do alumnado da inxustiza das desigualdades sociais e económicas pero tamén das vías adecuadas para intentar solventalas.

4. A realización das actividades programadas para a aula e mencionadas anteriormente, tratarán de fomentar aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico, que son a base do emprendemento e da iniciativa empresarial.

14. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

As actividades complementarias e extraescolares que se propoñen dende o Departamento son:

- Charlas sobre emprendemento e cooperativismo
- Lecturas e comentarios das novas económicas que aparezan diariamente nos medios de comunicación.

15. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN, MODIFICACIÓN DE PROGRAMACIÓN DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

Ó longo do curso levarase a cabo o seguimento e avaliación da programación didáctica, co obxectivo de comprobar a adecuación da realidade diaria da aula coas liñas de actuación marcadas na programación.

A avaliación da programación didáctica terá un carácter continuo e formativo, e atenderá, entre outros, ós seguintes aspectos:

a) A adecuación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación ás características e necesidades dos alumnos.

b) Os aprendizaxes logrados polo alumnado.

c) As medidas de individualización da ensinanza con especial atención ás medidas de apoio e reforzo empregadas.

d) A programación e o seu desenvolvemento e, en particular, as estratexias de ensinanza, os procedementos de avaliación do alumnado, a organización da aula e o aproveitamento dos recursos do centro.

e) A relación co alumnado, así como o clima de convivencia.

f) A coordinación co resto de profesores de cada grupo, e no seo do departamento de Economía.

g) As relacións co titor/a e, no seu caso, coas familias.

Para valorar o axuste entre o deseño da programación didáctica e os resultados obtidos empregaranse tres mecanismos:

- Seguimento continuo por parte do Departamento. Indagarase acerca do Grao de cumprimento da programación, dos posibles cambios que se produciron e das súas causas, as expectativas de cumprimento da programación ata o final do curso, etc., de modo que se poida axustar respecto ós resultados que se vaian vendo no alumnado.

- Observación dos resultados de cada avaliación, analizando en que medida se están acadando os obxectivos inicialmente propostos.

- Memoria final de curso na que se valorará o Grao de eficacia da propia programación e se determinarán os aspectos que se consideran positivos e negativos así como as propostas de mellora.

16. CONTRIBUCIÓN Ó PROXECTOR LECTOR, Ó PLAN TIC E Ó PLAN DE CONVIVENCIA DO CENTRO.

PROXECTO LECTOR

A lectura axuda a desenvolver persoas con máis recursos, máis reflexivas, máis razoables e con maior espírito crítico; persoas capaces de entender o mundo actual e de adaptarse ós cambios que están por chegar. Tódolos días o alumnado ten que enfrontarse a textos, con diferentes graos de dificultade e con vocabulario económico, que necesitan comprender para poder asimilar os conceptos neles expostos e finalmente acadar os obxectivos das materias.

A lectura practícase de forma cotiá na aula, partindo do propio libro de texto ou dos apuntes que o docente elabora. Tamén traballamos con artigos de prensa diaria, revistas económicas, textos legais, páxinas web ou blogs, realizando explicacións e comentarios sobre a actualidade económica. O obxectivo é mellorar os hábitos de lectura e que as alumnas/os lean correctamente, comprendendo o significado dos textos.

Na biblioteca do centro atópanse diferentes libros sobre economía polo que dende o departamento animárase ó alumnado á lectura dos mesmos.

PLAN TIC

A aplicación das Tics como recurso didáctico convértese nunha peza clave na educación e formación das novas xeracións.

Dende a materia de Economía contribúese ó Plan de integración das Tics. Entre as actividades a levar a cabo pódense citar:

- Presentacións das unidades didácticas a través de programas como “Power Point”.

- Proxección de vídeos e curtas de películas.

- Bosquexo de información en páxinas webs recomendadas, entre outras:

- www.ige.eu (Instituto Galego de Estatística)

www.sepe.es (Servizo Público de Empleo)

www.bde.es (Banco de España)

www.seg-social.es (Ministerio de trabajo e asuntos sociais)

www.aeat.es (Axencia Tributaria)

www.camaras.org (Cámaras de Comercio)

PLAN DE CONVIVENCIA

A través da materia e tendo en conta o plan de convivencia do centro intentarase:

- Contribuír ó labor de concienciación sobre a importancia dunha axeitada convivencia escolar que permita unha mellor relación ensinanza-aprendizaxe.
- Fomentar o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade e os valores inherentes ó principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.
- Detectar o antes posible conflitos que poidan xurdir nas aulas para resolvelos de maneira pacífica.
- Promover a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto ós dereitos humanos, o respecto ós homes e mulleres por igual, ás persoas con discapacidade e ó rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ó Estado de dereito, o respecto e consideración ás vítimas do terrorismo e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Establecer normas de funcionamento e organización das clases da materia, da aula multimedia, da aula de informática ou de calquera espazo que se utilice para impartir a materia.
- Motivar ao alumnado para que comece a interiorización da cultura do diálogo e a mediación.

- Fomentar o respecto entre todos os membros da comunidade e a integración de tódalas/os alumnas/os no centro.
- Fomentar a realización de actividades que potencien o respecto á diversidade.
- Promover a prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia.

PROGRAMACIÓN ECONOMÍA DA EMPRESA

2º BACHARELATO - CURSO 2021/2022

Índice

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.....	107
1.1. INTRODUCCIÓN.....	107
1.2. CONTEXTUALIZACIÓN.....	108
2. CONTRIBUCIÓN Ó DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.....	109
3. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS DE CURSO.....	112
3.1. OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA.....	112
3.2. OBXECTIVOS XERAIS DA MATERIA.....	113
3.3. OBXECTIVOS DE CURSO.....	115
4. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE.....	118
5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS.....	128
5.1. METODOLOXÍA NO CASO DE ENSINO SEMIPRESENCIAL.....	130
5.2. METODOLOXÍA ANTE O POSIBLE CONFINAMENTO POLA CRISE DA COVID.....	131
6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.....	132
7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.....	132
7.1. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO NO CASO DE ENSINO SEMIPRESENCIAL.....	137
7.2. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO ANTE A SUSPENSIÓN DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL POLA CRISE DA COVID.....	138
8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.....	139
9. ORGANIZACIÓN DO SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.....	140
10. ORGANIZACIÓN DOS PROCEDEMENTOS QUE LLE PERMITAN Ó ALUMNADO ACREDITAR OS COÑECEMENTOS NECESARIOS PARA CURSAR A MATERIA.....	140
11. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUCENCIA DOS SEUS RESULTADOS.....	140
12. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	141
13. TRATAMENTO DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO.....	142
14. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	144
15. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN, MODIFICACIÓN DE PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.....	144
16. CONTRIBUCIÓN Ó PROXECTO LECTOR, Ó PLAN TIC E Ó PLAN DE CONVIVENCIA DO CENTRO.....	145

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

1.1. INTRODUCCIÓN.

A materia de Economía da Empresa trata de explicar a realidade empresarial, como unha rama da economía especializada nun determinado suxeito económico: a empresa. Trátase dunha ciencia que, por unha banda, procura a explicación do fenómeno económico da empresa e, por outra, a actuación sobre ela para alcanzar certos fins. A tendencia actual diríxese a tratar de converter esta disciplina nun corpo de coñecementos interdisciplinarios que traten calquera problema que se formule na empresa.

A empresa é un axente esencial da actividade económica. As empresas constitúen as células elementais de produción que integran o organismo económico a través das cales se conseguen os obxectivos macroeconómicos e, por iso, ocupan a atención dos/das economistas. É na economía contemporánea onde acha a súa plenitude, xa que a división do traballo, a especialización, o desenvolvemento do sistema monetario e a amplitude do mercado crearon o clima necesario para que se dea con precisión e características peculiares a unidade autónoma de produción, que constitúe o obxecto real da economía da empresa.

A empresa ten un significado social (crea emprego), canaliza a renda e, conseguintemente, constitúe un elemento de redistribución da renda nacional. O desenvolvemento da actividade empresarial e a acción do/da empresario/a deben estar guiados pola responsabilidade social e o comportamento ético, máis alá da procura duns resultados. Nesta materia traballaranse cuestións como a razón da existencia das empresas, as súas características, os tipos de organización e de funcionamento, e os factores que inflúen na toma de decisións.

A materia, que emprega un enfoque de presentación baseado na análise de distintas áreas e funcións da empresa, ten unha carga lectiva de **4 sesións semanais** e estrutúrase nos bloques seguintes:

- *Bloque 1: "A empresa"*, no que se describen os seus elementos, as súas funcións e os seus obxectivos.
- *Bloque 2: "Desenvolvemento da empresa"*, onde se fai unha análise das decisións de dimensión e localización, e das estratexias de crecemento.
- *Bloque 3: " Organización e dirección da empresa"*, no que se explica a planificación, a organización e a xestión dos recursos da empresa.
- *Bloque 4: "A función produtiva"*, para analizar os procesos produtivos e a estrutura de ingresos e custos derivada deles.
- *Bloque 5: "A función comercial da empresa"*, que repasa as principais decisións da empresa na comercialización dos seus produtos e/ou servizos.
- *Bloque 6: "A información na empresa"*, para comprender a importancia de contar con datos e información relevante e precisa na toma de decisións e no cumprimento das obrigas fiscais.
- *Bloque 7: "A función financeira"*, onde se trata de analizar os aspectos salientables das decisións de investimento e financiamento na empresa.

Dende esta materia tentaremos fomentar a cultura empresarial, exercitando a creatividade e o espírito de innovación, a elaboración de reflexións persoais e a toma de decisións fundamentadas, así como a concepción do erro como fonte de progreso e aprendizaxe.

1.2. CONTEXTUALIZACIÓN

O Centro no que se imparte a materia é un Instituto de Ensinanza Secundaria situado nos arredores de O Carballiño, no lugar de Mesego. A vila está emprazada ó noroeste da provincia de Ourense e conta cunha poboación de 14.089 habitantes (segundo datos do IGE en base ó Padrón municipal de habitantes a 1 de xaneiro de 2020), configurándose como o segundo municipio máis poboado da provincia.

O IES acolle ó alumnado procedente dos centros adscritos: colexios de Primaria de Beariz, O Irixo, Boborás e Calvo Sotelo de O Carballiño. Deste último, está adscrito o alumnado que demanda o uso de comedor e transporte escolar gratuítos. Así mesmo, tamén se escolariza ó alumnado doutras zonas educativas como son Avión, Maside,

San Amaro, Piñor, Cea e Dozón. O feito de que o alumnado proceda de varios concellos do rural e de diferentes centros educativos constitúe unha característica de diversidade.

Para o presente curso académico 2021-2022 a distribución do alumnado nos diferentes cursos e materias do Departamento especificase na seguinte táboa:

Materia	Curso	Sesións semanais	Nº alumnas/os	Nº grupos
Economía	4º ESO	3	33	2
Iniciación á actividade emprendedora e empresarial	4º ESO	3	17	1
Economía	1º BAC	4	19	1
Economía da Empresa	2º BAC	4	19	1
Economía	1º BAC Adultos	1	3	1
Economía da Empresa	2º BAC Adultos	1	3	1

2. CONTRIBUCIÓN Ó DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.

Dende a materia de Economía de Empresa contribuírase ó desenvolvemento das Competencias Clave.

I. Competencia en Comunicación lingüística (CCL)

Esta competencia afonda nas habilidades de escoita, comprensión e exposición de mensaxes orais e escritos, que na etapa de Bacharelato requiren un maior nivel de desenvolvemento así como uns recursos máis complexos para manexarse nuns contextos comunicativos máis diversos e de nivel cognitivo superior. Polo tanto esta competencia non se limita soamente á mellora das habilidades lingüísticas, senón que engade o desenvolvemento de todos os elementos expresivos, en especial os de carácter audiovisual.

A materia de Economía da Empresa utiliza unha terminoloxía propia que permitirá ao alumnado incorporar os seus termos para empregalos nos momentos adecuados coa suficiente propiedade. As lecturas e os debates a desenvolver nas unidades didácticas da materia permitirán tamén a familiarización e uso da linguaxe económica.

II. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT)

Esta competencia implica a capacidade de aplicar o razoamento matemático para describir e interpretar determinados contextos. Por exemplo traballaremos esta competencia cando fagamos cálculos sobre custos de almacenamento, punto morto ou interpretación das fontes de financiamento.

III. Competencia dixital (CD)

Esta competencia desenvólvese fomentando a procura, selección e utilización de información en medios dixitais, ademais de permitir que o alumnado se familiarice cos diferentes códigos, formatos e linguaxes nos que se presenta a información científica (datos estatísticos, representacións gráficas, táboas...). A utilización das tecnoloxías da información e a comunicación na aprendizaxe da economía para comunicarse, solicitar información, simular e visualizar situacións, para a obtención e o tratamento de datos, etc., é un recurso útil que contribúe a mostrar unha visión actualizada da situación económica dun país.

O amplísimo caudal de información que se pode obter de internet, en permanente aumento, debe ser adquirido, seleccionado adecuadamente e asimilado para transformalo nun coñecemento adecuado. Tratarase de mellorar a procura selectiva de información (oral, impresa, audiovisual, dixital ou multimedia), a súa ordenación, interpretación e análise, para proceder á síntese e á elaboración de pequenos informes, para ser expostos e debatidos na aula.

IV. Competencia para aprender a aprender (CAA)

Supón a habilidade para iniciar e organizar o aprendizaxe, conseguindo que o alumnado consiga unha aprendizaxe cada vez máis eficaz e autónoma. Require destrezas como a reflexión, análise e toma de conciencia.

Traballaremos esta competencia debatendo noticias económicas, resolvendo casos prácticos e comentarios críticos sobre as empresas. Ao traballar con modelos teóricos tamén se fomenta a imaxinación, a análise, as dotes de observación da contorna, a iniciativa, a creatividade e o espírito crítico, o que favorece a aprendizaxe autónoma. Expoñeremos os diferentes paradigmas existentes sobre temas clave na empresa, como son a organización, o tratamento dos recursos humanos, a produción, a

comercialización, a contabilidade ou o financiamento; o obxectivo é que o alumnado vaia construíndo o seu propio coñecemento e fundamentando as súas argumentacións a favor e en contra de cada un deles.

V. Competencias sociais e cívicas (CSC)

Dende a materia fomentaremos o desenvolvemento de actitudes como a cooperación, a solidariedade e o respecto cara ás opinións dos demais, o que contribúe á adquisición de competencias sociais e cívicas. Así mesmo, os coñecementos económicos e empresariais son unha parte fundamental da cultura cidadá, sensibilizada cada vez máis con estes temas pola súa presenza nos medios de comunicación e a súa importancia nas economías familiares. Deste xeito, a materia de Economía da Empresa de 2º bacharelato permite formar unha opinión fundamentada en feitos e datos reais sobre os problemas actuais das empresas.

VI. Competencia de sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)

A materia de Economía da Empresa cimenta as bases do sentido de iniciativa e espírito emprendedor, xa que educa en actitudes e capacidades emprendedoras e garante a comprensión dos conceptos económicos básicos, que inclúe o desenvolvemento de certas calidades persoais: a elección de recursos, a planificación, a resolución de problemas e a revisión de resultados. Todo isto fomenta a iniciativa persoal e a motivación por un traballo organizado e con iniciativas propia.

VII. Competencia de conciencia e expresións culturais (CCEC)

Implica coñecer, comprender e valorar con espírito crítico as diferentes manifestacións culturais e artísticas. Contribuirase a esta competencia mediante a análise da contorna da empresa e estudando como se relaciona a empresa co seu entorno cultural e medioambiental.

3. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS DE CURSO.

3.1. OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA.

Tal e como se establece no Decreto 86/2015, de 29 de xuño, o bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus

antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.

i) Acceder ós coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ó cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara o medioambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ó territorio galego.

m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.

o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

3.2. OBXECTIVOS XERAIS DA MATERIA.

a) Analizar as características máis relevantes e o funcionamento económico global dos distintos tipos de empresa, identificando as súas funcións, obxectivos, organización, a investigación, o papel das innovacións tecnolóxicas e as principais normas xurídicas que as afectan.

b) Apreciar o papel das empresas na satisfacción das necesidades das persoas consumidoras e no aumento da calidade de vida e benestar da sociedade, así como

elaborar xuízos ou criterios persoais sobre as súas disfuncións.

c) Valorar criticamente as posibles consecuencias sociais e ambientais da actividade empresarial, así coma a súa responsabilidade no esgotamento dos recursos naturais, sinalando a súa repercusión na calidade de vida das persoas.

d) Identificar as consecuencias que, para as empresas e a sociedade, ten a globalización da economía e as posibles liñas de conduta que se deben adoptar fronte ó fenómeno, adquirindo conciencia das desigualdades e efectos que este xera.

e) Identificar os dereitos e obrigas das traballadoras e dos traballadores, valorando a necesidade que estes colectivos e a sociedade teñen de acadar un elevado Grao de conciliación da vida laboral e familiar. A súa relación cos obxectivos empresariais.

f) Valorar a importancia da seguranza e hixiene no traballo e da prevención dos riscos laborais.

g) Analizar o funcionamento de organizacións e grupos en relación coa aparición e resolución de conflitos.

h) Analizar as distintas políticas de márketing que adoptan as empresas segundo os mercados a que se dirixen, valorando os límites éticos que as devanditas políticas deben considerar.

i) Establecer, de modo xeral, os datos máis relevantes da información contida nas contas anuais dunha empresa e interpretar a información transmitida.

j) Identificar as principais fontes de financiamento das empresas, analizando as diferentes opcións posibles.

k) Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación e mais outros medios, obter, seleccionar e comprender de maneira clara e coherente informacións sobre feitos relevantes do ámbito empresarial internacional, nacional e local e facer unha valoración crítica delas.

l) Amosar iniciativa, creatividade, autonomía persoal e participación activa no deseño, planificación e elaboración dun pequeno proxecto empresarial utilizando para a súa elaboración medios informáticos.

m) Analizar a actividade económica das empresas, en especial as galegas, a partir das súas áreas de organización, relacións internas e a súa dependencia externa. Valorar a importancia que para a economía galega teñen as pequenas e medianas empresas, así como as cooperativas, como xeradoras de emprego, innovación e como motores do desenvolvemento económico e social.

3.3. OBXECTIVOS DE CURSO.

1. Coñecer o concepto de empresa e as súas características.
2. Resumir as distintas visións do empresario no pensamento económico.
3. Identificar nalgún caso concreto algunha das teorías sobre o papel do empresario.
4. Analizar a influencia de todos e cada un dos elementos que forman a estrutura da empresa e comentar as funcións e obxectivos das mesmas.
5. Describir a natureza dos distintos tipos de empresa.
6. Identificar os distintos criterios de clasificación de empresas.
7. Relacionar a responsabilidade dos socios e a forma xurídica.
8. Coñecer as funcións do rexistro mercantil e os trámites de constitución das sociedades.
9. Identificar os factores máis destacados do contorno e a influencia que os elementos do contorno exercen sobre no funcionamento da empresa.
10. Identificar as 5 forzas competitivas de Porter.
11. Analiza as ameazas, oportunidades, fortalezas e debilidades das empresas da contorna.
12. Comprender as normas mercantís e laborais máis importantes que afecta á actividade da empresa.
13. Describir a actividade produtiva da empresa e identificar os inputs e outputs do sistema produtivo.
14. Observar a actividade empresarial como xeradora de utilidade social a través dos

bens e servizos que oferta.

15. Analizar as variables que inciden nos indicadores de produtividade.
16. Coñecer os distintos tipos de organización dos procesos produtivos.
17. Clasificar e calcular os distintos tipos de custos e coñecer o seu proceso de formación.
18. Analizar, calcular e representar graficamente os ingresos, custos e beneficios dunha empresa.
19. Achar desde o punto de vista técnico e gráfico o punto morto dunha empresa, identificando as zonas de perdas e ganancias.
20. Identificar os elementos básicos de que depende a localización empresarial.
21. Identificar os criterios que se empregan para establecer a dimensión das empresas.
22. Analizar as vantaxes e inconvenientes das PEMES fronte as grandes empresas.
23. Inferir na necesidade de organización das empresas e distinguir as distintas funcións do proceso de dirección.
24. Coñecer as diferenzas que existe entre un líder e un directivo.
25. Apreciar a importancia do factor humano para unha empresa.
26. Identificar as distintas modalidades de contratos de traballo e o contido dos mesmos.
27. Coñecer os dereitos e obrigacións derivados da relación laboral e os motivos esenciais da modificación, suspensión e extinción do contrato.
28. Interpretar os diferentes estados de equilibrio financeiro.
29. Entender que é o plan de contabilidade, cal é a súa función e os principais elementos que o compón.
30. Elaborar contas de resultados a partir de información sobre o patrimonio.
31. Elaborar balances de situación de empresas concretas.
32. Distinguir entre os conceptos de resultado de explotación, resultados financeiros, resultados antes e despois de impostos e entender o seu significado e importancia para o estudo da empresa.
33. Entender o concepto de fondo de manobra, saber calculalo e interpretalo, deducindo a partir del os diferentes estados de equilibrio financeiro.
34. Determinar a situación da empresa mediante a análise de porcentaxes e os

principais ratios e propoñer medidas de mellora.

35. Diferenciar entre investimento económico e investimento financeiro.

36. Clasificar os distintos tipos de investimento segundo a súa función na empresa.

37. Identificar as finalidades das técnicas de investigación de mercados.

38. Analizar a segmentación de mercados, as vantaxes e inconvenientes que presenta e qué variables interveñen na súa realización.

4. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVAILABLE.

Bloque 1. A empresa.

Obxect.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consecución	Compet. clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ d ▪ i ▪ l ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. A empresa e a/o empresaria/o ▪ B1.2. Elementos, funcións e obxectivos da empresa. ▪ B1.3. Clases de empresas. ▪ B1.4. Marco xurídico da actividade empresarial. 	B1.1	EEB1.1.1. Distingue as formas xurídicas das empresas e relacións coas esixencias de capital e coas responsabilidades para cada tipo.	Relaciona con cada empresa as responsabilidades legais dos/das propietarios/as e xestores/as, e as necesidades de capital.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT ▪ CSIEE
			EEB1.1.2. Identifica e valora as formas xurídicas de empresa máis apropiadas en cada caso en función das características concretas, aplicando o razoamento sobre clasificación das empresas.	Describe e interpreta as clases de empresas, analizando as formas xurídicas e as súas funcións na economía.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT
			EEB1.1.3. Analiza, para un determinado caso práctico, os criterios de clasificación de empresas: segundo a natureza da actividade que desenvolven, a súa dimensión, o nivel tecnolóxico que alcanzan, o tipo de mercado en que operan, a fórmula xurídica que adoptan, e o seu carácter público ou privado.	Analiza e interpreta as distintas clasificacións das empresas resolvendo supostos prácticos.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CD
			EEB1.1.4. Describe os elementos da empresa en relación coas funcións que desenvolven e os obxectivos que procuran dentro do sistema.	Describe e interpreta os elementos da empresa, e as súas funcións na economía.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ h ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Contorno da empresa. ▪ B1.6. Responsabilidade social e ambiental da empresa. ▪ B1.7. Funcionamento e creación de valor. 	B1.2	EEB1.2.1. Identifica os tipos de empresas e de empresarios/as que actúan no seu contorno, así como a forma de relacionar co seu contorno máis próximo.	Identifica e relaciona os empresarios con cada tipo de empresa así coma a súa actuación na contorna.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT ▪ CSC ▪ CSIEE
			EEB1.2.2. Analiza a relación entre empresa, sociedade e ambiente, e valora os efectos positivos e negativos das actuacións das empresas nas esferas social e ambiental.	Identifica e analiza os trazos principais da contorna na que a empresa desenvolve a súa actividade.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CSC ▪ CSIEE

			EEB1.2.3. Analiza a actividade das empresas como elemento dinamizador de progreso,estimando a súa creación de valor para a sociedade e para a cidadanía.	Valora a importancia que ten para a sociedade a I+D+ i.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CSIEE
--	--	--	--	---	--

Bloque 2. Desenvolvemento da empresa.

Obxect.	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consecución	Compet. clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ i ▪ l ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Localización e dimensión empresarial. ▪ B2.2. Estratexias de crecemento interno e externo ▪ B2.3. Pequenas e medianas empresas: estratexias de mercado. ▪ B2.4. Importancia das pequenas e medianas empresas (PME) na economía. ▪ B2.5. Internacionalización, competencia global e tecnoloxía. ▪ B2.6. Empresa multinacional: aspectos positivos e negativos do seu funcionamento. 	B2.1	EEB2.1.1. Describe e analiza os factores que determinan a localización e a dimensión dunha empresa, e valora a transcendencia futura para a empresa desas decisións.	Analiza a importancia e a repercusión que teñen as decisións de localización e dimensión.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT
			EEB2.1.2. Valora o crecemento da empresa como estratexia competitiva e relaciona as economías de escala coa dimensión óptima da empresa.	Identifica e analiza as estratexias de crecemento no que respecta a localización e dimensión da empresa.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT ▪ CSIEE
			EEB2.1.3. Identifica e explica as estratexias de especialización e diversificación.	Identifica e explica as diferentes estratexias competitivas.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT ▪ CSIEE
			EEB2.1.4. Analiza as estratexias de crecemento interno e externo a partir de supostos concretos.	Identifica e analiza as estratexias internas e externas con empresas do seu contorno.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CD ▪ CMCCT
			EEB2.1.5. Examina o papel das pequenas e das medianas empresas no noso país,e valora as súas estratexias e as súas formas de actuar,así como as súas vantaxes e os seus inconvenientes.	Describe as vantaxes e inconvenientes das pequenas e medianas empresas.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CSIEE
			EEB2.1.6. Describe as características e as estratexias de desenvolvemento da empresa multinacional, e valora a importancia da responsabilidade social e ambiental.	Identifica e valora a importancia social e ambiental na estratexia de empresa.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT ▪ CSC
			EEB2.1.7. Estuda o impacto da incorporación da innovación e das novas tecnoloxías na estratexia da empresa, e relaciónao coa capacidade para competir de xeito global.	Valora a importancia das TIC na actividade empresarial.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT ▪ CSC

Bloque 3. Organización e dirección de empresa.

Obxect.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consecución	Compet. clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ i ▪ l ▪ m ▪ p 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. División técnica do traballo e necesidade de organización no mercado actual. ▪ B3.2. Funcións básicas da dirección. ▪ B3.3. Planificación e toma de decisións estratéxicas. ▪ B3.4. Organización formal e informal da empresa: deseño e análise da súa estrutura. ▪ B3.5. A xestión dos recursos humanos e a súa incidencia na motivación. ▪ B3.6. Os conflitos de interese e as súas vías de negociación. 	B3.1	EEB3.1.1. Reflexiona sobre a división técnica do traballo nun contexto global de interdependencia económica para valorar as súas consecuencias sociais.	Describe a división do traballo e as súas repercusión sociais.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSC
			EEB3.1.2. Describe a estrutura organizativa, o estilo de dirección, as canles de información e de comunicación, o Grao de participación na toma de decisións e a organización informal da empresa.	Describe e interpreta os distintos estilos de dirección, estruturas organizativas na empresa.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT ▪ CSIEE
			EEB3.1.3. Identifica a función de cada área de actividade da empresa (aprovisionamento, produción e comercialización, investimento e financiamento, recursos humanos e administrativa), así como as súas interrelacións.	Analiza as diferentes funcións nas áreas da actividade da empresa.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT ▪ CSIEE
			EEB3.1.4. Investiga sobre a organización nas empresas do seu ámbito máis próximo e identifica vantaxes e inconvenientes, detecta problemas para solucionar e describe propostas de mellora.	Investiga a organización de empresas coñecidas, valorando as posibles modificacións a realizar.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CD ▪ CSC ▪ CSIEE
			EEB3.1.5. Aplica os seus coñecemento na unha organización concreta, para detectar problemas e propor melloras.	Analiza a organización dunha empresa determinada.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CSIEE
			EEB3.1.6. Valora a importancia dos recursos humanos nunha empresa e analiza diferentes maneiras de abordar a súa xestión e a súa relación coa motivación e a produtividade.	Valora a importancia do capital humano. Analiza as formas de abordar a súa motivación e produtividade.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSC ▪ CSIEE

Bloque 4. A función produtiva.

Obxect.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consecución	Compet. clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ i ▪ l ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Produción e proceso produtivo. ▪ B4.2. Función de produción. Produtividade e eficiencia. ▪ B4.3. Investigación, desenvolvemento e innovación (I+D+i) como elementos clave para o cambio tecnolóxico e a mellora da competitividade empresarial. 	B4.1	EEB4.1.1. Realiza cálculos da produtividade de distintos factores e interpreta os resultados obtidos, coñecendo medios e alternativas de mellora da produtividade nunha empresa.	Calcula a produtividade da empresa a partir de datos de produción e utilización de diferentes factores de produción.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD
			EEB4.1.2. Analiza e valora a relación entre a produtividade e os salarios dos/das traballadores/as.	Analiza procesos produtivos.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSC
			EEB4.1.3. Reflexiona sobre a importancia para a sociedade e para a empresa da investigación e da innovación tecnolóxica en relación coa competitividade e o crecemento.	Coñece o papel que xoga a I+D+i no proceso produtivo.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ i ▪ l ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.4. Custos: clasificación e cálculo dos custos na empresa. ▪ B4.5. Cálculo e interpretación do limiar de rendibilidade da empresa. 	B4.2	EEB4.2.1. Distingue os ingresos e os custos dunha empresa, calcula o seu beneficio ou a súa perda xerados ó longo do exercicio económico, aplicando razoamentos matemáticos, e interpreta os resultados.	Determina a estrutura de ingresos e custos dunha empresa, calculando o seu beneficio.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD
			EEB4.2.2. Identifica e calcula os tipos de custos, ingresos e beneficios dunha empresa, e represéntaos graficamente.	Calcula o beneficio dunha empresa, e representa graficamente os resultados.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT
			EEB4.2.3. Calcula o limiar de vendas (de rendibilidade) necesario para a supervivencia da empresa.	Calcula e o limiar de rendibilidade, a partir dun suposto formulado.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT
			EEB4.2.4. Analiza os métodos custo beneficio e custo eficacia como instrumentos de medida e avaliación que axudan á toma de decisións.	Coñece a importancia dos datos obtidos na toma de decisións empresariais.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSIEE

<ul style="list-style-type: none"> ▪ i ▪ l ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.6. Os inventarios da empresa e os seus custos. Modelos de xestión de inventarios. 	B4.3	EEB4.3.1. Identifica os custos que xera o almacén resolve casos prácticos sobre o ciclo de inventario.	Describe os conceptos fundamentais do ciclo de inventario.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT
			EEB4.3.2. Valora as existencias en almacén mediante diferentes métodos.	Manexa os modelos de xestión.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT
			EEB4.3.3. Valora a relación entre o control de inventarios e a produtividade e a eficiencia nunha empresa.	Relaciona a produtividade, eficiencia e control de inventarios a partir de supostos prácticos.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSIEE

Bloque 5. A función comercial da empresa.

Obxect.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consecución	Compet. clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ h ▪ i ▪ l ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Departamento comercial da empresa. ▪ B5.2. Concepto e clases de mercado. ▪ B5.3. Técnicas de investigación de mercados. ▪ B5.4. Comportamento do/a consumidor/a e segmentación de mercados. ▪ B5.5. Variables do márketing-mix e elaboración de estratexias. ▪ B5.6. Estratexias de márketing e ética empresarial. ▪ B5.7. Tecnoloxías da información e das comunicacións e márketing. 	B5.1	EEB5.1.1. Caracteriza un mercado en función de diferentes variables como, por exemplo, o número de competidores e o produto vendido.	Analiza as características dos mercados no contorno.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE
			EEB5.1.2. Identifica e adapta a cada caso concreto as estratexias e os enfoques de márketing.	Analiza as diferentes estratexias de márketing.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CD ▪ CMCCT
			EEB5.1.3. Interpreta e valora estratexias de márketing, incorporando nesa valoración consideracións de carácter ético, social e ambiental.	Analiza e valora as estratexias de márketing que inclúen valores sociais.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT ▪ CSC ▪ CSIEE
			EEB5.1.4. Comprende e explica as fases e as etapas da investigación de mercados.	Describe e analiza a investigación de mercados feita por unha empresa.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT
			EEB5.1.5. Aplica criterios e estratexias de segmentación de mercados en casos prácticos.	Resolve nun suposto práctico as estratexias de segmentación de mercados.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT
			EEB5.1.6. Analiza e valora as oportunidades de innovación e transformación do márketing que xorden co desenvolvemento das tecnoloxías da información e da comunicación.	Analiza a incorporación das TIC nas oportunidades de innovación do márketing.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT ▪ CSC

			EEB5.1.7. Describe a organización e o funcionamento do departamento comercial da empresa.	Comprende o funcionamento do departamento comercial.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT
			EEB5.1.8. Determina as necesidades da clientela en relación coas características dos produtos ou dos servizos ofrecidos pola empresa.	Entende a importancia de satisfacer as necesidades dos clientes.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT ▪ CSC

Bloque 6. A información na empresa.

Obxect.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consecución	Compet. clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ g ▪ h ▪ i ▪ l ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.1. Obrigas contables da empresa. ▪ B6.2. A composición do patrimonio e a súa valoración. ▪ B6.3. Resultados da empresa. ▪ B6.4. As contas anuais e a imaxe fiel. ▪ B6.5. Elaboración do balance e da conta de perdas e ganancias. ▪ B6.6. Análise e interpretación da información contable. 	B6.1	EEB6.1.1. Recoñece os elementos patrimoniais e a función que teñen asignada.	Distingue os diferentes elementos patrimoniais dunha empresa.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSIEE
			EEB6.1.2. Identifica, valora e clasifica os bens, os dereitos e as obrigas da empresa en masas patrimoniais.	Clasifica os elementos en masas patrimoniais.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
			EEB6.1.3. Interpreta a correspondencia entre os investimentos e o seu financiamento.	Entende a relación existente entre financiamento e investimento.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA
			EEB6.1.4. Detecta posibles desaxustes no equilibrio patrimonial, na solvencia e no aparcamento da empresa, mediante a utilización de ratios.	Interpreta os resultados dunha empresa mediante o uso dos ratios.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
			EEB6.1.5. Propón medidas correctoras axeitadas en caso de se detectar desaxustes patrimoniais ou financeiros.	Analiza o balance, analizando as posibles accións de mellora nunha determinada situación patrimonial.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSIEE
			EEB6.1.6. Recoñece a importancia do dominio das operacións matemáticas e dos procedementos propios das ciencias sociais como ferramentas que facilitan a solución de problemas empresariais.	Entende a importancia das ferramentas utilizadas na interpretación das contas anuais da empresa.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD

			EEB6.1.7. Recoñece a conveniencia do equilibrio económico, patrimonial e financeiro da empresa.	Recoñece a importancia da ecuación patrimonial.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSIEE
			EEB6.1.8. Valora a importancia da información na tomada decisións.	Estuda as repercusións que poden ter as decisións no futuro das empresas.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSIEE
			EEB6.1.9. Calcula o resultado do exercicio económico da empresa, empregando os criterios de imputación aplicables.	Calcula os datos máis salientables da conta de perdas e ganancias.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT
			EEB6.1.10. Identifica, interpreta e clasifica os elementos do resultado da empresa.	Clasifica os elementos do resultado obtido nun suposto práctico.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ h ▪ i ▪ l ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.7. Fiscalidade empresarial: principais figuras impositivas e elementos clave da súa estrutura e do seu funcionamento. 	B6.2	EEB6.2.1. Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa organización e a actividade que desenvolvan.	Recoñece a importancia do cumprimento das obrigas fiscais.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSIEE
			EEB6.2.2. Describe o funcionamento básico dos impostos que recaen sobre as empresas e destaca as principais diferenzas entre eles.	Explica os impostos que afectan as empresas, entendendo as principais diferenzas.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT
			EEB6.2.3. Valora a achega que supón para a riqueza nacional a carga impositiva que soportan as empresas.	Valora a importancia dos impostos e o cumprimento das obrigas fiscais para o bo funcionamento dos países.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC

Bloque 7. A función financeira.

Obxect.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consecución	Compet. clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ g ▪ i ▪ l ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.1. Estrutura económica e financeira da empresa. ▪ B7.2. Concepto e clases de investimento. ▪ B7.3. Valoración e selección de proxectos de investimento. ▪ B7.4. Fontes de financiamento interno e externo da empresa. Novas formas de financiamento. ▪ B7.5. Ciclos da empresa. ▪ B7.6. Período medio de maduración. 	B7.1	EEB7.1.1. Coñece e enumera os métodos estáticos (prazo de recuperación) e dinámicos (criterio do valor actual neto) para seleccionar e valorar investimentos.	Valora proxectos de investimento coñecendo os diferentes métodos utilizados para a selección da alternativa máis vantaxosa.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT ▪ CSIEE
			EEB7.1.2. Aplica métodos estáticos(prazo de recuperación) e dinámicos (valor actual neto), nun suposto concreto de selección de alternativas de investimento para unha empresa.	Xustifica razoadamente a selección da alternativa máis vantaxosa dos diferentes proxectos de investimento.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT
			EEB7.1.3. Explica as posibilidades de financiamento das empresas diferenciando o externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada un e a simplificación na marcha da empresa.	Diferenza as posibles fontes de financiamento nun determinado suposto e razo a elección máis axeitada.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT
			EEB7.1.4. Analiza, nun suposto concreto de financiamento externo, as opcións posibles, os seus custos e as variantes de amortización.	Analiza mediante supostos prácticos as opcións de financiamento.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CD ▪ CMCCT
			EEB7.1.5. Analiza e avalía, a partir dunha necesidade concreta, as posibilidades que teñen as empresas de recorrer ó mercado financeiro.	Avalía a partir de supostos prácticos as posibilidades existentes no mercado financeiro.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CSIEE
			EEB7.1.6. Valora as fontes externas e internas de financiamento da empresa.	Analiza as fontes de financiamento da empresa.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSIEE
			EEB7.1.7. Analiza e expresa as opcións financeiras que mellor se adaptan a un caso concreto de necesidade financeira.	Analiza as opcións financeiras máis acorde ca empresa que está estudando.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT
			EEB7.1.8. Aplica os coñecementos tecnolóxicos á análise e á resolución de supostos.	Utiliza ferramentas tecnolóxicas para a resolución de supostos.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT
			EEB7.1.9. Identifica e describe os ciclos da actividade da empresa e as súas fases.	Coñece os PMM económico e financeiro dunha determinada empresa.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT ▪ CSIEE

			EEB7.1.10. Calcula, para un determinado suposto práctico, os períodos de maduración da empresa, e distingue as súas fases.	Analiza cun suposto práctico o período medido de maduración da empresa estudada.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CD
--	--	--	--	--	--

A temporalización das unidades didácticas é flexible, podendo modificarse en función das necesidades do alumnado.

Unidade didáctica	Nº sesións (136)	Trimestre
1. A empresa e o empresario	8	1º
2. Clases de empresas e formas xurídicas	10	
3. A empresa e o seu entorno	8	
4. Desenvolvemento da empresa	8	
5. Dirección e organización	8	2º
6. A xestión dos recursos humanos	8	
7. Produción, produtividade e custes	14	1º
8. A función de aprovisionamento	12	2º
9. A función comercial	9	
10. O marketing mix	9	
11. O patrimonio e as contas	12	3º
12. Análises económico-financeiro e fiscalidade da empresa	12	
13. A inversión na empresa	10	
14. Financiamento empresarial	8	

Tomando como referencia o calendario escolar para o ano 2021/2022, establecido na Orde do 19 de maio do 2021, no seguinte cadro recóllese a secuenciación dos diferentes bloques nos que se divide a materia ó longo do curso:

Bloque	1ºT	2ºT	3ºT
Bloque 1: A empresa	X		
Bloque 2: Desenvolvemento da empresa	X		
Bloque 3: Organización e dirección da empresa	X		
Bloque 4: A función produtiva	X	X	
Bloque 5: A función comercial da empresa		X	
Bloque 6: A información na empresa			X
Bloque 7: A función financeira			X

5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS.

Orientacións metodolóxicas.

Buscamos que o noso alumnado acade unha aprendizaxe significativa, polo que a nosa metodoloxía será eminentemente práctica, flexible e aberta. Para lograr este tipo de aprendizaxe partiremos dos coñecementos previos do alumnado e incorporaremos os contidos máis básicos en cada unha das unidades para logo ir abarcando os de maior complexidade.

Seguiremos unha metodoloxía na que a materia sirva para descubrir problemas empresariais relacionados coa realidade local ou galega en xeral. Preténdese a realización de pequenas investigacións da contorna para que o seu estudo resulte máis próximo e útil. O obxectivo é que o alumnado teña un papel activo e participativo na aula.

A metodoloxía aplicada facilitará o traballo autónomo do alumnado, potenciará as técnicas de investigación e aplicará o aprendido á vida real para levar a cabo aprendizaxes significativas e funcionais. Polo tanto, ó longo do curso, seguiremos as pautas que se describen a continuación:

1. Partir dos coñecementos previos do alumnado.
2. Relacionar eses coñecementos previos con novas aprendizaxes.
3. Motivar unha intensa actividade por parte do alumnado.
4. Significatividade dos contidos no sentido de establecer contidos que teñan unha aplicación práctica a súa realidade máis próxima, útiles para a vida cotiá e que traten temas de interese e actualidade.

Ó longo do curso utilizaranse *estratexias expositivas* tratando de expoñer os contidos de forma clara mediante a utilización de diversos recursos didácticos como esquemas, presentacións ou vídeos explicativos. Tamén se utilizarán *estratexias indagativas*, coas que se trata de enfrontar ó alumnado con problemas e cuestións nos que deben aplicar de maneira reflexiva os conceptos coa finalidade de favorecer a súa comprensión significativa e funcional mediante estudos de casos, simulacións,

investigacións sinxelas e debates.

Estratexias de ensino-aprendizaxe

Buscaremos realizar actividades variadas, innovadoras, motivadoras e significativas, que o alumnado poida relacionar con experiencias previas ou con coñecementos adquiridos anteriormente e que sexan actividades que poidan usar na súa vida real e cotiá.

As actividades serán pensadas para realizar, tanto en gran grupo, como en pequenos grupos e individualmente, dependendo do momento de desenvolvemento da unidade didáctica.

En definitiva, as actividades que levaremos a cabo son as seguintes:

- **Actividades de presentación**: estas actividades presentan os contidos a tratar ó alumnado e paralelamente intentan espertar o seu interese e a súa motivación, como por exemplo a lectura dalgunha noticia relacionada coa unidade ou preguntas abertas para indagar sobre os coñecementos previos sobre o tema en cuestión. O punto de partida é detectar os coñecementos previos do alumnado; a partir destes coñecementos previos explicaranse os novos contidos, apoiando estas explicacións con presentacións en Powerpoint, con exemplos de empresas galegas.

- **Actividades de desenvolvemento**: son actividades de explicación, pregunta-resposta, que permiten adquirir novos contidos.

- **Actividades de asimilación**: con estas actividades o alumnado traballará os novos contidos coa finalidade de comprendelos. Serán actividades de completar, explicar e relacionar.

- **Actividades de consolidación**: son actividades que soen realizarse despois das actividades de asimilación e nas que o alumnado pode comparar as ideas previas coas adquiridas.

- **Actividades de síntese**: propóñense no último bloque de cada unidade para

reparar os contidos previos e afondar naqueles nos que o alumnado teña máis dificultades.

- **Actividades de reforzo:** son aquelas que deseñamos para o alumnado que requira dunha maior atención ou apoio. Para isto empregaremos técnicas como poden ser os esquemas para facer unha delimitación dos contidos esenciais, e o subliñado.

- **Actividades de ampliación:** utilizaremos estas actividades cando o noso alumnado teña realizado de xeito satisfactorio as actividades de desenvolvemento propostas, ou no caso de que exista algún rapaz ou rapaza con altas capacidades. Nestas actividades realizaremos lecturas, investigacións ou bosquexo de curiosidades.

5.1. METODOLOXÍA NO CASO DE ENSINO SEMIPRESENCIAL.

O ensino na modalidade semipresencial é unha alternativa para que o alumnado que non poida acudir á aula durante un determinado período de tempo por circunstancias derivadas da crise da Covid (ser portadores do virus ou ben atoparse en corentena por estar en contacto con persoas positivas en Covid) poida facer un seguimento da materia dende o fogar.

A principal ferramenta que terá o alumnado para estar en contacto coa materia dende a casa será a Aula Virtual, na que se subirá todo o material necesario (apuntamentos, boletíns de exercicios, diapositivas, vídeos explicativos...) para que o poida seguir os contidos impartidos na aula. Esta ferramenta será empregada dende o inicio de curso, para que o alumnado se familiarice co seu manexo e, de convertese na ferramenta esencial para seguir a materia en caso de confinamento, que teñan os mínimos problemas posibles á hora de establecerse un ensino online.

Comprobaremos se o alumnado dispón de internet, ordenador ou outros dispositivos para conectarse á Aula Virtual; de non ser así, poñerase en coñecemento do equipo directivo dita circunstancia para atopar unha solución ao respecto.

5.2. METODOLOXÍA ANTE O POSIBLE CONFINAMENTO POLA CRISE DA COVID.

A incerteza sobre a evolución da pandemia no noso país obríganos a deseñar unha metodoloxía de ensinanza para aplicar no caso de que o alumnado teña que estar confinado na casa e non poida acudir as aulas.

- Aplicaremos unha metodoloxía que se adapte ás características do alumnado, favorecendo a capacidade de aprender de xeito autónomo, promovendo a creatividade e o dinamismo e integrando os recursos das tecnoloxías da información e da comunicación na aprendizaxe.
- Propiciaremos situacións de aprendizaxe motivadoras e funcionais que teñan sentido e significado para o alumnado.
- Trataremos de forma globalizada e integrada os distintos contidos.
- Integraremos a teoría e a práctica.

A principal ferramenta que empregaremos para facer o seguimento da materia será a Aula Virtual do Centro, na que se subirá todo o material necesario (apuntamentos, boletíns de exercicios, diapositivas, vídeos explicativos...) para que o alumnado poida seguir os contidos da materia. Esta ferramenta será empregada dende o inicio de curso, para que o alumnado se familiarice co seu manexo e, de convertese na ferramenta esencial para seguir a materia en caso de confinamento, que teñan os mínimos problemas posibles á hora de establecerse un ensino online.

Dende inicio de curso, o equipo docente elaborará un listado do alumando que non dispoña de internet, ordenador ou outros dispositivos para conectarse á Aula Virtual; dito listado será remitido ó equipo directivo co obxectivo de buscar unha solución para o alumnado que se atope nesta situación.

Para complementar as clases online, propónse a realización de videoconferencias por Webex, para afondar naqueles contidos teóricos e prácticos máis complexos, na resolución de actividades, na corrección dos erros máis comúns detectados nas tarefas entregadas e sobre todo, para que o alumnado poida resolver as dúbidas que lle vaian xurdindo.

6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

Como parte da metodoloxía proposta, utilizaranse unha serie de recursos didácticos:

- **Recursos materiais:**
 - Libro de texto: Economía da Empresa, da editorial GaliNova
 - Materiais elaborados pola docente: apuntes, boletíns de exercicios e actividades de investigación.
 - Materiais educativos que as editoriais poñen a disposición do profesorado
 - Prensa escrita/dixital: consulta de noticias nas web de periódicos económicos como *El Economista*, *Expansión*, *Emprendedores*, etc.
 - Revistas especializadas e estudos de ámbito rexional ou nacional.
 - Enlaces web de interese para explicar novos contidos ou reforzar os anteriores.
- **Recursos TIC:**
 - Aula Virtual
 - Presentacións en Power Point das distintas unidades didácticas.
 - Vídeos e documentais de contido económico dispoñibles na rede.
 - Cañón de proxección.
 - Ordenador con conexión a Internet.
 - Encerado dixital
 - Procesador de textos e folla de cálculo.
 - Software de deseño de presentacións.
 - Aplicación de videoconferencias Webex

7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

A avaliación é o medio polo que recolleemos información sobre o proceso de ensinanza-aprendizaxe. É un acto continuo e o fin último debe ser a mellora.

O Decreto 86/2015, no seu artigo 33, establece que a avaliación: "*Será continua e diferenciada segundo as materias, terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensinanza como dos procesos de aprendizaxe*".

Para levar a cabo a avaliación da materia de Economía da Empresa de 2º de Bacharaleto, debemos ter en conta os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe que establece o Decreto, e que foron expostos en cada unha das Unidades Didácticas.

En función do momento en que levemos a cabo esta avaliación, temos que distinguir:

- **Avaliación inicial:** é a que se realiza antes de comezar o proceso de ensinanza-aprendizaxe, co fin de verificar o nivel de preparación do alumnado para enfrontarse ós obxectivos que se espera que logren. Ten un carácter diagnóstico e polo tanto, non é puntuable.

Ó principio de curso o alumnado realizará un cuestionario sobre conceptos económicos básicos que servirá para facernos unha idea do nivel de coñecementos do noso alumnado.

A avaliación inicial tamén se levará a cabo ao inicio de cada Unidade Didáctica, entregándose pequenos cuestionarios, ou facendo preguntas abertas ao alumnado. Ditas actividades permitirannos coñecer o que saben os estudantes sobre o tema, así como motivalos mostrando os contidos que se tratarán ao longo da unidade.

- **Avaliación procesual:** é aquela que consiste na valoración continua do aprendizaxe do alumnado e da ensinanza da profesora, mediante a recollida de datos e análise dos mesmos.

- **Avaliación final:** é aquela pola cal se valoran os aprendizaxes e as competencias que desenvolveron as persoas ao rematar o proceso.

Procedementos e instrumentos de avaliación:

Utilizaranse os seguintes procedementos e instrumentos de avaliación:

- **Observación:** permite recoller información durante a avaliación continua; é indicada para comprobar a adquisición de contidos actitudinais e procedimentais. Elaboraranse uns instrumentos que permitan rexistrar sistematicamente a información recollida como as listas de control, escalas de estimación, rexistro anecdótico.

- **Revisión de actividades e traballos:** permite coñecer como o alumnado adquire e aplica os diferentes contidos traballados nas unidades, así como as dificultades de aprendizaxe polo que son un bo instrumento de avaliación continúa.

- **Probas de avaliación:** consiste en que o alumno/a demostre os coñecementos adquiridos a través da realización de diversas actividades ou preguntas, este método complementará a información obtida a través dos outros procedementos.

- **Diario:** permite recoller información máis significativa e resumir como evolucionaron os alumnos dende o inicio do curso, sinalando as dificultades e os logros, as orientacións de mellora aplicadas e os resultados obtidos ao final do curso.

Criterios de cualificación:

Realizaranse tres avaliacións que poderán ser recuperadas. Para superar a materia é necesario obter un mínimo de 5 puntos nas diferentes avaliacións, e esta cualificación estará baseada nos seguintes aspectos:

- **Nota das probas escritas (90% da nota da avaliación):**

Faranse un máximo de dúas probas escritas por avaliación que constarán dunha parte práctica (5 puntos) e unha parte teórica (5 puntos); para que a proba faga media deberase obter, como mínimo un 2 en cada unha das partes.

As probas escritas cualificaranse sobre un total de 10 puntos. Indicarase o valor asignado a cada pregunta.

Calcularase a media aritmética das probas escritas, sempre que en cada una das probas se obteña unha cualificación de 4 puntos como mínimo; en ningún caso se fará media con notas inferiores a 4 puntos. A media obtida multiplicarase por 0,90 para ponderar o peso destes contidos na nota da avaliación; polo tanto a nota máxima neste apartado será de 9 puntos.

Para determinar a cualificación obtida en cada proba terase en conta que o contido das respostas sexa correcto, axustado ao preguntado e completo; as cuestións deben estar debidamente razoadas, con claridade na exposición, concreción, e debe apreciarse o dominio da terminoloxía económica así como

o emprego de exemplos adecuados.

Á hora de determinar o grado de desenvolvemento dos exercicios teranse en conta, tanto as interpretacións, explicacións e comentarios dos exercicios, como a expresión dos resultados numéricos nas unidades correctas. Como norma xeral, descontarase o 25% da nota de cada apartado se hai erros de cálculo e outro 25% da nota de cada apartado se non se indican as unidades.

- **Nota do traballo na aula e na casa (10% da nota da avaliación):** Neste apartado terase en conta o traballo na clase, traballo na casa, entrega de traballos sobre artigos económicos, orde e rigor na elaboración das diferentes actividades propostas, participación e intervención na clase.
- **Cualificación final da materia:** será a media aritmética das tres avaliacións.

O docente atenderá á corrección de exercicios por parte do alumnado, ás saídas ó encerado, ó traballo diario e á actitude do alumnado cara a materia para levar a cabo os redondeos que considere oportunos na nota final.

No caso de que algún alumno intente aprobar por métodos fraudulentos, este alumno suspenderá directamente a avaliación, e faráselle unicamente un exame de recuperación de toda a avaliación o final de curso.

Procedementos de recuperación:

Así mesmo, aquelas alumnas e alumnos que non superen a materia por avaliacións, deberán realizar unha proba escrita.

- A recuperación da 1ª avaliación farase ó principio da segunda avaliación.
- A recuperación da 2ª avaliación farase ó principio da terceira avaliación.
- A recuperación da 3ª avaliación farase no exame final.

Para a elaboración de dita proba teranse en conta os estándares de aprendizaxe e os contidos mínimos fixados para este curso. Será necesario acadar unha cualificación mínima de 5 puntos para superala.

A proba cualificarase con dous decimais, redondeando ó enteiro superior cando o decimal sexa 0,6 ou máis e a alumna/o teña anotacións positivas na aula (participación

e intervención voluntaria na clase, actitude ante a materia, interese polo traballo, comportamento, realización de traballos e corrección de exercicios).

Haberá un **exame escrito final** das avaliacións suspensas ó final de curso (maio) para o alumnado que non supere unha ou máis avaliacións:

- Un exame dos contidos dun trimestre: para aqueles que non superen o devandito trimestre.

- Un exame global da materia para aquel alumnado que suspenda dúas o máis avaliacións.

Para a superación da materia será imprescindible ter superadas as tres avaliacións. A nota final de curso (maio) obterase calculando a media aritmética das notas acadadas nas tres avaliacións. A nota calcularase facendo o redondeo ás unidades.

Así mesmo, o alumnado que non acade os graos mínimos de consecución dos distintos Estándares de Aprendizaxe realizará actividades de reforzo e recuperación que lle permita chegar a conseguilos. Estas actividades consistirán na elaboración de esquemas, resumos de contidos e resolucións de exercicios prácticos.

Avaliación extraordinaria:

Aqueles alumnos/as que non superen a materia no mes de maio deberán realizar unha proba escrita na convocatoria extraordinaria do mes de xuño.

Dita proba será global (avaliarase a totalidade da materia independentemente das avaliacións que se aprobaran) e estará referida ás unidades de traballo e ós criterios de avaliación recollidos na presente programación. A súa estrutura coincidirá coas realizadas ó longo do curso. A valoración máxima será de 10 puntos e será necesario acadar unha cualificación mínima de 5 puntos para superar a devandita proba.

A proba cualificarase con dous decimais, redondeando ó enteiro superior cando o decimal sexa 0,6 ou máis e a alumna/o teña anotacións positivas na aula (participación e intervención voluntaria na clase, actitude ante a materia, interese polo traballo, comportamento, realización de traballos e corrección de exercicios).

7.1. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO NO CASO DE ENSINO SEMIPRESENCIAL.

Para o alumnado que non poida acudir á aula durante un determinado período de tempo por circunstancias derivadas da crise da Covid (ser portadores do virus ou ben atoparse en corentena por estar en contacto con persoas positivas en Covid) flexibilizaranse os criterios de avaliación anteriores.

Se o alumnado está confinado durante un curto período de tempo que non lle impida acudir ás probas escritas presenciais realizadas durante o trimestre e entregar as tarefas propostas a través da Aula Virtual, rexerán os criterios de avaliación anteriores:

- **Nota das probas escritas (90% da nota da avaliación):**

Faranse un máximo de dúas probas escritas por avaliación que constarán dunha parte práctica (5 puntos) e unha parte teórica (5 puntos); para que a proba faga media deberase obter, como mínimo un 2 en cada unha das partes.

As probas escritas cualificaranse sobre un total de 10 puntos. Indicarase o valor asignado a cada pregunta.

- **Nota do traballo na aula e na casa (10% da nota da avaliación):** Neste apartado terase en conta o traballo na clase, traballo na casa, entrega de traballos sobre artigos económicos, orde e rigor na elaboración das diferentes actividades propostas, participación e intervención na clase.

- **Cualificación final da materia:** será a media aritmética das tres avaliacións.

Se o feito de estar confinado lle impide ao alumnado acudir ás probas escritas presenciais realizadas durante o trimestre, debido ao peso que ditas probas teñen na cualificación final e co propósito de non prexudicar ao alumnado que se atope nestas circunstancias, rexerán os criterios de avaliación do apartado 7.2 que se detallan a continuación.

7.2. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO ANTE A SUSPENSIÓN DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL POLA CRISE DA COVID.

Procedementos e instrumentos de avaliación

▪ **Procedementos:** os métodos empregados para recoller información serán os seguintes:

- Observación sistemática: anotacións da asistencia ás clases online e das entregas de tarefas
- Recompilación de materiais
- Realización de probas específicas

▪ **Instrumentos:** as ferramentas empregadas para avaliar serán as seguintes:

- Anotacións no caderno docente
- Portfolio de materiais entregados polo alumnado (boletíns de exercicios e actividades)
- Proba escrita/telemática

Para superar a materia será necesario obter un mínimo de 5 puntos nas diferentes avaliacións, e esta cualificación estará baseada nos seguintes aspectos:

Avaliación		%
Tarefas e exercicios entregados	Entregar ao menos o 75% das actividades propostas	20%
Proba escrita/telemática	Nota mínima de 3 sobre 10	80%

A proba telemática dos contidos teóricos e prácticos desenvolto online realizarase a través da aula virtual e o alumnado terá un tempo limitado para a súa realización e entrega.

No caso de que se permita a asistencia ó Centro, a proba escrita realizarase de xeito presencial no calendario oficial publicado polo IES.

Cualificación final da materia: será a media aritmética das tres avaliacións.

No caso de que algún alumno intente aprobar por métodos fraudulentos, este alumno suspenderá directamente a avaliación, e faráselle unicamente un exame de recuperación de toda a avaliación o final de curso.

Avaliación extraordinaria:

O alumnado que non acade unha cualificación positiva a final de curso, deberá realizar unha proba escrita/telemática na convocatoria extraordinaria do mes de xuño.

Dita proba será global e estará referida ás unidades de traballo e ós criterios de avaliación recollidos na presente programación. A súa estrutura coincidirá coas realizadas ó longo do curso. A valoración máxima será de 10 puntos e será necesario acadar unha cualificación mínima de 5 puntos para superar a devandita proba.

8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

Ademais da avaliación do alumnado, temos que cualificar tanto o proceso de ensino como a nosa práctica como docentes. Debemos contestar ás seguintes cuestións:

- **Que avaliar?** → Avaliación da práctica docente por parte do alumnado e avaliación do proceso de ensino por parte do docente (nos anexos recóllense os modelos de enquisas e os indicadores de logro). No caso de que os resultados destas avaliacións non sexan os esperados actuarase en consecuencia modificando os aspectos necesarios.
- **Cando avaliar?** → Ó final de cada trimestre realizaremos unha avaliación da nosa tarefa docente para corrixir erros, introducir melloras e ir axustando as posibles deficiencias que se poidan detectar.
- **Como avaliar?** → A través de varios procedementos e instrumentos que nos permitirán determinar a adecuación ás características do alumnado, ós obxectivos inicialmente propostos e á temporalización e secuenciación de contidos:
 - Información proporcionada polos resultados da propia avaliación do alumnado.
 - Diario do profesor, no que se anotarán as incidencias no

desenvolvemento da práctica docente.

- Resultados dos indicadores de logro propostos no anexo I.

9. ORGANIZACIÓN DO SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.

Aquel alumnado que teña pendente a materia de Economía de 1º de bacharelato, deberá presentarse a unha proba escrita dos contidos teóricos e prácticos recollidos nesta programación, tendo en conta os estándares de aprendizaxe e os contidos mínimos. Realizarase a final da terceira avaliación e será necesario acadar unha cualificación mínima de 5 puntos para superar a devandita proba.

Proporcionaráselle ao alumnado apuntamentos, boletíns de exercicios e actividades de reforzo para facilitarlles a preparación dos contidos.

10. ORGANIZACIÓN DOS PROCEDEMENTOS QUE LLE PERMITAN Ó ALUMNADO ACREDITAR OS COÑECEMENTOS NECESARIOS PARA CURSAR A MATERIA.

Non procede.

11. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUCENCIA DOS SEUS RESULTADOS.

A avaliación inicial aportará información para que o profesorado poida tomar decisións respecto ó nivel de profundidade á hora de desenvolver os temas e as estratexias de aprendizaxe necesarias en cada caso.

Ademais, ó comezo de cada unidade, farase unha actividade inicial consistente en debates, visualización de vídeos ou lectura de artigos/notas de prensa, co obxectivo de detectar os coñecementos previos e saber o punto de partida para a explicación dos contidos da unidade.

A avaliación inicial será realizada polo profesorado do grupo nun prazo aproximado dun mes dende o inicio do curso. Para elo:

- Observaranse os coñecementos, procedementos e destrezas do alumnado durante o primeiro mes de clase.
- Confrontación das observacións coas realizadas por outros profesores e coa información do titor.
- Realización dunha sesión específica de valoración do alumnado ó final do primeiro mes de curso.
- Medidas individuais ou colectivas a adoptar.
- Atención personalizada na aula.
- Establecemento de tarefas extraordinarias con seguimento particular polo docente.

12. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Seguindo o Decreto 229/2011, de 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, como profesores debemos ser conscientes da diversidade do noso alumnado.

A programación debe ter en conta que non todo o alumnado adquire ó mesmo tempo e coa mesma intensidade os contidos tratados. Por iso, debe deseñarse de modo que asegure un nivel mínimo para todas/os ó final do curso, dando oportunidades para recuperar os coñecementos non adquiridos no seu momento.

Haberá actividades que vaian dirixidas a cada alumna/o individualmente e outras que se dirixan ó alumnado agrupado en pequenos grupos; estas últimas xogan un papel esencial na aprendizaxe paralela de actitudes e valores. En todo caso, teremos previstas actividades de reforzo e ampliación. As primeiras estarán pensadas para aqueles estudantes que presenten algunha limitación na súa capacidade de aprender ou algún atranco en determinados contidos tratados na materia. As medidas de

ampliación estarán destinadas para aqueles outros que presentan altas capacidades.

En definitiva, o docente debe axustar a súa labor pedagóxica ás diferentes necesidades a través de:

- **Metodoloxías diversas**, que se poden introducir nas formas de enfocar ou presentar determinados contidos ou actividades (como consecuencia dos distintos Graos de coñecementos previos detectados no alumnado ante a existencia de diferentes Graos de autonomía) ou pola identificación de dificultades en procesos anteriores.

- **Propostas de actividades diferenciadas**, adaptadas ás necesidades e ás motivacións do alumnado.

De manifestarse algunha dificultade para traballar determinados contidos, debe axustarse o Grao de complexidade da actividade e os requirimentos da tarefa ás súas posibilidades. Prepararanse contidos complementarios ou de ampliación para aquelas alumnas/os que sexan capaces de avanzar con máis rapidez.

- **Materiais didácticos non homoxéneos**. Os materiais deben ofrecer una ampla gama de actividades didácticas que respondan ós distintos graos de aprendizaxe.

- **Agrupamentos flexibles e ritmos distintos**. A organización en grupos de traballo flexibles no seo do grupo básico permite que o alumnado poida situarse en diferentes tarefas, propor actividades de reforzo e adaptar o ritmo de introdución de novos contidos.

13. TRATAMENTO DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO.

Os contidos da materia están relacionados de forma directa con outras materias pertencentes a etapa, e que polo tanto, deben abordarse de forma conxunta poñendo

en práctica as relacións que existen entre elas, estes contidos interdisciplinares iranse desenvolvendo ó longo das distintas unidades. Desta maneira o alumno descobre as aplicacións da Economía da Empresa en campos concretos especialmente na práctica, contribuíndo así a incrementar a súa motivación na aprendizaxe. Por exemplo traballarase as Matemáticas mediante o cálculo de custos e dos métodos de selección de investimentos, tamén está relacionada con Historia cando falamos dos distintos sistemas económicos e das visións do empresario ó longo da historia.

Ademais tamén trataremos outros aspectos como:

Educación para o consumo:

Advertindo ó alumnado dos perigos dun consumo compulsivo, dunha publicidade enganosa e falando dos dereitos dos consumidores. Tratamento estatístico da información relativa ós intereses do consumidor: consumo, evolución de prezos e mercados, inflación, situacións económicas de empresas.

Educación para a saúde:

Mediante o estudo da seguridade e hixiene laboral, vendo casos concretos de medidas de seguridade na empresa.

Educación moral e cívica:

Mediante a realización de debates e traballos en grupo e tamén destacando a responsabilidade social da empresa, destacando a relación da empresa cos traballadores e co seu entorno.

Educación para a paz:

Mediante o traballo con textos sobre situacións de explotación infantil, malas prácticas por parte dalgunhas empresas.

Educación para a igualdade de oportunidades:

Destacando a labor de mulleres de grande importancia no mundo empresarial, ademais fomentarse unha actitude de igualdade na aula coa creación de grupos homoxéneos.

Educación ambiental:

Mediante a análise do impacto ambiental da empresa e utilizando na aula material reciclado.

14. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

Están previstas as seguintes actividades:

- Lectura de noticias económicas e referidas a empresas, con especial atención ás empresas galegas.
- Consulta en internet de páxinas económicas así como seguimento dos mercados da Bolsa.
- Charlas sobre emprendemento e cooperativismo.

15. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN, MODIFICACIÓN DE PROGRAMACIÓN DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

Ó longo do curso levarase a cabo o seguimento e avaliación da programación didáctica, co obxectivo de comprobar a adecuación da realidade diaria da aula coas liñas de actuación marcadas na programación.

A avaliación da programación didáctica terá un carácter continuo e formativo, e atenderá, entre outros, ós seguintes aspectos:

- a) A adecuación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación ás características e necesidades dos alumnos.
- b) Os aprendizaxes logrados polo alumnado.
- c) As medidas de individualización da ensinanza con especial atención ás medidas de apoio e reforzo empregadas.
- d) A programación e o seu desenvolvemento e, en particular, as estratexias de ensinanza, os procedementos de avaliación do alumnado, a organización da aula e o aproveitamento dos recursos do centro.
- e) A relación co alumnado, así como o clima de convivencia.
- f) A coordinación co resto de profesores de cada grupo, e no seo do

departamento de Economía.

g) As relacións co titor/a e, no seu caso, coas familias.

Para valorar o axuste entre o deseño da programación didáctica e os resultados obtidos empregaranse tres mecanismos:

- Reunións periódicas e seguimento continuo por parte do Departamento. Indagarase acerca do Grao de cumprimento da programación, dos posibles cambios que se produciron e das súas causas, as expectativas de cumprimento da programación ata o final do curso, etc., de modo que se poida axustar respecto ós resultados que se vaian vendo no alumnado.

- Observación dos resultados de cada avaliación, analizando en que medida se están acadando os obxectivos inicialmente propostos.

- Memoria final de curso na que se valorará o Grao de eficacia da propia programación e se determinarán os aspectos que se consideran positivos e negativos así como as propostas de mellora.

16. CONTRIBUCIÓN Ó PROXECTO LECTOR, Ó PLAN TIC E Ó PLAN DE CONVIVENCIA DO CENTRO.

PROXECTO LECTOR

A lectura axuda a desenvolver persoas con máis recursos, máis reflexivas, máis razoables e con maior espírito crítico; persoas capaces de entender o mundo actual e de adaptarse ós cambios que están por chegar. Tódolos días o alumnado ten que enfrontarse a textos, con diferentes graos de dificultade e con vocabulario económico, que necesitan comprender para poder asimilar os conceptos neles expostos e finalmente acadar os obxectivos das materias.

A lectura practícase de forma cotiá na aula, partindo do propio libro de texto ou dos apuntes que a docente elabora. Tamén traballamos con artigos de prensa diaria, revistas económicas, textos legais, páxinas web ou blogs, realizando explicacións e

comentarios sobre a actualidade económica. O obxectivo é mellorar os hábitos de lectura e que as alumnas/os lean correctamente, comprendendo o significado dos textos.

Na biblioteca do centro atópanse diferentes libros sobre economía polo que dende o departamento animaremos ó alumnado á lectura dos mesmos.

PLAN TIC

A aplicación das Tics como recurso didáctico convértese nunha peza clave na educación e formación das novas xeracións.

Dende a materia de Economía contribuírase ó Plan de integración das Tics. Entre as actividades a levar a cabo pódense citar:

- Presentacións das unidades didácticas a través de programas como “Power Point”.

- Proxección de vídeos e curtas de películas.

- Bosquexo de información en páxinas webs recomendadas, entre outras:

- www.ige.eu (Instituto Galego de Estatística)

- www.sepe.es (Servizo Público de Emprego)

- www.bde.es (Banco de España)

- www.seg-social.es (Ministerio de traballo e asuntos sociais)

- www.aeat.es (Axencia Tributaria)

- www.camaras.org (Cámaras de Comercio)

PLAN DE CONVIVENCIA

A través da materia e tendo en conta o plan de convivencia do centro intentarase:

- Contribuír ó labor de concienciación sobre a importancia dunha axeitada convivencia escolar que permita unha mellor relación ensinanza-aprendizaxe.
- Fomentar o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade e os valores inherentes ó principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera

condición ou circunstancia persoal ou social.

- Detectar o antes posible conflitos que poidan xurdir nas aulas para resolvelos de maneira pacífica.
- Promover a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto ós dereitos humanos, o respecto ós homes e mulleres por igual, ás persoas con discapacidade e ó rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ó Estado de dereito, o respecto e consideración ás vítimas do terrorismo e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Establecer normas de funcionamento e organización das clases da materia, da aula multimedia, da aula de informática ou de calquera espazo que se utilice para impartir a materia.
- Motivar ao alumnado para que comece a interiorización da cultura do diálogo e a mediación.
- Fomentar o respecto entre todos os membros da comunidade e a integración de tódalas/os alumnas/os no centro.
- Fomentar a realización de actividades que potencien o respecto á diversidade.
- Promover a prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia.

ANEXO I. Indicadores de logro.

Cualifica do 1 ó 3 os seguintes apartados: 1- Total desacordo 2- Termo medio 3- Totalmente de acordo

Indicadores de logro do proceso de ensino	1	2	3
As clases están ben preparadas.			
Enténdense con claridade as explicacións.			
Como normal xeral, fanse explicacións para todo o alumnado.			
Resólvense as dúbidas tanto de forma xeral como a nivel individual.			
Durante as explicacións relaciónanse os coñecementos anteriores cos novos.			
Empréganse exemplos coñecidos e relaciónanse as explicacións con casos reais.			
Repítense as ideas clave e incídese nos conceptos relevantes.			
As explicacións son interesantes e espertan o meu interese pola Economía.			
Realízanse actividades que permiten aplicar os contidos á práctica.			
As actividades realizadas son acordes ó nivel do curso.			
Propóñense actividades dinámicas que fomentan o traballo en equipo.			
As actividades propostas axudan a desenvolver a miña curiosidade intelectual.			
Facilítase material de apoio e reforzo para axudar á comprensión da materia.			
As probas de avaliación adáptanse ós contidos vistos na aula.			
Ofréceselle ó alumnado de forma rápida os resultados dos traballos/probas, etc.			
Analízanse e coméntase co alumnado os resultados da corrección dos traballos e probas.			
Incorpóranse as TIC ós procesos de ensino.			
Dende a materia de Economía contribúese ó desenvolvemento de valores (respecto, compañeirismo, solidariedade, igualdade, etc.).			
Valórase o traballo observado na aula.			
Existe bo ambiente na clase			
Conséguese a participación activa de todo o alumnado nas sesións.			

Avaliación do proceso de ensino.

Indicadores de logro do proceso de ensino	1	2	3
O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.			
Consegiuse motivar e despertar a curiosidade intelectual do alumnado.			
Consegiuse a participación activa de todo o alumnado.			
Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ó alumnado con NEAEs.			
Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.			
Usáronse distintos instrumentos de avaliación.			
Empregáronse recursos didácticos adecuados para a materia.			
Consegiuse unha elevada presenza das TIC no desenvolvemento da materia.			
Valorouse de forma adecuada o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.			
A temporalización e secuenciación das unidades didácticas foi axeitada.			
O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e á temporalización previstas.			
A adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades foi correcta.			
Asignóuselle a cada estándar o peso correspondente na cualificación.			
Vinculouse cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.			
A secuencia do traballo na aula foi adecuada.			
A avaliación inicial permitiu coñecer o nivel e Grao real de coñecementos previos do alumnado.			
As probas escritas foron adecuadas e tiveron en conta o valor de cada estándar.			
Os materiais de apoio e reforzo resultaron de axuda para o alumnado.			
Dende a materia contribuímos o plan de lectura do centro.			
Consegiuse o traballo de valores e elementos transversais.			
Logrouse manter un ambiente de respecto e compañeirismo na aula.			

ANEXO II. Reflexión e a avaliación da práctica docente.

Ofrécense unha serie de instrumentos de axuda para reflexionar sobre catro aspectos fundamentais na práctica docente:

1. Planificación.
2. Motivación do alumnado.
3. Desenvolvemento do ensino.
4. Seguimento e avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe.

1. PLANIFICACIÓN.

INDICADORES	VALORACIÓN (de 0 a 5)	PROPOSTAS DE MELLORA
1. Programa a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe previstos nas leis educativas.		
2. Programa a materia tendo en conta o tempo dispoñible para o seu desenvolvemento.		
3. Selecciona e secuencia de forma progresiva os contidos da programación de aula tendo en conta as particularidades de cada un dos grupos de estudantes.		
4. Programa actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe.		
5. Planifica as clases de modo flexible, preparando actividades e recursos axustados á programación de aula e ás necesidades e aos intereses do alumnado.		
6. Establece os criterios, procedementos e os instrumentos de avaliación e autoavaliación que permiten facer o seguimento do progreso de aprendizaxe dos seus alumnos e alumnas.		
7. Coordínase co profesorado doutros departamentos que poidan ter contidos afíns á súa materia.		

2. MOTIVACIÓN DO ALUMNADO.

INDICADORES	VALORACIÓN (de 0 a 5)	PROPOSTAS DE MELLORA
1. Proporciona un plan de traballo ao principio de cada unidade.		
2. Formula situacións que introduzan a unidade (lecturas, debates, diálogos,...).		
3. Relaciona as aprendizaxes con aplicacións reais ou coa súa funcionalidade.		
4. Informa sobre os progresos conseguidos e as dificultades atopadas.		
5. Relaciona os contidos e as actividades cos intereses do alumnado.		
6. Estimula a participación activa dos estudantes en clase.		
7. Promove a reflexión dos temas tratados.		

3. DESENVOLVEMENTO DO ENSINO.

INDICADORES	VALORACIÓN (de 0 a 5)	PROPOSTAS DE MELLORA
1. Resume as ideas fundamentais discutidas antes de pasar a unha nova unidade ou tema con mapas conceptuais, esquemas, etc.		
2. Cando introduce conceptos novos, relaciónaos, se é posible, cos xa coñecidos: intercala preguntas aclaratorias, pon exemplos, etc.		
3. Ten predisposición para aclarar dúbidas e ofrecer asesorías dentro e fóra das clases.		
4. Optimiza o tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada unidade didáctica.		
5. Utiliza axuda audiovisual ou doutro tipo para apoiar os contidos na aula.		
6. Promove o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluída cos estudantes.		
7. Desenvolve os contidos dunha forma ordenada e comprensible para os alumnos e as alumnas.		
8. Formula actividades que permitan a adquisición dos estándares de aprendizaxe e as destrezas propias da etapa educativa.		
9. Formula actividades en grupo e individuais.		

4. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE.

INDICADORES	VALORACIÓN (de 0 a 5)	PROPOSTAS DE MELLORA
1. Realiza a avaliación inicial ao principio de curso para axustar a programación ó nivel dos estudantes.		
2. Detecta os coñecementos previos de cada unidade didáctica.		
3. Revisa, con frecuencia, os traballos propostos na aula e fóra dela.		
4. Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas e como pode melloralas.		
5. Corrixe e explica de forma habitual os traballos e as actividades dos alumnos e as alumnas, e dá pautas para a mellora das súas aprendizaxes.		
6. Utiliza suficientes criterios de avaliación que atendan de maneira equilibrada a avaliación dos diferentes contidos.		
7. Favorece os procesos de autoavaliación e avaliación.		
8. Propón novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non foron alcanzados suficientemente.		
9. Propón novas actividades de maior nivel cando os obxectivos foron alcanzados con suficiencia.		
10. Utiliza diferentes técnicas de avaliación en función dos contidos, o nivel dos estudantes, etc.		
11. Emprega diferentes medios para informar dos resultados aos estudantes e aos pais.		

ANEXO III. Rúbricas

RÚBRICA PARA AVALIAR A REDACCIÓN E A PRESENTACIÓN DE TRABALLOS ESCRITOS

	EXCELENTE		MOI AVANZADO		SATISFACTORIO		BÁSICO		ESCASO	
REDACCIÓN	O traballo está ben estruturado e cumpre na súa totalidade coa estrutura de introdución, desenvolvemento e conclusión.	1,5	O traballo atópase ben estruturado nun 80 % e cumpre na súa totalidade coa estrutura de introdución, desenvolvemento e conclusión.	1,2	O traballo atópase ben estruturado nun 50 % e cumpre na súa totalidade coa estrutura de introdución, desenvolvemento e conclusión.	0,9	O traballo atópase ben estruturado nun 50 % pero non cumpre coa estrutura de introdución, desenvolvemento e conclusión.	0,7	O traballo non está estruturado non ten introdución, desenvolvemento e conclusión.	0,3
ORTOGRAFÍA	O texto non presenta erros ortográficos (puntuación, acentuación e gramática).	1,5	O texto ten menos de 3 erros ortográficos (puntuación, acentuación e gramática).	1,2	O texto ten entre 4 y 6 erros ortográficos (puntuación, acentuación e gramática).	0,9	O texto ten entre 6 y 10 erros ortográficos (puntuación, acentuación e gramática).	0,7	O texto ten máis de 10 erros ortográficos (puntuación, acentuación e gramática).	0,3
EXTENSIÓN	O exercicio escrito adáptase á extensión esixida (2, 3 o 4 páxinas).	1,5	O exercicio escrito presenta media páxina máis da extensión esixida.	1,2	O exercicio escrito presenta unha páxina máis da extensión esixida.	0,9	O exercicio escrito presenta dúas páxinas máis da extensión esixida.	0,7	O exercicio escrito presenta máis de dúas páxinas da extensión esixida.	0,3
CONTIDO	Abordase o contido pedido.	1,5	Nalgúns parágrafos non se aborda nada do contido pedido.	1,2	Un 60 % do texto non ten relación co contido pedido.	0,9	Algúns parágrafos fan alusión ao tema pedido.	0,7	Solo mencionase o tema pedido, pero non se aborda.	0,3
ARGUMENTACIÓN DE IDEAS	Presenta ideas ben argumentadas e sen erros.	1,5	Presenta ideas ben argumentadas pero con algún erro.	1,2	Presenta ideas que argumenta con debilidade.	0,9	Presenta ideas sen argumentar.	0,7	No presenta ideas e as que presenta non están argumentadas.	0,3
PRESENTACIÓN E LIMPEZA	O traballo está presentado con pulcritude e limpeza.	1,5	O traballo está presentado con pulcritude pero ten unha riscadura.	1,2	O traballo está presentado con pulcritude pero ten dúas ou tres riscaduras.	0,9	O traballo ten dobreces e máis de tres riscaduras.	0,7	O traballo presenta un gran número de dobreces e riscaduras.	0,3
TEMPO DE ENTREGA	A entrega realizase na data indicada.	1	A entrega realizase cun día de retraso.	0,8	A entrega realizase con dous días de retraso.	0,6	A entrega realizase con tres días de retraso.	0,3	A entrega realizase despois de pasados tres días da data indicada.	0,2

RÚBRICA PARA AVALIAR A EXPOSICIÓN ORAL DE TRABALLOS.

	EXCELENTE		MOI AVANZADO		SATISFACTORIO		BÁSICO		ESCASO	
PRESENTACIÓN	o estudante presentase de xeito formal e da a coñecer o tema da presentación e o obxectivo que pretende.	1	O estudante presentase de xeito rápido e da a coñecer o tema da presentación e o obxectivo que pretende.	0,8	O estudante presentase de xeito rápido e comeza a súa exposición sen mencionar o tema que trata.	0,55	O estudante non di o seu nome e menciona o tema de xeito moi xeral.	0,25	O estudante comeza a súa exposición sen facer unha presentación inicial.	0,2
EXPRESIÓN ORAL	Utiliza un vocabulario adecuado e a exposición é coherente.	1,5	O vocabulario é adecuado e a exposición é clara.	1,2	Fáltalle vocabulario e ten algún problema para expresar correctamente as súas ideas.	0,7	Manexa un vocabulario moi básico e ten problemas para transmitir con claridade as súas ideas.	0,5	Vocabulario moi básico, non logra transmitir con claridade as ideas.	0,3
VOLUME DE VOZ	O volume de voz é adecuado, suficientemente alto como para ser escoitado dende todas as partes da aula, sen ter que gritar.	1	O volume de voz é adecuado e alto para ser escoitado por todos, aínda que a veces, cando dubida, baixa o volume.	0,8	Non é escoitado por toda a aula cando fala en voz alta, excepto se se sinte moi seguro e aumenta o seu volume de voz por uns segundos.	0,55	O seu volume de voz é medio e ten dificultades para ser escoitado por todos na aula.	0,25	O seu volume de voz é moi baixo coma para ser escoitado por todos na aula.	0,2
EXPRESIVIDADE	As súas expresións faciais e a súa linguaxe corporal xeran un forte interese e entusiasmo sobre o tema nos outros.	1,5	As súas expresións faciais e linguaxe corporal xeran en moitas ocasións interese e entusiasmo, aínda que algunhas veces, perdese e non presenta toda a información.	1,2	Expresións faciais e linguaxe corporal que xeran nalgúns ocasións interese e entusiasmo, aínda que moitas veces perdese e non presenta toda a información.	0,7	As súas expresións faciais e linguaxe corporal mostran unha actitude pasiva e non xeran moito interese, pero as veces, cando fala de algo que lle gusta moito, é capaz de mostrar algo de entusiasmo.	0,5	Moi pouco uso de expresións faciais ou linguaxe corporal. No xera interese na forma de falar.	0,3
INCLUSIÓN DOS ASPECTOS RELEVANTES	Expón claramente o traballo e aporta referencias os coñecementos traballados.	1,5	Expón claramente o traballo, pero non relaciona toda a exposición cos coñecementos traballados.	1,2	Expón claramente o traballo, pero non o relaciona cos coñecementos traballados.	0,7	Ten dificultade para expoñer o traballo porque non entende os coñecementos traballados.	0,5	Non expón o traballo nin coñece os conceptos traballados necesarios para a súa realización.	0,3
EXPLICACIÓN DO PLAN DE TRABAJO	Explica cada paso con detalle, con lóxica e cronoloxicamente na orde en que o realizou.	1	Explica todos os pasos claramente, pero se lía un pouco ca orde.	0,8	Explica todos os pasos claramente, pero se lía na orde y foi necesario reorganizalo a través de preguntas.	0,55	Presenta dificultade á hora de diferenciar os pasos dados e precisa axuda para explicalos con claridade.	0,25	Non identifica os pasos dados nin é capaz de reconducilo discurso de forma guiada.	0,2
RECURSOS DIDÁCTICOS	A exposición acompañase con soportes audiovisuais atractivos e de moita calidade.	1,5	Soporte visual axeitado e interesante.	1,2	Soporte visual axeitado.	0,7	Soporte visual non axeitado.	0,5	Sen soporte visual.	0,3
TEMPO	O alumno utilizou o tempo axeitado e pechou correctamente a súa presentación.	1	O alumno utilizou un tempo axustado ó previsto, pero con un final precipitado ou excesivamente largo por falta de control de tempo.	0,8	Utilizou o tempo axeitado, pero faltoulle pechar a súa presentación; ou non o utilizou ben , pero engade todos os puntos da súa presentación.	0,55	Excesivamente longo, ou insuficiente para poder desenvolver o tema correctamente.	0,25	O alumno esqueceu por completo o tempo que tiña e saíuse do tema.	0,2

RÚBRICA PARA AVALIAR UN DEBATE.

	EXCELENTE		MOI AVANZADO		SATISFACTORIO		BÁSICO		ESCASO	
DEFENSA DA SÚA POSTURA	Mantén a defensa da súa postura ao longo de todo o debate.	1,25	Mantén a defensa da súa postura nun 80% do tempo de debate.	1	Mantén la defensa da súa postura nun 60% do tempo de debate.	0,75	Mantén a defensa da súa postura menos do 60% do tempo de debate.	0,5	Non mantén a defensa da súa postura durante o debate.	0,25
CAPACIDADE DE ESCOITAR AOS COMPAÑEIROS/AS	Escoita aos seus compañeiros e compañeiras atentamente e analiza os seus argumentos.	1,25	Escoita aos seus compañeiros e compañeiras e analiza os seus argumentos.	1	Escoita aos seus compañeiros e compañeiras, pero distraese en ocasións e non analiza os seus argumentos.	0,75	Escoita aos seus compañeiros e compañeiras, pero distraese a metade do tempo e non analiza os seus argumentos.	0,5	Non escoita aos seus compañeiros e compañeiras nin analiza os seus argumentos.	0,25
RESPECTO DO USO DA PALABRA E DAS IDEAS DOS DEMAIS	Sempre espera a súa vez para falar e o solicita con respecto e orde. Respecta sempre as opinións dos demais.	1,25	Sempre espera a súa vez para falar e o solicita con respecto pero non con orde. Respecta as opinións dos demais.	1	En máis de tres ocasións non espera a súa vez para falar, e cando a solicita, faino con respecto pero non con orde. Respecta as opinións dos demais.	0,75	En máis de tres ocasións non espera a súa vez para falar, e cando a solicita,, non o fai con respecto nin con orde. Non respecta as opinións dos demais.	0,5	Sempre interrompe para falar e non respecta as opinións dos demais.	0,25
VOCABULARIO	Utiliza un vocabulario axeitado e a exposición é coherente coas ideas formuladas.	1,25	O vocabulario é axeitado e a exposición é clara na presentación das ideas formuladas.	1	Fáltalle vocabulario e ten algún problema para expresar correctamente as súas ideas.	0,75	Ten un vocabulario moi básico e problemas para transmitir con claridade as súas ideas.	0,5	Ten un vocabulario moi básico e non logra transmitir con claridade as súas ideas.	0,25
ARGUMENTACIÓN	Todas as ideas expostas están ben argumentadas.	1,25	Unha das ideas non está ben argumentada.	1	Dúas das ideas non están ben argumentadas.	0,75	Máis de tres ideas no están ben argumentadas.	0,5	Ningunha idea está ben argumentada.	0,25
DOMINIO DO TEMA	Mostra un coñecemento profundo e un dominio total do tema.	1,25	Mostra coñecemento e dominio do tema.	1	O coñecemento e o dominio do tema é regular.	0,75	O coñecemento e o dominio do tema é malo.	0,5	Non mostra coñecemento nin dominio do tema.	0,25
REFERENCIAS A AUTORES	Cita máis de tres referencias relevantes durante a súa participación.	1,25	Cita tres referencias relevantes durante a súa participación.	1	Cita dúas referencias durante a súa participación, e soamente unha é relevante.	0,75	Cita solo unha referencia durante a súa participación e non é relevante.	0,5	Non cita referencias durante a súa participación.	0,25
VOLUME DO TONO DE VOZ	O seu volume de voz é axeitado, suficientemente alto como para ser escoitado dende todas as partes da aula, sen ter que gritar.	1,25	O seu volume de voz é axeitado e alto para ser escoitado por todos, aínda que as veces, cando dubida, baixa o volume.	1	No é escoitado por toda a aula cando fala en voz alta, excepto si se sinte moi seguro e aumenta o seu volume de voz por uns segundos.	0,75	O seu volume de voz é medio e ten dificultades para ser escoitado por todos na aula.	0,5	O seu volume de voz é moi baixo para ser escoitado por todos na aula.	0,25